

foz

Vanse renovar tres parques infantís, na rúa Julia Minguillón, en Marzán e en Llas. **Páx. 6**

viveiro

Os orzamentos municipais do 2024 non saen adiante pola falta de apoio. **Páx. 9**

ribadeo

O alcalde fala sobre estes primeiros meses de traballo á fronte do Concello. **Páx. 13**

mondoñedo

O Concello compra dous inmo- bles para as actuacións pen- dentes. **Páx. 14**

a pontenova

Falamos coa oposición ponte- novesa sobre o pasado, presen- te e futuro do concello. **Páx. 17**

Un problema crecente

Estes pequenos plásticos comezaron a chegar ás costas e praias lucenses e o seu tamaño está a dificultar os labores de recollida



Os orzamentos da Xunta en detalle

Os orzamentos de 2024 teñen o obxectivo de impulsar o crecemento da economía. **Páx. 2-3**

A carreira polo trono da Xunta de Galicia

O 18 de febreiro haberá eleccións e a data coincide coa celebración do Entroido. **Páx. 4**

Marchas procesionais



O Concurso de Composición de Viveiro está na recta final. **Páx. 8**

Osa do Mar



O festival de Burela comezou a debullar os artistas que estarán nesta edición. **Páx. 10**

Regreso ao fútbol



Os equipos da provincia proseguen coa Liga despois do descanso de Nadal. **Páx. 29**

Aprobado o Plan Deputación por 21,7 millóns

O novo documento substitúe ao Plan Único para as axudas aos 67 concellos. **Páx. 26**

Dtos. Increíbles

Almayo
muebles

REBAJAS

RIBADEO: Rúa San Francisco, 2-4 Bajo 6 / Tel.: 636 761 883
BARREIROS: Pol. Ind. Cruz do Lobo - Nave 10 / Tels.: 982 585 709 / 652 110 377
BURELA: C/ Curros Enríquez, 12 / Tel.: 660 402 954



A MARIÑA

Os orzamentos da Xunta, en detalle

A comunidade galega é a primeira coas contas en vigor dende o 1 de xaneiro. Estes son os orzamentos da provincia

Galicia convértese na primeira comunidade en aprobar os seus orzamentos para o 2024, que ascenden a 13.257 millóns de euros. "Garanten o crecemento estable; consolidan todas as rebaixas de impostos en vigor e inclúen novos incentivos fiscais; reforzan o gasto social e os investimentos e todo iso sen recorrer ao endebedamento por primeira vez en 16 anos", explican desde a Xunta. Segundo o Goberno, refórzanse os servizos públicos e séntanse as bases do crecemento e do emprego futuros.

SANIDADE

Un ano máis a consellería con maior dotación volveu ser Sanidade, ao recibir 218 millóns de euros máis, un incremento do 4,4 % respecto ao ano 2023, e situarse en 5.191 millóns de euros. Segundo a plataforma SOS Sanidade Pública, "o orzamento sanitario aínda que crece un 4,2% respecto a 2023, como a inflación prevista e do 4,3%, na realidade decrece nun 2,3%".

IMPRESIÓNS. Para as deputadas autonómicas do PP na comarca de Lemos, din que "é un claro exemplo de que a Xunta continúa apostando pola continuidade deste centro sanitario", subliñan. Para a deputada do BNG "as inversións en Sanidade non parecen suficientes xa que as carencias na Atención Primaria ou tamén no Hospital de Monforte merecerían unha especial dotación".

Segundo a plataforma SOS Sanidade Pública, "o orzamento sanitario supón unha renuncia a introducir as melloras que necesita a Sanidade Pública Galega para resolver os graves problemas que a afectan". E no gasto na Atención Primaria din que o "o gasto crecerá soamente en 56 millóns de euros, un 3,5% respecto ao 2023. Pois se descontamos a inflación o gasto descende realmente un 18,6%. O gasto para Atención Primaria queda no 14,2% do total sanitario, moi lonxe do obxectivo do 25% recomendado polas organizacións profesionais e a OMS".

Por outra banda a plataforma SOS di que á formación do persoal tan só se destinan 77 millóns, un 1,5% do total, "absolutamente insuficiente para formar aos traballadores sanitarios que necesitamos".

RURAL. En Galicia hai 7 estruturas de xestión integrada e na provincia de Lugo é a Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos que



Miguel Corgos López-Prado, conselleiro de Facenda e Administración Pública

acolle aos 67 concellos lucenses e case 326.013 habitantes, segundo o INE en 2021. Segundo datos facilitados polo Sergas, a provincia lucense conta con 73 centros de saúde, 11 consultorios e 1 Centro Integral de Saúde (CIS) de Lugo, o número de

comunidade no número proporcional de consultorios locais e pechalos suporía unha traba".

LISTAS DE AGARDA. As listas de espera para a primeira consulta especializada non superan de media os 90 días, e nas listas de espera cirúrxica, a situación é moi similar. Outra cousa son as listas na consulta de Atención Primaria, nas que están arredor dos 7 días e incluso nalgúns centros chegan aos 15 días ou ao mes. Ademais contan con moita disparidade entre os diferentes centros de saúde xa que en algúns faltan profesionais, sobre todo no rural.

Así mesmo, estes datos de lista de espera cirúrxicas non se saben facilmente pois "o Sergas non publica as listas non estruturais, que son as de pacientes que rexeitan ser entrevistados por razóns no atribuíbles ao sistema, é dicir, que no queren ser derivados a outros centros nin a outras áreas por diferentes motivos", din desde a Plataforma.

EDUCACIÓN

A Consellaría de Educación e Cultura manexa a segunda cifra máis alta, por detrás de Sanidade. Porén e como acontece cos orzamentos en materia de saúde pública, os presupostos de Educación medran por debaixo da media xeral, que se sitúa nun 5 %, mentres que a Consellaría que leva esta área crece un 2,8 %, quedándose con 2.976 millóns de euros.

Esta cifra supón unha inversión de máis de 82 millóns se comparamos co ano 2023, período no os fondos dispoñibles en materia educativa subiron un 5,2 %. De feito, no capítulo

de inversións reais mesmo chega a baixar uns 7 millóns sobre o 2023. A dixitalización do sistema educativo, a busca da eficiencia enerxética e potenciar a FP pasan a definir as actuacións da Xunta para este novo ano.

Segundo SOS Sanidade Pública, "o orzamento sanitario aínda que crece un 4,2% respecto a 2023, como a inflación prevista e do 4,3%, na realidade decrece"

MELLORA DOS CENTROS. Os orzamentos destinados ás actuacións de mellora nos centros educativos superan os 56 millóns de euros. Neste grupo inclúese a adquisición de equipamento e mobiliario, as obras para mellorar e integrar as enerxías renovables, así como as obras de rehabilitación e ampliación dos CIFP e dos IES nos que se invisten máis de 32 millóns. Na provincia, contéplanse 2.080.000 millóns de euros para a rehabilitación integral do IES Lucus Augusti e outros 406.400 euros para a rehabilitación integral da Escola de Arte Ramón Falcón.

Dende a oposición valoran como un despropósito as novas contas. "Cada ano merma o aumento do orzamento por debaixo do que sube a inflación ou o IPC e vaise acumulando esa diferenza. De feito, temos calculado sobre 644 millóns soamente na parte do ensino público con respecto aos últimos 14 anos", explica a depu-

tada do BNG, Cristina Fernández Davila. Neste senso, o portavoz do Grupo Socialista, Luís Álvarez, criticou que o presidente da Xunta estea a anunciar "melloras que non se reflicten nos Orzamentos da Xunta para 2024 e que van ser inexistentes". Álvarez asegurou que coa entrada en vigor dos presupostos "a cidadanía seguirá agardando días por unha cita en Atención Primaria, continuará habendo déficit de profesores e de persoal nos centros educativos".

TRANSPORTE ESCOLAR. Diríxense máis de dous millóns de euros para o transporte escolar e os comedores sociais, incrementando así en 405.076 euros os fondos destinados ás ANPAS e aos concellos para sufragar estes servizos. Esta cantidade complétase coas partidas da Consellería de Mobilidade ata os 123,1 millóns de euros. Así, o BNG insta ao Goberno da Xunta a revisar a ordenación das rutas de transporte escolar e as súas paradas, que ocasiona problemáticas para as familias e o estudantado. Así acontece na parroquia de Torés nas Nogais, que teñen adscrito o IES de Becerreá, pero que para dirixirse ao centro deben percorrer os 14 quilómetros ata As Nogais por unha estrada de montaña e logo facer transbordo para percorrer os 8 quilómetros que os separan de Becerreá.

PROFESORADO. Nos orzamentos inclúese o acordo de mellora da educación, firmado por CCOO, ANPE e UGT, e polo que se reducen os ratios de alumnos e se suben os sexenios do persoal docente, entre outras medidas. Así que as prazas de profesorado continúan a ser unha das cuestións polémicas nestas novas contas e que denuncian tanto as formacións políticas como os sindicatos. Tal e como figuran nos presupostos, Galicia contará con 30.424 profesores no ano 2024, cifra que se mantén con respecto ao exercicio anterior e que cae en 866 prazas se se compara coas contas do 2022. Por iso, dende a CIG-Ensino denuncian que "a oferta pública de emprego anunciada no último Consello de goberno da Xunta" non vai "ter ningún efecto nos fondos destinados á contratación de persoal docente".

Aínda que a natalidade cae e o persoal docente se mantén, dende CCOO tamén sinalan unha falta de prazas. "A OPE anterior foi de estabilización, a xente que estaba traballando como substitutos e interinos pasaban a ser funcionarios

de carreira, non variaba o número. Este ano botamos en falta as prazas de reposición do 022 que non foron na convocatoria pasada”, explica Luz López, secretaria xeral da Federación de Ensino de CCOO de Galicia.

BENESTAR

Con respecto ao ámbito do benestar social, representado pola Consellería de Política Social, este ten o maior aumento porcentual nos orzamentos, xa que sobe un 11,9%, alcanzando os 1.205 millóns de euros.

DEPENDENTES E MAIORES. Nos orzamentos que se inclúen no ámbito de Política Social, contémpanse 540 millóns de euros para a atención a maiores e a mellora dos servizos sociais sociocomunitarios. Na actualidade, hai máis de 73.000 persoas dependentes que precisan de recursos de atención diúrna ou atención residencial. Por outra parte, a ampliación de capital en Política Social inclúe 97 millóns de euros destinados á nova prestación de 5.000 euros anuais, o Bono Coidado no Fogar.

Así mesmo, para aquelas que precisen de atención as 24 horas do día, créase un complemento, o Bono Residencia, ao que se destinarán 55 millóns de euros. Por outro lado, os orzamentos tamén reforzan o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), dotando con 130 millóns de euros aos concellos para aumentar o número de horas a disposición aos gobernos municipais e cumprir os acordos asinados coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).

Nesta liña, tamén se contemplan 4,7 millóns de euros para estender a rede de casas do maior para chegar a máis concellos do rural e garantir o funcionamento das 125 que están en marcha nestes momentos, así como os 18,5 millóns de euros do Plan de investimentos da Xunta para as novas residencias e centros de día de titularidade municipal. Tamén se dedicarán 12 millóns de euros para executar obras de mellora para adaptar as residencias públicas autonómicas ao novo modelo de coidados.

Ademais, faise unha provisión de 800.000 euros para o programa de Respirio Familiar, a través e vólvense destinar 3 millóns de euros para ofrecer un apoio de 12.000 euros ao

ano a todas as persoas diagnosticadas con Esclerose Lateral Amiotrófica (ELA) en Galicia.

DISCAPACIDADE, XUVENTUDE E INCLUSIÓN SOCIAL. Os orzamentos da Xunta contemplan 172 millóns de euros para a atención á discapacidade, que supoñen un 4% máis que no exercicio vixente.

Tamén aumentarán nun 50% as axudas para o tecido asociativo, que no presente ano ascenden a 9 millóns de euros só no sector da discapacidade, e resérvanse outros 7 millóns para ampliar a rede galega de atención temperá.

No ámbito da xuventude, dedícanse preto de 2 millóns ás iniciativas ‘Xuventude Mentoring’ e ‘Xuventude Mentoring na Empresa’. Ademais, aumentan ata os 800.000 euros, as axudas para sacar o carné de conducir. Por outro lado, 4 millóns de euros destinaranse para os programas ‘Primavera Xove’, ‘Outono Xove’ ou as propostas que se desenvolven nos 12 Espazos Xoves da Xunta.

Con respecto ás partidas de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, estas soben ata sumar 242

Para o PSOE as grandes infraestruturas están “empantanadas” e a Xunta “segue sen artellar un plan industrial para a provincia, nin para Galicia

millóns de euros e increméntase o orzamento destinado a financiar a gratuidade en todas as escolas infantís. Ademais, destínanse 3 millóns de euros para as ampliacións da rede de casas niño.

Outros 31,4 millóns de euros serán para apostar pola Tarxeta Benvinda como apoio económico para as familias que teñan un fillo, e atenderanse a todas as solicitudes do Bono Concilia Familia. No ámbito da protección de menores, o orzamento incrementa os fondos ata os 6,5 millóns de euros para o acollemento familiar, e en



Hospital Público da Mariña localizado en Burela

60 millóns de euros para os servizos de protección á infancia.

Por último, con respecto á área de Inclusión Social, dedícanse 153 millóns de euros. Ademais, a Xunta mantén o orzamento da Renda de inclusión social de Galicia (Risga) nos 46 millóns de euros para atender a todas as persoas que a soliciten e non poidan transitar ao Ingreso Mínimo Vital (IMV). Por outra lado, inclúen 5 millóns de euros para as Axudas de Inclusión Social (AIS), que benefician a 3.000 persoas en situación de vulnerabilidade, e outros 8 millóns para aboar o complemento autonómico ás pensións non contributivas a máis de 37.000 galegos.

INFRAESTRUTURAS

As contas recollen unha previsión de investimento que se achega aos 600 millóns de euros, 14 máis que o ano pasado. Polo tanto, a Axencia Galega de Infraestruturas volverá ser o departamento con maior orzamento, a Dirección Xeral de Mobilidade incrementa o seu presuposto ata os preto de 164 millóns, e Augas de Galicia, pola súa banda, contará cun orzamento de 140 millóns de euros, que permitirán seguir coa colaboración técnica e financeira cos concellos para reforzar os sistemas de saneamento e depuración.

TRANSPORTE GRATIS. Nas contas verase reflectido unha medida nova: a gratuidade do transporte

público da Xunta para os maiores de 65 anos. Tamén se manterá a gratuidade para menores de 21 anos. A aposta polo transporte público tamén se verá reflectida na mellora dos equipamentos e servizos. Destaca aquí o investimento para as intermodais, como os 5,8 millóns para a de Lugo.

Aínda que hai satisfacción xeral por esta infraestrutura, non faltan as voces que din que “é necesario que xunto ao investimento previsto se avance tamén na modernización das vías”, como insistiu o nacionalista lucense Rubén Arroxó. “Vemos positivo que por fin se active a construción da intermodal, pero seguimos reclamando investimentos importantes para mellorar os servizos ferroviarios que Lugo necesita, tanto para o transporte de pasaxeiros como de mercadorías”, insistiu.

VÍAS DE ALTAS PRESTACIÓNS. Tamén se reserva unha partida de 40 millóns para as vías de altas prestacións e acondicionar estradas. Destaca o investimento de 4 millóns para a VAP da Costa Norte ou para a segunda fase de conversión da VAP Nadela-Sarria. Os orzamentos sinalan que se continuará coa execución de variantes de estradas ao seu paso por núcleos de poboación como é a Rolda Leste de Lugo. A partida para esta rolda está en unha situación complexa pola falta de acordo dos partidos que consideran o trazado unha agresión a esta zona natural. Esta infraestrutura está a ser unha moeda de intercambio mentres

os cartos quedan parados. Tamén avanza na mellora de estradas autonómicas, como a LU-540.

XESTIÓN DA AUGA. En canto aos investimentos previstos por Augas de Galicia, estes irán orientados a coidar e preservar este ben vital. Para o apoio aos concellos nas súas competencias de depuración e saneamento, resérvanse 85 millóns de euros. A estar mellor preparados fronte á seca e ter garantidas reservas de auga destinaranse 23 millóns, con actuacións para mellorar abastecementos municipais e medidas encamiñadas a aumentar as garantías de existencia de recursos para cubrir o abastecemento reservando os caudais ecolóxicos. Como nova medida, recóllese a creación da Escola da Auga, cun plan de formación para o persoal técnico dos concellos, das empresas xestoras, usuarios etc. Para o PSOE as grandes infraestruturas están “empantanadas” e que a Xunta “segue sen artellar un plan industrial para a provincia, nin para Galicia, unha medida que levan moito tempo reclamando os socialistas. Para os partidos na oposición, os orzamentos, en materia de infraestruturas esquecéronse de obras de importancia para a provincia, como a nova EDAR para Barreiros, a construción dos polígonos industriais que demandan Muras, O Valadouro, Riotorto e a terceira fase do parque empresarial de Barreiros que xa está ocupado ao 100%.

Unidos para que el mundo sea maravilloso

La transición energética es uno de los mayores desafíos de todos los tiempos y nosotros estamos comprometidos con ella. Elegimos proteger este mundo maravilloso y producir energía 100% verde para 2030.

¿Qué eliges tú?



A carreira polo trono da Xunta

Os tres candidatos preparan as listas e ultiman o programa de cara ás eleccións autonómicas, que se celebran o 18 de febreiro



O 18 de febreiro haberá eleccións en Galicia. Serán as primeiras desde 2009 nas que o candidato do PP non será Alberto Núñez Feijóo. A data coincide coa celebración do Entroido, unha das festas máis destacadas en Galicia, en especial nalgunhas zonas como Ourense.

PP

Alfonso Rueda, nado en Pontevedra, é avogado e exerce o papel de actual presidente da Xunta de Galicia dende o 12 de maio de 2022, cando o seu predecesor Núñez Feijóo foi investido presidente do Partido Popular a nivel estatal. Rueda iniciouse na política nas Novas Xeracións de Pontevedra e foi xefe de gabinete do conselleiro Xesús Palmou, e director xeral da Administración Local da Xunta de Galicia durante cinco anos. Foi secretario xeral do PPdeG, desde o ano 2006 ata maio de 2016, e dende a elección de Feijóo como presidente autonómico, encargouse da Secretaría Xeral en Galicia. Tamén foi conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e vicepresidente da Xunta

de Galicia ata o 2022. Tras anunciar a convocatoria de eleccións para a Administración Autonómica, Rueda asegurou que seguirá apostando por traballar e así manter a comunidade como “a illa de estabilidade” que é na actualidade.

O actual presidente fai un chamamento a protexer Galicia porque “o futuro da nosa comunidade se decide aquí, sen mediadores, nin hipotecas e sen ningunha outra obediencia que non sexa aos galegos”. “Sigamos a favor de todo aquilo que a xente nos pide que defendamos: máis oportunidades para a mocidade, máis apoios para os maiores e as familias e continuar defendendo proxectos empresariais que xeren emprego”, explicou ao tempo que aseguraba que “se todos os partidos aproveitamos estes días para confrontar as nosas diferentes visións de Galicia en positivo, estariamos facéndolle un gran servizo aos galegos e cumpriríamos o que esperan de nós”.

PSOE

José Ramón Gómez Besteiro, candidato do PSOE. Naceu en Lugo e

ademais de ser avogado é político e foi o presidente da Deputación de Lugo dende 2007 ata 2015. Formou parte do Concello de Lugo sendo concelleiro de Urbanismo e voceiro municipal e, en marzo de 2023 foi designado polo Goberno de Pedro Sánchez como máximo responsable da Delegación do Goberno en Galicia.

Gómez Besteiro di que “os socialistas galegos son os únicos capaces de liderar o cambio seguro en Galicia” e engadiu que “a Galicia quédanlle poucos días para despedirse deste Goberno triste e que gañe a esperanza”, dixo un Besteiro que se amosa optimista de cara a estes comicios.

O candidato dos socialistas galegos amosou a súa satisfacción polo adianto electoral: “Xa falta menos para que Galicia pase dun Goberno de confrontación a un Goberno que ofrezca solucións”. “Os socialistas estamos unidos, preparados e somos os únicos capaces de liderar o cambio seguro en Galicia”, remarcou o tamén deputado lucense, quen incidiu en que o PSdeG é un partido con “traxectoria, equipo e un proxecto absolutamente claro”.

“Galicia está perdendo oportunidades”, incidiu Besteiro, “de feito está medrando menos que o resto do país por culpa das políticas incapaces, a inercia e a confrontación na que está instalado Rueda e o PP. Os socialistas estamos preparados para gañar as eleccións e para darlle a Galicia o impulso que necesita e merece”.

O candidato chama a “escoller entre unha Galicia resignada ou elixir un futuro ilusionante, con esperanza e que nos poña á cabeza do crecemento en España e en Europa”.

BNG

Ana Pontón, nada en Chorente, Sarria, é a candidata do Bloque Nacionalista Galego. A sarriá é a portavoz nacional do BNG desde 2016 e xa fora candidata á Presidencia nas eleccións de 2016 e 2020. Tras estes últimos comicios converteuse na líder da oposición no Parlamento de Galicia, e conseguiu que o seu partido tivera o máximo histórico de 19 deputados. A líder nacionalista afirma que o BNG está preparado para gañar e liderar o Goberno do

cambio para darlle un presente e un futuro mellor ao país. “Son a candidata de todos os galegos que queren cambio, votasen o que votasen noutras eleccións”, indica. Di sentirse con “máis ganas, máis ilusión e máis preparada que nunca” para darlle a Galicia “o mellor Goberno da súa historia”.

Para Pontón, o obxectivo último é conseguir “mellorar a vida das persoas”, porque segundo afirmou, “é o que lle dá sentido á política, poñer as persoas no centro, traballar por e para elas, e entre todos e todas construír a mellor Galicia”.

“Non importa o que votaran noutras eleccións, hai moitas maneiras de sentirse galego, e todas son necesarias para abrir un tempo novo”, di Pontón, que pretende defender a comunidade e marcar un antes e despois tras a sucesión de gobernos que tomaban as súas decisións “en despachos madrileños”. “Feron seis presidentes en toda a historia da democracia, todos homes e de forzas estatais. Credes que nos foi ben? Credes que puxeron a Galicia no lugar que se merece?”.

LIÑAS PRINCIPAIS DOS PROGRAMAS ELECTORAIS

PARTIDO POPULAR

- Actuacións na infraestrutura dos hospitais.
- Impulso ás VAP Costa Norte e da autovía libre de peaxes Lugo-Monforte.
- Avance na candidatura a patrimonio mundial da Ribeira Sacra.
- Obras en marcha para a reforma ou construción de novos centros de saúde, residencias da terceira idade e centros de ensino.
- Actuacións de mellora nos portos de titularidade autonómica.
- Dar continuidade a medidas como a gratuidade das escolas infantís, bonos dependencia ou axudas para libros de texto e material escolar.

PARTIDO SOCIALISTA

- Apostar por empresas que creen emprego de calidade e proxectos industriais que fixen poboación.
- Mellorar as políticas de envellecemento, os servizos sociais, e a sanidade.
- Rematar moitas infraestruturas como as conexións entre a parte interior de Lugo, a conexión da Mariña, ou a duplicidade de dobre ancho de autovía entre Lugo e Monforte.
- En Lugo, fará o Plan Paradai e desenvolverá a Rolda Leste.
- Apostar polo agro e o mundo forestal así como dar garantía aos gandeiros.

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

- Unha Galicia máis feminista.
- Apoiar a cultura e a identidade galega para conseguir “unha nación moderna, empoderada e sen complexos”.
- Reforzar os “vínculos” da comunidade galega.
- O compromiso de poñer enriba da mesa unha “intervención pública” en Alcoa
- O compromiso de activar a Mesa do Sector Lácteo, na que estean representados todos os axentes da cadea productiva, co fin de que aborde “as cuestións clave para darlle futuro ao sector, incluído todo o que ten que ver cos prezos”.

DATOS

- **15 de xaneiro:** vence o prazo para rexistrar candidaturas. Os candidatos quedarán proclamados o 22 de xaneiro.
- **29 de xaneiro:** empeza o envío de documentación para votar por correo. O voto por esta vía pódese solicitar ata o 8 de febreiro. O prazo para enviar a papeleta finaliza o 12 de febreiro.
- **2 de febreiro:** arrinca a campaña electoral e prolongarase ata o 16 de febreiro.

Comezaron a chegar os pellets as praias da Mariña lucense

A vertedura de pellets de plástico está a estenderse a máis zonas da costa incluso chegando ata a Mariña lucense.

Este vertido procedente de contedores do mercante 'Toconao' perdidos mentres navegaba en augas portuguesas estendeuse xa ata zonas da costa de Ribadeo, Barreiros, Cervo, Foz e Burela, segundo notificaron algúns concellos e a Asociación Noia Limpa.

O rexedor ribadense, Dani Vega, indicou que "as administracións decidimos, que aínda que a presenza de pellets fora pouca, era bo limpar e eliminar. Polo que se comezou a actuar con traballadores públicos, con palas, con cribos, con rastrillos e con luvas e elimináronse todos eses pellets que apareceron en dous areais: en Castros e en Illas".

Vega subliñou, "nos quixemos actuar aínda que a súa presenza sexa pequena, pero desde logo nos consideramos que é mellor retirar eses pellets, en lugar de que estean por aí. Nos actuaremos sempre nesa colaboración institucional, coa Xunta de Galicia neste caso, con todas as administracións para que ese traballo sexa coordinado e dea resultados".

O Concello de Barreiros está aplicando neste momento un protocolo de vixilancia nos areais para comprobar a magnitude da chegada de pellets á nosa costa.

Ata estes momentos, non se ten constancia dun incremento deste material nos areais de Barreiros. "Efectivamente, poden



atoparse pellets; pero desgraciadamente é algo que se pode atopar habitualmente especialmente nalgúns areais e tamén en función da incidencia de mareas e correntes", din dende o Concello.

"Traballamos tamén en elaborar protocolos de actuación dado que polo momento non existen no caso en que sexa preciso actuar, nos que se poida contemplar os métodos de traballo, seguridade das persoas e condicións de retirada; á vista da falla de datos sobre posible contaminación, composición, manipulado e seguridade nas actuacións. Neste sentido, trasladamos a nosa disposición a colaborar con outras adminis-

tracións competentes na materia", sinalan.

ADEGA. Desde Adega están en proceso de confirmar cos concellos a súa colaboración na recollida dos residuos para fixar as localizacións, das que proximamente informarán. Lembra que o voluntariado de Adega sempre conta cos correspondentes seguro de accidentes e permisos.

Se se quere participar nas tarefas de voluntariado pódese deixar o email no formulario da súa web. E logo haberá que estar atento ao correo electrónico e tamén ás redes sociais do colectivo medioambiental onde darán máis información.

Alcoa comeza o rearranque das cubas hibernadas da fábrica de Aluminio

A multinacional estadounidense Alcoa vén de iniciar o rearranque das cubas hibernadas da fábrica de Aluminio de San Cibrao. Segundo os seus datos, este proceso estará completo ao 100 % en outubro de 2025 o que fará que estean activas 532 cubas de electrolisis.

Neste tempo de hibernación, a multinacional mantivo os postos de traballo na súa totalidade que son arredor duns 1.000 traballadores, e fixo investimentos para modernizar a factoría cervense, malia que falta o novo forno de ánodos. Tamén neste período de tempo tramitáronse os parques eólicos que deberán abastecer ao complexo industrial no futuro. Está previsto

que un total de nove parques eólicos subministren a Alcoa-San Cibrao a enerxía necesaria para producir alúmina e aluminio a un prezo competitivo. Deles cinco xa foron autorizados polo Ministerio de Transición Ecolóxica. No caso doutros catro, o Goberno de España agardou ata o último día do prazo, fixado o 14 de novembro, día no que a Xunta de Galicia remitiu a Madrid os seus informes sectorais, polo que non foi posible completar a tramitación administrativa en prazo.

Para este mes de xaneiro está prevista unha reunión de seguimento en Madrid entre o Goberno, a Xunta, Alcoa e os sin-

dicatos, en representación dos traballadores.

COMPROMISOS. O Ministerio de Industria e Turismo trasladou o seu compromiso para traballar e sumar esforzos coa Xunta de Galicia, Alcoa e o comité de empresa para garantir o futuro da compañía. A secretaria de Estado de Industria, Rebeca Torró, recoñece a relevancia dun proxecto como Alcoa non só para a comarca da Mariña, en Lugo, senón para o resto de Galicia, así como para o potencial industrial de todo o país e, por iso, reitera o interese e o compromiso en traballar para garantir o futuro da empresa e os seus traballadores.

Saúde Mental A Mariña organizará actividades en varios colexios da comarca



Presentouse o proxecto Mentalización e Sensibilización en Saúde Mental, da asociación Saúde Mental A Mariña, que organizará actividades nos centros de ensino de Ribadeo, Barreiros e Viveiro.

Desde o colectivo, a súa directora xeral técnica, M^a José Novoa, explicou que "é un proxecto novidoso, integrador, concienciador e de prevención", e subliñou que "o obxectivo do proxecto é mellorar a calidade de vida das persoas con enfermidade mental e as súas familias e minimizar o estigma que supón padecer unha enfermidade mental, así como abordar as adicións como un factor de risco claro no inicio das mesmas".

Novoa sinalou que "ten dúas liñas de actuación: a mentalización, traballar coas persoas con enfermidade mental e as súas familias onde se realizan grupos de psicoeducación, atención individualizada. Búscase lograr a maior autonomía e responsabilidade destas persoas no coidado da súa saúde para que poidan desenvolver un proxecto vital exitoso. E a sensibilización

orientada a traballar cos alumnos e profesores de centros de infantil e primaria e institutos de ESO en Ribadeo, Barreiros e Viveiro para normalizar a enfermidade mental, favorecer o coidado, eliminar o estigma e os prexuízos existentes sobre ditas enfermidades".

O proxecto inclúe a realización de diferentes actividades, "representaremos a obra de teatro contra o bullying 'Yo soy único', ou o conto a 'Super acción de Mauricio', creado polos usuarios da nosa entidade. Desexamos facer o mesmo en igualdade representando a obra Os sonhos de Adelina".

Novoa engadiu que "poñemos de manifesto a importancia da educación emocional nas aulas e por iso as nosas psicólogas irán polas aulas coidando tanto a saúde mental do alumnado e do profesorado. A infancia e a xuventude, son unha materia pendente a nivel sanitario, social e educativo. A metade dos trastornos mentais presentan síntomas antes do 14 anos e tres cuartos deles comezan antes dos 24".

Un proxecto levará os alimentos de proximidade aos menús escolares

A área de Rural, Mar e Mocidade da Vicepresidencia da Deputación de Lugo e A Carqueixa están a desenvolver un proxecto para fomentar que os centros de ensino valoren a posibilidade de mercar directamente a produtores locais.

A iniciativa aproveita o traballo desenvolvido pola área provincial a través do programa Da Escola á Granxa e do apoio á comercialización de produtos de razas autóctonas e a experiencia adquirida pola cooperativa gandeira en plataformas como Son de Lugo para poñer en contacto producións locais e comedores escolares.

A cooperativa gandeira visitará unha decena de colexios dando a coñecer os produtos das granxas e obradoiros alimentarios que par-

ticipan no programa Da Escola á Granxa e ofrecerá a posibilidade de realizar un estudo individualizado que avalíe os procesos, embalaxes e loxística necesaria para incrementar a presenza de produtos de quilómetro cero nos menús escolares. A actividade comezou nos colexios de San Cosme de Barreiros, Mondoñedo, e continuará nos centros de infantil e primaria de Becerreá, Baralla, Guntín, Navia de Suarna, Cervantes, Mato Vizoso de Vilalba e A Ponte de Lugo, aos que se entregará un lote de produtos.

O proxecto ofrece tamén aos centros información sobre convocatorias específicas para conseguir recursos económicos destinados a fomentar o consumo de produtos locais.

Aberto o parque infantil de tráfico para aprender a andar en bicicleta



O Concello abriu ao público o parque infantil de tráfico situado no peirao de Foz, unha zona segura de 2.100 metros cadrados para aprender a andar en bicicleta. "Pensamos en que os espazos deben usarse, non permanecer pechados. Despois do traballo feito por alumnos da Escola Obradoiro e por operarios municipais rehabilitamos o parque de tráfico do porto de Foz, que agora abrimos permanentemente ao público. É un espazo idóneo para aprender a andar en bicicleta xa que estamos a falar dun circuíto de 330 metros de lonxitude con rectas de 60 metros nun entorno seguro, explica o alcalde, Fran Cajoto. O espazo, no que tamén se permi-

ten patinetes e patíns, pecharase unicamente en caso de xornadas organizadas pola Policía Local. O concelleiro de Parques e Xardíns, Ángel Fernández Neira, engade que "a aula está aberta a todos os colexios que queiran programar unha xornada de educación vial, que será impartida pola Policía Local de xeito gratuito. Para fixar unha data deben poñerse en contacto coa Policía Municipal e facer unha solicitude no rexistro do Concello". O uso polivalente do espazo segue a tendencia que se marcou no anterior mandato coas pistas deportivas de Pintor Laxeiro, situadas no recinto do Ceip O Cantel.

Asinado un convenio para a renovación de tres parques infantís

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou co alcalde de Foz, Francisco Cajoto Caserío, un convenio de colaboración a través do que a institución provincial destina 120.000 euros para renovar tres parques infantís na rúa Julia Minguillón, en Marzán e en Llas.

O presidente enmarcou esta iniciativa na "cooperación, intensa e continua, que mantemos co Concello de Foz, e co resto dos concellos, para que poida ofrecer máis e mellores servizos aos seus veciños e veciñas". Engadiu o mandatario provincial que "na construción do futuro que queremos para a provincia, temos que traballar todos xuntos, cada un dende as nosas respectivas responsabilidades. Estou convencido de que o Concello de Foz e o seu alcalde van seguir sendo unha peza importante dese futuro, do desenvolvemento da provincia de Lugo. E nese camiño, van atopar sempre a compañía e o respaldo da Deputación". Pola súa banda, o alcalde de Foz salientou que estes tres proxectos evidencian que "seguimos a coidar as nosas rúas e os nosos parques, nos que todos os días xogan os nenos e nenas de Foz". Do mesmo xeito, dixo, "que fi-



xemos no Paseo de Colón, na Rapadoira, na área de xogos da Praza de Galicia ou no parque de Uxío Novoneyra, agora grazas ao presidente José Tomé e á financiación da Deputación de Lugo imos renovar estes tres parques que están nun mal estado de conservación: Julia Minguillón, Marzán e Cú do Castro, en Llas", indica o alcalde. Concreta Cajoto que "a renovación do parque de Julia Minguillón, de 250 metros cadrados e orzamentada en 63.000 euros, inclúe a substitución do chan de losetas por un pavimento continuo encapsulado de cores, no

que se van a dispoñer, entre outros xogos, dúas estruturas con tobogáns, randeiras e resortes. Os parques de Marzán -125 metros cadrados- e Cú do Castro, en Llas -153 metros cadrados- recibirán uns investimentos de 32.000 euros e 25.000 euros respectivamente, e inclúen tamén a disposición de novos chans de pavimento continuo encapsulado e novos xogos e estruturas". Para rematar, o rexedor municipal destacou: "seguimos traballando co obxectivo claro de crear contornas seguras e mellorar os espazos públicos da nosa vila e de todo o concello".

Organizan un curso de autodefensa para mulleres



A veciñanza fozega conta para este mes cun programa para os días 22 e 24 de xaneiro de 2024 sobre autodefensa. Será un curso para mulleres antes situacións violentas e impartirase no ximnasio do IES de Foz e en horario de 16.00 a 20.00. Está dirixido a mulleres a partir de 16 anos, no caso de menores de idade deberán contar coa autorización asinada pola nai, pai ou tutor/a legal. É totalmente gratuito. As persoas interesadas deberán chamar ao teléfono 982 133 566.

O Concello adquiriu catro novos vehículos para o servizo de obras

O Goberno local vén de adquirir catro novos vehículos para o servizo de obras, financiados grazas a un convenio asinado coa Deputación de Lugo en abril deste ano 2023. Os automóbiles -un todoterreo 4x4 e tres furgonetas- servirán para renovar parcialmente unha frota moi antiga. A compra dos vehículos fíxose por procedemento aberto, resultando adxudicatarios Caetano Fórmula Galicia no caso do todoterreo -Dacia Duster- e Ditram Automoción no caso das tres furgonetas -Toyota Proace-. O investimento total ascende a 98.714 euros. O alcalde, Fran Cajoto, explica: "grazas ao apoio económico da Deputación de Lugo podemos facer unha adquisición de vehículos que nos vai a permitir afo-



rrar porque imos reducir gastos en talleres e suprimiremos o aluguer dunha furgoneta, que se vai a devolver esta mesma semana. Imos tamén dar de baixa varios vehículos, algún dos cales tiña máis de 30 anos de antigüidade. Estes adquiri-

dos agora son ferramentas de traballo cun menor consumo e van permitir aos operarios municipais ter unhas condicións de maior seguridade. Quero agradecerlle ao presidente da Deputación de Lugo, José Tomé, o apoio recibido".

París de Noia estará no Riosmar Fest



A comunidade de montes veciñais en man común Real, Rañadoiro e Agudo de Cangas de Foz son os organizadores do Riosmar Fest, que se celebrará no campo de fútbol de Cangas. Este evento será o vindeiro venres 22 de marzo e contará con grandes orquestras para animar a festa. Polo momento tan só confirmaron que estará París de Noia. Na edición 2023 contou cos Djs lampiti, Litainer e Conxuro e co Macro Disco Level, e o recinto contou con servizo de barra. As entradas aínda non se poden adquirir, pero poderían oscilar o prezo do ano pasado, entre 10 euros e 12 o propio día.

O 27 de xaneiro coroarase a raíña do Entroido, Carlota Fernández

Foz comeza a prepararse para un Entroido que celebrará o seu primeiro ano como festa de interese turístico. A comisión de festas O Noso Foz e o Concello de Foz preparan os próximos eventos do mes de xaneiro e febreiro. A primeira data do calendario é o 27 de xaneiro, no que se coroará a raíña elixida no mes de outubro, Carlota Fernández del Riego.

O Entroido de Foz virá con novidades: a primeira delas a nova situación da carpa para a celebración das actividades, que será colocada na rúa Atalaia (As Torres) grazas á colaboración de varios veciños de Foz. O alcalde, Fran Cajoto, agradece “o xesto de colaboración desinteresada dos veciños, que non puxeron inconveniente ningún para que o Entroido poida ter unha localización cómoda e máis espazosa, debido á que o espazo do Bahía xa non se axusta ao requirido para o evento”. Esta carpa aglutinará a maioría de celebracións do Carnaval focego, que comezará coa tradicional cea de coroación o sábado 27 de xaneiro ás 9 da noite (apertura de portas). A presidenta de O Noso



Foz, Fátima Novo, explica que “coma nos últimos anos a forma de inscribirse será enviando un mail á conta onosofoz@gmail.com. O aforo é limitado polo que rogamos que se respecte a forma de inscrición. Unha vez cerrada esta a comisión porase en contacto con cada grupo confirmando a reserva e indicando os días nos que se entregarán as entradas á cea”. Coma todos os anos poderán acudir as persoas de 14 anos ou máis. Os menores deberán entregar autorización dos pais ou titores e deberán ir acompañados dun adulto responsable. O menú constará de empanada, sopa de cocido, costela asada, sobreme-

sa, bebida, café e *chupito* e o prezo da tarxeta será de 30 euros. A cea estará animada polos djs Alejandro Martínez e Pedro Bermúdez.

O concelleiro de Festas, Ángel Fernández Neira, agradece “o enorme traballo que fai a comisión de festas para que todos os eventos do Entroido se leven a cabo.”

Dende os departamentos de Festas e de Cultura do Concello de Foz, Ángel Fernández e Inés López, continúan traballando na organización do gran desfile do Entroido e en vindeiras datas anunciaranse máis eventos que animarán esta tradicional e turística festa.

O alcalde ve “máis preto ca nunca” a mellora do enlace da Corredoira

O alcalde de Foz, Fran Cajoto, valora moi positivamente o anuncio do Ministerio de Transportes e ve “máis cerca ca nunca” a mellora do enlace da Corredoira, intersección que une a Nacional 642 coa estrada LU-152 a Ferreira e que beneficia especialmente aos veciños das parroquias de Vilaronte, San Martiño, Santa Cilla e San Acisclo.

“Seguimos superando fitos. O Ministerio de Transportes está cumprindo con Foz. Neste caso estamos a falar da aprobación definitiva do proxecto de trazado da intersección da nacional coa estrada a Ferreira, presupostado en 417.000 euros. Este anuncio non son palabras baleiras, xa que se publicará proximamente no Boletín Oficial do Estado”, explica Fran Cajoto.

O alcalde de Foz engade que “o enlace vai a contar con carrís de espera centrais para axilizar o tráfico e evitar o colapso que se forma no verán. Cunha estrada con 15.000 vehículos diarios e tempos de espera de ata



20 minutos para incorporarse na intersección en verán había que facer algo. Estivemos traballando cóbado con cóbado co Ministerio e estamos moi agradecidos; Transportes está axudando moito a Foz”.

O rexedor municipal lembra o aumento de altura de tres pontes na estrada para evitar problemas no transporte, o impulso ás rotondas de Cangas-xa en fase de expropiacións-

e o anuncio da redacción do proxecto do Terceiro Acceso para Foz, que agarda ver pronto publicado. “Besteiro conseguiu axilizar os traballos de reparación na Areoura, que estaban estancados e provocaban un importante prexuízo na arteria principal da comarca. Vexo que hai compromiso e se avanza e isto para nós é prioritario, seguro que teremos máis boas novas”, destaca Cajoto.

Catro novas actividades para a programación de xaneiro da Uned en Foz



A concelleira da Aula Universitaria da Uned en Foz, Elena Martínez Pena, e a coordinadora da mesma, Marta Muiña Rodríguez, anunciaron a nova programación formativa do centro para o vindeiro mes de xaneiro. Deron conta de catro novas actividades: dous cursos, para os que xa está aberta a inscrición, a presentación dunha novela e unha charla. Por un lado presentaron dous cursos de extensión universitaria: un curso preparatorio de Celga 3 e 4, que se está a celebrar ata o 20 de marzo de 16.00 a 18.30 horas, nas modalidades presencial ou online, en directo ou en diferido; e un curso para opositores que se denomina Nocións fundamentais sobre a Constitución Española de 1978 e a Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, que terá lugar do 11 ao 18 de xaneiro de 16.00 a 20.00 horas e tamén será presencial ou online, en directo e en diferido.

Por outra banda propoñen participar nunha actividade cultural para dar a coñecer unha novela de actualidade, *Resaiño amargo*, da veciña Lucía Ferro, natural de Barreiros, que será o venres 19 de xaneiro ás 19.00 horas na propia aula universitaria do IES de Foz.

Finalmente anuncian que se levará a cabo unha charla informativa de presentación da propia aula universitaria da Uned o día 25 de xaneiro ás 12.50 horas no salón de actos do IES de Foz, enmarcada no ciclo de presentacións que veñen de iniciar e que estará aberta ao público que poida ter interese en coñecer os servizos e recursos que dende Uned Foz se ofrecen.

Para máis información as persoas interesadas poden poñerse en contacto coa Aula Universitaria de Foz no teléfono 982 133 699, no WhatsApp 604 034 549 ou no correo electrónico foz@lugo.uned.es.



Vaise mellorar a iluminación e da eficiencia enerxética do Parque Empresarial

A concelleira de Promoción Económica de Viveiro, Iria Cotelo, xunto á tenenta de alcaldesa, Míriam Bermúdez, veñen de reunirse coas empresas do Parque Empresarial de Landrove para tratar as distintas necesidades e actuacións a desenvolver no parque, entre as que se atopa a mellora da iluminación e da eficiencia enerxética. Dita actuación atópase encadrada na subvención para a habilitación e mellora das infraestruturas dos parques empresariais, para a cal se está a elaborar o proxecto necesario para conseguir esta axuda. Así mesmo, estase detallando a instalación da sinalización dos hidrantes xa existentes no parque.

Bermúdez indica que “se arranxou a depuradora do parque empresarial e se organizaron os desbroces para manter en condicións axeitadas as instalacións”.

Cotelo, ten intención de reunirse con Xestur para coordinarse e traballar conxuntamente, xa que “as empresas do Parque de Landrove forman un motor fundamental na economía do concello, é prioritario atender as súas necesidades e avanzar na promoción e crecemento do parque empresarial”.

O PP pide que se recoñeza ao Viveiro CF polo seu centenario coa distinción de honra

O PP pide ao Goberno local que se recoñeza a traxectoria do Viveiro Club de Fútbol polo seu centenario coa distinción de honra que marca o regulamento do Concello. Segundo explica a voceira Mariña Gueimunde, trátase dunha condecoración “máis que merecida” dada a relevancia histórica, social e deportiva que a entidade deportiva ten “e que foi demostrando ao longo de todos estes anos, sendo o berce de moitos deportistas que se educaron nos valores do esforzo, a solidariedade”.

Os populares cren que a entidade local ten que corrixir o trato dado a este club, pois “dicir que, coa axuda de 15.000 euros da Deputación xa chega para por en valor o traballo desenvolvido a longo de tantos anos, parécenos un desprezo. O Viveiro é algo máis que isto. É toda unha institución para a cidade e mesmo para A Mariña”, remarca Gueimunde.

Comezou no casco histórico a recollida de lixo ‘quita e pon’



Xa está en marcha o sistema de ‘quita e pon’ na recollida de lixo do Concello de Viveiro, no que manteranse as situacións actuais dos colectores e implantaranse catro lugares máis, situadas nas rúas Rosalía de Castro (dúas novas), Melitón Cortiñas, Constanza de Castro e Fonte de Area. A colocación dos colectores realizarase a partir das 18.00 horas do luns de forma gradual en todo o casco.

Ademais dos colectores de fracción resto, que se colocarán os sete días da semana, situaranse en días alternos colectores para as recollidas selectivas. Así, os luns, mércores e venres será a recollida dos colectores de envases e orgánica. E os martes, xoves e sábado a de colectores

de papel/cartón. En tódolos casos, os colectores serán colocados o día anterior e a recollida dos residuos comezará ás 06.00 horas.

Os colectores para a recollida de fracción orgánica están pechados con chave. Para poder facer uso deles pódese recoller a chave, un cubo para depositar os residuos e bolsas compostables na oficina de atención ó cidadá, situada na rúa Teodoro Quirós Nº7.

“Animo á veciñanza a recoller o cubo e a participar na reciclaxe de materia orgánica”, afirma Míriam Bermúdez, tenente de alcaldesa e responsable da área de Medio Ambiente, que anuncia ademais “unha campaña de concienciación nas próximas datas para incentivar a participación”.

O II Concurso de Composición de Marchas Procesionais de Viveiro está na recta final

O II Concurso de Composición de Marchas Procesionais 2024 que leva o Nome de Blas García Liz, atópase xa na recta final. O xurado está composto por David Rivas, David Fuiza e Fernando Buide.

Así, lembran que a data límite para a presentación das Marchas é o venres 12 de xaneiro de 2024 ás 23.59 horas no correo electrónico composicionblasgarcializ@gmail.com.

A Marcha procesional gañadora acadará unha asignación económica de 2.000 euros, aos que se lles descontarán os xuros correspondentes e terá a honra de ser estreada pola Banda de Música O Landro de Viveiro no Concerto do Programa Cultural ADRAL 2024. Ademais este ano tamén será interpretada pola agrupación profes-



sional Banda Municipal de Santiago de Compostela, baixo a batuta do seu director titular David Fuiza. O concerto terá lugar o 17 de marzo do 2024 ás 12.00 horas no Teatro Principal da capital galega en colaboración coa Banda Municipal de Santiago de Compostela, Xunta de Confrarías de Santiago de Compostela, Semana Santa de Viveiro e Banda de Música O Landro.

Viveiro lanza apps de actividades para animar á veciñanza

O Concello de Viveiro xa conta cunha nova aplicación turística que inclúe a recreación en realidade aumentada da porta de Carlos V, ademais doutros servizos para veciños e visitantes.

“Un paso máis na nosa aposta pola dixitalización turística, este é o xerme dun proxecto máis ambicioso para recrear en 3D todo o Viveiro medieval”, explica a alcaldesa de Viveiro, María Loureiro.

A concelleira de Turismo, Marisol Rey, destaca “a importancia de ofrecer este tipo de recursos ás persoas que nos visitan e aos propios veciños e veciñas, dándolles experiencias novas para gozar de Viveiro”. A nova aplicación, para a que o Concello de Viveiro conseguiu unha subvención da Xunta de Galicia con fondos europeos, ten xeoposicionamento para a dixitalización e posta en valor dos recursos patrimoniais e turísticos de Viveiro.

Coa implantación desta app en Realidade Aumentada (RA) en Viveiro, o concello sitúase á vangarda das tendencias tecnolóxicas no sector turístico. A app permite dixitalizar 100 recursos turísticos



(dos que agora mesmo hai recollidos máis 60) e 20 rutas (das que xa hai trazadas a metade).

“Dende o Concello de Viveiro apostamos por unha solución tecnolóxica cun enorme potencial, e cunha aposta decidida pola sostibilidade, ao non necesitar de elementos físicos para o seu lanzamento. A app permite reducir o consumo de papel e outros materiais impresos, contribuíndo á redución da pegada ecolóxica do turismo”, engade Loureiro.

A App pódese descargar nos seguintes enlaces na App Store e Play Store.

Por Viveiro pide a reparación da estrada de Canelo ata O Xuncal



Por Viveiro vén de presentar un rogo para a reparación da estrada de Canelo (intersección LU-P-2604) ata O Xuncal na parroquia de Valcarria “presenta un acusado estado de deterioro, con numerosas fochancas”.

Este feito dificulta notablemente os movementos das persoas que habitan no devandito lugar do Xuncal, “complicando incluso o achegamento das subministracións máis básicas para o día a día das familias”, di seu concelleiro, Manuel Galdo Dopico.

Así mesmo, tamén piden que a

glorieta que forman o paseo de fachada, variante e ponte da Misericordia sexa reparada, pois “presenta numerosos danos: lousas rotas, mal asentadas ou literalmente inexistentes, sumidoiros nos que medra abundosa herba, pranchas metálicas na ponte moi esvaradías, etc.”

“Estes feitos ademais de presentar unha imaxe moi deficiente, ocasionan riscos de seguridade para as persoas que utilizan de xeito cotiá este paseo, un dos mais emblemáticos do noso concello”, remata dicindo Galdo Dopico.

Entregado o V Premio de Novela Vilar Ponte a Óscar Guzmán

O Concello de Viveiro entregou o V Premio de Novela Vilar Ponte a Óscar Manuel Guzmán Álvarez pola súa obra *Pero... Como morren as pegas?*. Tamén resultou finalista *Letras azuis sobre formigón gris*, de María Cristina Rey Vázquez.

O xurado do concurso estivo conformado polo historiador e cronista oficial da vila Carlos Nuevo Cal, o investigador e crítico literario Armando Requeixo Cuba e a xornalista cultural Montserrat Dopico González.

A alcaldesa de Viveiro, María Loureiro, "agradece a todos e todas as concursantes a súa participación nesta nova edición do concurso, e ao xurado a súa disposición para ler as diferentes obras e tomar unha decisión que non foi doada, dada a gran calidade do material presentado".

O xurado destacou sobre a obra gañadora "a habelencia para espeillar un mundo de intrigas que nos convida á investigación por parte



da Policía Nacional dunhas mortes producidas en estrañas circunstancias, que han levar a trama na súa resolución por terras ourensás e do norte de Portugal".

"Escrita con grande oficio e coñecemento da realidade policial e dos opacos territorios da delincuencia das pequenas mafias, esta novela achega tamén un mosaico de fascinantes personaxes que se complementan para debuxar un acabado fresco das túrbidas esferas do de-

licativo", engade o xurado.

Respecto da obra finalista, apuntan que "ensambla a historia colonial coa realidade galega da emigración desde unha visión crítica abordando cuestións como a desigualdade social, o abuso de poder, a familia ou a amizade". "É unha novela de protagonismo feminino que incide na necesidade dos lazos de sororidade para afrontar as situacións máis difíciles da vida dos personaxes", conclúen.

Os orzamentos municipais non saen adiante pola falta de apoio

A proposta de orzamentos de Viveiro para este ano 2024 non saíu adiante no Pleno celebrado o xoves 28 de decembro de 2023, xa que o grupo municipal de Por Viveiro non a apoiou.

"Acordamos votar en contra dos orzamentos propostos polo goberno bipartito PSOE-BNG, pois comprometéronse en quince puntos con Por Viveiro a fin de obter o noso apoio na investidura. E os orzamentos recollen só un dos quince puntos", din os independentes de Por Viveiro.

"Isto é claramente insuficiente para que Por Viveiro apoie os orzamentos municipais que por outro lado non foron negociados en absoluto con nós. Xa advertimos no inicio deste mandato, que o noso grupo non vai apoiar ningunha proposta que non sexa negociada previamente, e menos os orzamentos municipais que é o documento máis importante do noso Concello", engaden.

Así mesmo, os orzamentos recollen unha redución importante nas axudas correspondentes ás entidades e clubs deportivos do Concello. "Ademais de non recibir as axudas correspondentes ao ano 2023, no ano 2024 reduciranse as cantidades globais a cada un dos clubs, o que consideramos inaceptable e que pon en risco a viabilidade e existen-

cia de moitos clubs e entidades de Viveiro", sinalan dende Por Viveiro. Bernardo Fraga, portavoz de Por Viveiro declarou que "somos serios e rigorosos no noso traballo no Concello, e non imos aceptar que pola vía da imposición e polas presas do Goberno local bipartito se nos intenten colar uns orzamentos que non reflictan o compromiso de investidura do PSOE con nós e con Viveiro, e menos coa quita que se lle fai ás entidades deportivas".

"Invito ao bipartito local a reflexionar sobre o seu proceder e a revisar o seu traballo e as súas relacións coas demais forzas políticas se non queren quedarse sen apoios", remata dicindo.

PP. Os concelleiros do PP amósanse asombrados ante o que se está a vivir no concello, "teñen oito concelleiros de dezasete e non falan con ninguén para negociar un documento fundamental, como son os orzamentos, e así acadar os apoios necesarios, xa que nin se sentaron a falar con quen lles deu gratis o Goberno municipal". Mariña Gueimunde cree que "o que nun municipio se vai facer cos cartos de todos, hai que falalo con tódalas forzas con representación, máis cando estás moi lonxe da maioría. Que non chame a quen gañou as eleccións é de nota, pero o desprezo a

quen lle deu gratis a Alcaldía é colosal", criticou.

A voceira popular remarca o seu total rexeitamento a unhas contas municipais cuns inexplicables recortes ao asociacionismo cultural e deportivo do municipio: "había cartos para dedicacións exclusivas e soldos de concelleiros, pero para quen con moito sacrificio e xeneroso traballo contribúe a que haxa actividades culturais e a que os mozos fagan deporte, a eses aplícanlles uns recortes de máis dun 30% do que viñan percibindo, que xa era unha ridiculez", afirmou.

Mariña Gueimunde fai esta afirmación ao comprobar como ademais de recortar as axudas a clubs e asociacións, tamén pretenden incrementar taxas como a do lixo, subir a cota de acceso á piscina ou cobrar aos hostaleiros a ocupación da vía das terrazas para "así poder sufragar desbaldir de Loureiro e Bermúdez". "A realidade é que os orzamentos de Loureiro-Bermúdez son irrealís", si Gueimunde, "tan pronto como coñezamos o balance das contas do último trimestre do ano veremos como está descompensado pola elevada cifra de recoñecemento de débeda arrastrada do exercicio anterior e que pode roldar os 500.000 euros, segundo a intervención municipal", explicou.

Xa hai confirmacións do Resurrection Fest 2024



A organización do Resurrection Fest comezou a debullar as primeiras bandas para o festival do ano 2024 que se celebrará en Celeiro do 26 ao 29 de xuño. Así, comezaron confirmando que á banda estadounidense de grove metal fundada en 1991, Machine Head, estarán en Viveiro en verán. Seguiron comunicando que tamén estarán Electric Callboy, Jiluka, Shadow of Intent, Solence, Me and the Fritos Gimme Cheetos, Rise to Fall, Bolu2 Death, Cro-Mags, Bob Vylan, Sons of Aguirre & Scila, The Back Panthys Parry, Bellako, Worst, Dream State. Tamén estarán na cidade do Landro Biohazard, Drug Church, Pest Control, Proud'z y Frak-

ture, ademais de Corrosion of Conformity, High on Fire, Nashville Pussy, Green Lung, Khemmis, The Electric Alley Apache, The Lizards e Sandford Music Factory.

Bad Oiiiens ofrecerá en Viveiro o seu único concerto en España en el 2024, Corey Taylor, Accept, Delain, Sober+Savia+Skizoo, El Reno Renardo, Death Legacy, Lovebites, Megadeth, Eivor, Royal Thunder, Bokassa, La Excavadora, Sgift o Maybeshewill. También Baby Metal, Knosis, Future Palace, Teksuo, Donuts Hole, Ihsahn, Heretoir, Dool, Mol, Hexis, Bruce Dickinson, vocalista de Iron Maiden; The Offspring, que repetirá, así como Alice Cooper e Sum 41.

Licitadas as obras para a humanización da rúa viveirense do Porto do Celeiro



O Goberno local sacou a licitación as obras para a humanización da rúa do Porto do Celeiro, unha renovación integral que inclúe a pavimentación e renovación de todos os servizos da rúa. As empresas interesadas teñen de prazo ata o 4 de xaneiro para presentar as súas ofertas.

Trátase dun proxecto que abarca unha zona moi ampla no cruce formado pola rúa Lavandeiras, a LU-P-6612 e a rúa do Porto de Celeiro, acceso principal de vehículos e peóns á fachada marítima de Celeiro. Grazas ás xestións da alcaldesa de Viveiro, María Loureiro, a Deputa-

ción de Lugo aportará unha achega de 544.563,82 euros, mentres que o concello aportará 136.140,96 euros. O orzamento total é de 680.704,78 euros.

O proxecto contempla o movemento de terras e demolicións; pavimentación de beirarrúas e zonas de aparcadoiro; a reposición da rede de saneamento, pluviais, abastecemento e alumeadado público; así como a canalización da electricidade, as telecomunicacións, a dotación de xardinería, mobiliario urbano e sinalización horizontal e vertical da zona.

As Tanxugueiras estarán no festival Osa do Mar 2024

O Festival Osa do Mar de Burela comezou a debullar os artistas que estarán no festival burelés os vindeiros 6, 7 e 8 de setembro de 2024. Así, anunciaron que contarán coas Tanxugueiras, Cala Vento, Futuro Alcalde, Jordana B, Mondra e The Rapants.

Este festival, que chega a súa décima edición, é un festival sen ánimo de lucro e organizado 100% e desde o inicio pola Asociación Cultural Fanto Fantini.

Aínda faltan moitos artistas e novidades por confirmar pero seguramente non defraudará aos seus fans.

As entradas ca están á venda en www.osadomar.com con prezos e



descontos especiais até o 29 de febreiro. Os empadroados en Burela terán un desconto de 10 euros nos bonos introducindo o código BURELA, farase comprobación posterior no rexistro oficial.

Touriñán e Perdomo chegarán a Burela en febreiro

Touriñán e Perdomo chegarán á casa da cultura, de Burela, o 3 de febreiro en dobre función, ás 20.00 horas e ás 20.30 horas. Na obra, 'Corentena' os dous cómicos rescatan algúns dos personaxes recorrentes daqueles directos, recreando de xeito artesanal os efectos e filtros cos que se caracterizaban, e tamén nacen novas historias nun espectáculo no que a improvisación e a complicidade co público son as protagonistas.

Durante os meses de confinamento en 2020, David Perdomo e Xosé A. Touriñán comezaron a conversar en directo a través de Instagram. Naquelas noites, improvisaban diferentes personaxes e interactuaban cos espectadores que se conectaban a estes vídeos en directo. Agora, con esta obra, dan o salto aos escenarios nun formato no que Touriñán e Perdomo pretenden pasalo tan ben ou mellor que o público trasladando aos teatros a frescura daquelas noites de comedia.

IES MONTE CASTELO



Hai tan só uns días, o artista burelao Héctor Manasé estivo co alumnado do IES Monte Castelo nun taller encadrado no Festival Audiovisual da Mariña Imaxiña 2023. A fotografía urbana protagonizou a xornada coa confesión de Héctor Manasé como unha das súas debilidades: "A foto de rúa encántame, esa sensación de ir na busca do momento exacto, é cuestión de segundos. Se non o captas cando aparece ao mellor non volves ter a oportunidade" explicou así ao estudantado o artista.

O Concello renova o contrato do servizo de augas por 5 anos máis

O Concello de Burela aprobou no Pleno municipal, co voto a favor do PSdeG-PSOE e do BNG, a renovación do contrato do servizo de augas coa empresa Espina & Delfín por 5 anos máis.

A alcaldesa, Carmela López, explica que un dos motivos de asinar de novo o contrato é a previsible construción da nova EDAR, "como acredita a licitación nº OH.727.689 de Augas de Galicia, xa que a existente está totalmente obsoleta".

"Levamos dende 2015 loitando por isto, e entendemos que ao longo destes 5 anos de prórroga do servizo debería comezar a obra, xa que depende de fondos europeos que probablemente se perdan de non ser gastados" explica a rexedora.

Ademais, o concelleiro de Obras, Ramiro Fernández, explica que o Concello incorporárase aos fondos PERTE (Proxectos Estratéxicos para a Recuperación e Transformación Económica), o que "suporá máis de 1.300.000 euros de inversión".

"Entendemos que o servizo tería unha mellora importante e sería beneficioso para toda a veciñanza de Burela, permitindo ter un maior control sobre a auga que gastamos e mellorando o servizo", sinala o concelleiro.



"Esta renovación tamén supón que a empresa terá que facer unha inversión, pagándonos un canon que ronda os 330.000 euros, cantidade que queremos empregar nunha serie de obras que xa temos estudadas para continuar a mellorar o servizo de augas", explica Fernández Rey.

O concelleiro sinala que o servizo que agora se renova "está funcionando ben, é moi apreciado pola veciñanza e solucióna os problemas cando van aparecendo".

"Somos, ademais, un dos concellos de Galicia que menos perdas de auga ten na rede superando o 80

% de eficiencia, gracias as obras e melloras feitas nos últimos anos", destaca Fernández Rey.

PP. O Grupo Municipal Popular lamenta que a alcaldesa "anteponha os intereses dunha empresa privada aos dos veciños". Así o manifiestan os populares trala celebración dun pleno extraordinario no que o goberno bipartito (PSOE-BNG) acordou conceder unha prórroga anticipada á actual concesionaria do servizo de abastecemento de auga e saneamento de Burela, en lugar de sacar un concurso público.

Os populares condenan esta decisión porque "prexudica claramente ao concello; xa que o canon que está a abonar a concesionaria é moi inferior ao que están a abonar en concellos da zona con características similares que si renovaron recentemente o contrato da prestación deste servizo".

Concretamente, os concelleiros do PP advirten que "o Concello deixa de percibir -en comparación cos últimos contratos adjudicados na zona para concellos de similares características- arredor de 140.000 euros con respecto ao que percibe na actualidade polo canon do servizo".

O PP pide "cubrir a totalidade da Policía Local e crear a quenda de noite"

O Grupo Municipal Popular insiste en solicitar ao goberno local incorporar os efectivos para cubrir a totalidade do cadro de persoal da Policía Local que en Burela podería ser de 10 efectivos.

Así o manifiestan os concelleiros populares tras "as congratulacións da alcaldesa por contar con dous axentes máis na nosa vila"; algo que "dende o PP levamos demandando ao longo do mandato anterior e que, por fin, despois de moito insistir se leva a cabo". Nese sentido, trasladan a súa benvinda aos axentes que pasarán a prestar servizo na nosa vila.

Con todo, os populares lembran que "a pesar de que se anunciou unha praza de oficial de Policía Local máis, o cadro de persoal contará co mesmo número de efectivos (8) porque, ao tratarse dunha praza de promoción interna, un dos axentes que xa prestan

servizo na actualidade pasaría a ser oficial".

Os populares sinalan que "non sabemos cando se cubrirán as prazas vacantes que son moi necesarias para crear a quenda de noite coa que ofrecer aos veciños a seguridade que demandan".

MESA DE SEGURIDADE LOCAL.

Precisamente, interesados por mellorar a seguridade en Burela, os concelleiros do PP solicitaron no último pleno da corporación que "a alcaldesa convoque canto antes a Mesa de Seguridade Local coa participación dos distintos grupos da corporación municipal para analizar a problemática que se está a vivir ultimamente en Burela e tratar de aportar posibles solucións". Pero, polo de agora, "a alcaldesa non deu resposta á nosa proposta, o que nos fai pensar que non lle preocupa o asunto".

O musical 'La Bella y la Bestia' poderase desfrutar o 25 de febreiro en Burela



O musical 'La Bella y la Bestia' poderá verse o día 25 de febreiro de 2024 na casa da cultura de Burela a partir das 17.00 horas dirixido ao público de todas as idades. Esta obra foi aprazada do día 10 de decembro.

Xa a finais do 2023 a veciñanza de Burela puido desfrutar, de balde, do musical La Sirenita.

Estes espectáculos repasan as mellores cancións dos coñecidos clásicos da animación para nenos.

O Concello fai un obradoiro para redactar o Plan de Mobilidade

O Goberno local celebrou o obradoiro de participación 'Novas estratexias de mobilidade para Burela', como parte dos traballos de elaboración do Plan de Mobilidade Urbana Sustentable (PMUS) do municipio. Ao obradoiro achegáronse 15 veciños e veciñas de diferentes idades, e formáronse tres grupos heteroxéneos de traballo, buscando representatividade de diversos sectores da poboación en canto a idade, xénero e ocupación.

A alcaldesa de Burela, Carmela López, explica que "o Plan de Mobilidade servirá para detectar e dar solucións ás distintas problemáticas relacionadas coa seguridade, coa accesibilidade, ou cos conflitos de tráfico e de estacionamento".

Establecéronse tres mesas sobre distintos aspectos da mobilidade no concello. Por unha banda, debateuse sobre "A cidade como espazo para a rapazada". Nesta mesa avaliouse a mobilidade de Burela dende a perspectiva da mocidade: os seus percursos habituais en torno aos centros escolares e áreas de xogo...



Buscáronse maneiras de mellorar estes percursos.

Por outra banda, debateuse sobre a eficiencia no estacionamento. Avaliáronse as necesidades de estacionamento ao redor dos principais nodos de mobilidade, tratando de valorar as distancias e os percursos que unen estes estacionamentos cos puntos de actividade próximos. Finalmente tivo lugar tamén a mesa Proposta aberta, sobre a base das propostas recollidas durante as fases de participación anteriores, como as entrevistas e a enquisa, recolléronse

novas propostas relacionadas coa mobilidade e o espazo público do concello, priorizándose aquelas que as persoas participantes consideraron máis importantes.

Durante esta xornada realizáronse tamén distintos traballos técnicos. Fixéronse medicións dos fluxos circulatorios e de persoas en distintos puntos do municipio, e estudouse a saturación das principais zonas de estacionamento en distintas horas do día. Avaliáronse tamén as situacións de entrada e saída dos colexios e institutos nas horas punta da mañá e do mediodía.

Concello e Portos avanza nun novo convenio para as zonas portuarias

Portos de Galicia avanzou nunha reunión co Concello na actualización do convenio de mantemento das zonas portuarias da vila.

Un dos asuntos tratados foi a necesidade de actualizar e vincular todos os convenios existentes entre o Concello de Burela e Portos, poñendo especial interese no do mantemento das zonas portuarias.

"O que se pretende é establecer un marco de colaboración áxil para que o noso porto se atope sempre nas mellores condicións", explica a alcaldesa. "O mantemento, ao tratarse dun lugar turístico, debería de ser o mellor posible para dar unha boa imaxe de Burela", afirma pola súa parte o concelleiro, Ramiro Fernández. Falouse tamén da problemática da pesca recreativa; da petición municipal de que se estude a posibilidade da cesión da parcela número 7, situada na travesía do Porto, para o mercado dos venres; da revisión das taxas aplicadas nas festas patronais, Expomar, Feira do Bonito e A Moncloa, e do acceso á Virxe do Carme situada no final do espigón.

"O porto é chave para o concello, tanto a nivel comercial como turístico", engade Fernández.

Comezou a recollida dos residuos orgánicos nos novos contedores



O Concello de Burela deu comezo á recollida dos residuos orgánicos nos novos contedores marróns do municipio, sendo o segundo concello da Mariña en implantar este sistema despois de Cervo, que alberga a planta de residuos orgánicos da comarca. "Tiñamos o compromiso de facelo antes de rematar o ano e así foi, cumprimos o obxectivo adiantándonos ás problemáticas que puideron xurdir", sinala o concelleiro de Benestar Comunitario, Ramiro Fernández Rey.

"Colocamos os primeiros contedores especialmente xunto a comedores e restaurantes, así

como xunto ás casas, e pouco a pouco imos seguir implantándoos en todo o municipio", apunta o edil.

Nesta primeira xornada xa se recolleron "preto de 400 kilos de restos orgánicos para tratar na planta de Cervo, polo que somos optimistas con respecto á implantación do servizo", explica Fernández Rey.

O concelleiro quixo agradecer ao técnico de Medio Ambiente Cristian Pérez López "o gran traballo feito para que fose posible cumprir o obxectivo de poñer en marcha o servizo este ano, grazas a el estamos no punto no que estamos".

Xa hai gañadores dos certames de Nadal 2023

A Concellería de Cultura do Concello de Burela, a través da Biblioteca Pública Municipal, fai públicos os premios dos certames de postais e poesía infantil do Nadal, unha vez reunidos os membros do xurado. Nos premios de poesía, en categoría A o primeiro premio é para Teo Domínguez, de 7 anos; o segundo para José María García Fra, de 8 anos, e o terceiro para Leo Fraga Río, de 7 anos. Os tres do Ceip Vista Alegre.

Na categoría B gañou Lucas Ballesteros Pedre, Jimena Domínguez García, e o terceiro premio foi para Jorge Melo Reigosa, todos de 11 anos e do Ceip Vista Alegre.

Todos os traballos presentados nesta fase local participarán na fase provincial do certame, convocado pola Biblioteca Nodal de Lugo.

No certame de postais, en Educación Infantil o primeiro premio é para Naia Fontenla Suárez, de 5 anos e do Ceip Vista Alegre; Sergio Fernández González, de 4 anos e do Ceip Vista Alegre, foi segundo,

e terceira, Luz Gonçalves Santomé, de 3 anos e do Ceip Virxe do Carme.

En 1º e 2º de Primaria, o primeiro premio foi para Mateo Chamosa Carro, de 7 anos e do Ceip Fondo Nois; o segundo para Alejandro Diéguez Ruíz, de 6 anos e do Ceip Fondo Nois, e o terceiro para Helena Turcu, de 6 anos e do Ceip Virxe do Carme.

En 3º e 4º de Primaria, o primeiro premio é para Pedro Cociña Lestao, o segundo, para Assila Natasha Komarodin Mulyani, e o terceiro para José María García Fra, todos de 8 anos e do Ceip Vista Alegre.

En 5º e 6º de Primaria, o primeiro premio é para Jimena Domínguez García, de 8 anos e do Ceip Vista Alegre; o segundo premio, para Jean Pierre De La Nuez Cardenas, de 10 anos e do Ceip Virxe do Carme, e o terceiro premio para Clara Vázquez Cayón, de 10 anos e do Ceip Virxe do Carme.

A entrega de premios será na casa da cultura o vindeiro xoves 25 de xaneiro ás 19.00 horas.

Catro veciños levan o nome da vila por todo o mundo



A alcaldesa e o tenente de alcalde, recibiron á escritora Antía Yáñez; o creador de Grande Amore, Nuno Pico; a artista multidisciplinar, Artemisa Semedo, e a Miss Galicia +30, María Luz López; "que levan o nome de Burela por todo o mundo con orgullo e que nestes días de Nadal atópanse pola nosa vila", dixo a rexedora Carmen López.

Carmela López, alcaldesa, apunta que "é a nosa obriga como representantes do concello a de render homenaxe e trasladar o orgullo que sentimos de que persoas como Antía, Nuno, Artemisa ou Luz levan o nome de Burela como bandeira. Queremos que se sintan valorados na súa casa e tenderlles a man para posibles colaboracións".

Antía Yáñez comezou escribindo literatura infantil, pero entre as súas novelas destacan 'Senlleiras' e 'Non penses nun elefante rosa', que tivo

gran éxito de crítica e público.

Nuno Pico xa formara parte doutros grupos cando creou Grande Amore, en principio en solitario e agora acompañado por Mariágrep e Clara. Están tendo un gran percorrido por todo o estado co seu punk electrónico e en 2024 conta con facer concertos ata en Bélxica.

Artemisa Semedo é unha artista total cun gran compromiso social. Xa sexa no teatro ou na poesía sempre ten claro o seu compromiso co feminismo e contra o racismo.

María Luz López é unha muller de Burela que con 71 anos presentouse a un certame de beleza para maiores de 30 anos como entretemento nunha fin de semana e atopou nese eido unha forma de expresarse e defender a diversidade e igualdade de oportunidades, independentemente da idade en calquera ámbito da vida.

A parroquia de Ove contará con sete novos puntos de luz na zona da Palmeira

O Goberno local mellorará o alumbeado público na parroquia de Ove instalando sete novos puntos de luz na zona da Palmeira. O rexedor contou que “os veciños levaban moito tempo reivindicando un alumbeado público para a zona da Palmeira”.

Vega indicou que “nós o que imos é seguir esta liña de traballo en consenso cos veciños, escoitando as súas demandas e mellorando as parroquias. Desde un punto de vista lumínico hai que seguir mellorando. Ims seguir investindo noutras parroquias que tamén nos están a dicir que teriamos que mellorar eses puntos negros, que non é bo que sigan así. E tamén desde o punto de vista das infraestruturas. Por iso seguiremos traballando conxuntamente e estes novos puntos de luz melloran significativamente a parroquia de Ove”.

Anuncian melloras no centro de día A Concordia

O Centro de Día A Concordia celebrou o seu vinte aniversario e no que o rexedor local aproveitou para comunicar que se van facer melloras no centro.

O alcalde dixo “acabamos de investir 16.700 euros nas portas e no 2024 investiremos máis de 50.000 euros e iremos concretando en que. O edificio precisa deste investimento. Así o detectamos cando chegamos ao goberno e así o estamos a demostrar”. A Xunta de Galicia asinará un novo convenio co Concello para continuar coas melloras do seu centro de día municipal, pertencente á rede pública autonómica. O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Perfecto Rodríguez, puxo en valor os coidados especializados que se prestan nestas instalacións á vintena de maiores que acoden diariamente a elas, así como o bo facer de todo o seu persoal. Ademais, apuntou que realizaranse en colaboración co Concello novas obras de mellora, ás que se destinarán arredor de 50.000 euros.

Neste sentido, o xerente do Consorcio destacou a importancia da colaboración entre administracións para que as familias poidan ter á súa disposición uns equipamentos de calidade.

Veciños quéixanse do estado dos aparcadoiros

Veciños de Ribadeo veñen de queixarse do estado dos aparcadoiros da vila pois segundo explican, “están nun estado lamentable”.

Segundo estes veciños, “o alcalde ribadense xa leva case 7 meses ao fronte do Concello, e non puido nin botar un pouco de grava. Da pena ver o aparcadoiro, sobre todo cando chove”. Outros afectados din que “si se sinalizas como aparcadoiro polo menos debe de cumprir unha normativa básica como se esixe aos cidadáns en outros temas!. Ademais deste tema, os veciños critican que non se podaran

os castiñeiros de Indias, pois “estas árbores necesitan unha poda para evitar o desprendemento de grandes ramas”.

“O PP presumía de que “se recuperou poda das árbores da vila, pero parece que a pouca experiencia, neste caso, fíxolles esquecer os Castiñeiros de Indias”, sinalan, “ademais cando se corta unha rama non se debe de esquecer o aplicar masilla cicatrizante, para previr infeccións por fungos, bacterias e danos climáticos que puidesen debilitar ou podrecer a madeira”.

A segunda edición do Vendaval Fest será o 26 e 27 de xullo

A vila de Ribadeo acollerá o 26 e 27 de xullo a segunda edición do Vendaval Fest, un pequeno festival ao aire libre que contará con entrada e acampada gratis.

Dende a organización comunicaron que “o 28 de xullo pecharemos a fin de semana con música, vermú e foodtrucks como na primeira edición”.

Esta cita musical ribadense contou nas súa primeira edición cos concertos de Herdeiros da Crus, Gansos Rosas (Grupo tributo a Guns N' Ro-



ses), La Tarrancha, Beetle Judge, Ritmo Vudú e La Duendineta.

As festas de San Vicente de Covelas serán o 20 de xaneiro



A parroquia ribadense de Covelas celebrará as súas na honra do seu patrón, San Vicente, o vindeiro sábado 20 de xaneiro.

As actividades comezarán ás 13.00 horas cunha misa solemne, á que seguirá a sesión vermú e despois terá lugar a comida nun local climatizado. A música correrá a car-

go de Jaime Paredes.

O menú da comida estará composto por callos, carne asada, brazo de xitano, viño, refrescos, auga e café. O prezo para adultos é de 27 euros e os nenos e nenas de ata 10 anos deberán pagar 14 euros. O prazo para reservar os tickets rematará o 14 de xaneiro.

O Concello retirou 40.000 rodas das explotacións gandeiras



Ribadeo retira de xeito gratuito 40.000 rodas das explotacións gandeiras. O alcalde, Dani Vega, subliñou que “se trata de máis de 40.000 rodas que tiñan un destino, senón actuamos, como podería ser o monte, os ríos ou as parcelas e fincas nas que se atopaban. Estaban contaminando, non estabamos traballando na conservación do medio ambiente, nós isto sabíámolo cando estabamos na oposición porque moita xente nos trasladaba esa preocupación e

tamén sabemos que moitas rodas estaban enterradas ou tiradas no monte ou a carón dos ríos”.

O alcalde dixo: “non podíamos permitir isto. Non nos podíamos quedar simplemente en saber que hai que actuar, pero non facer nada. O que fixemos cando chegamos ao goberno municipal foi inmediatamente actuar, xestionar a colaboración coa Xunta de Galicia e quedámonos abraiados con esa cantidade de rodas que superan as 40.000”.

A desembocadura da ría contará cun miradoiro



A desembocadura da ría contará cun miradoiro que conxugará verde, pedra e madeira. Os traballos xa deron comezo.

O rexedor explicou que “nesta ocasión, cando nós chegamos ao goberno local, explicounos que había a posibilidade de facer un miradoiro na desembocadura da ría de Ribadeo, ao lado do Cargadoiro, que conxugara verde, pedra e madeira, que son elementos que unen e combinan perfectamente e convertelo nun espazo turístico desde o que poidamos contemplar, observar a nosa ría”.

Vega subliñou: “isto é o que se conseguiu, unha xestión moi importante para seguir mellorando as contornas verdes, un dos pulmóns de Ribadeo.

Nos, cando estabamos na oposición, xa trasladabamos esta mesma proposta ao goberno municipal anterior no pleno, onde votaron en contra”. E indicou que “nos seguimos con ese traballo constante, con esa teima de seguir facendo cousas para mellorar Ribadeo e nese mesmo discurso que entre todos podémolo facer, sen lugar a dúbidas. E traballar conxuntamente coas administracións, neste caso con Costas, a cuxo xefe provincial lle agradezo todo o traballo e dedicación. Queremos seguir nesta liña de xestión, inversión para mellorar Ribadeo”.

Estímase que as obras de construción deste miradoiro rematarán o vindeiro mes de febreiro.

“O que nos interesa é que o bo facer e as axudas veñan, de A e B”

Dani Vega fala sobre estes primeiros meses de traballo á fronte do Concello

Como leva estes primeiros meses de Goberno?

Pois moi ben. Con moita ilusión, con moitas ganas de traballar, de transformar Ribadeo e pouco a pouco estámolo conseguindo, desde o día a día e das pequenas cousas e tamén na gran xestión. Eu creo que é a chave do traballo que estamos a facer e dende logo, eu creo que o estamos conseguindo pouco a pouco entre todos. Démoslle unha volta en limpeza, as áreas recreativas, etc. é dicir, fixemos unha transformación que polo momento é máis no visual.

Non todo se fai nunha semana.

Claro, é dicir, nunha semana fixéronse moitas cousas, nun mes, moitas máis e en seis meses pois démoslle unha volta ao municipio. Tamén abrimos as portas a todas as administracións, evitamos calquera tipo de confrontación e non queremos entrar nelas, incluso as veces cos propios partidos de cada un, porque é moi distinto estar no Goberno que estar na oposición. Por exemplo, houbo unha concentración de alcaldes do Partido Popular polo Plan Único da Deputación, e eu, o alcalde da capital con máis poboación na que goberna o Partido Popular na comarca, non

acudín pois non compartín o seu sentir. Se es alcalde, es alcalde de todos e para todos e hai que saber medir moi ben os pasos, a onde vas e que fas, porque estás representando a todos. Eu estou moi agradecido ao Plan Único pero iso non ten que ver con que me guste ou non o seu partido.

Certo é que se outros partidos e administracións fan ben as cousas, hai que dicilo.

Por suposto, eu non comparto nin un catarro co presidente da Deputación, pero este señor ten unha boa capacidade de xestión. A min non me votaron os veciños para que me leve mal coa Deputación, iso a xente non é o que quere. Aos veciños e a nós o que nos interesa é que as axudas e o bo facer veñan de A e de B, é dicir, da Xunta, da Deputación ou do Goberno central.

Claro, todas as axudas benvidas sexan.

Claro, eu teño un sentimento de administración local moi forte pero tamén teño un respecto institucional con todos, o que se define en ser tremendamente institucional con todos. O que supón dicir as cousas a todos por igual, por exemplo, que a Deputación ten que recibir ao rexedor dun-

ha das vilas máis importantes da provincia? si, por suposto. E sigo agardando a que me reciba, e sorpréndeme a actitude que polo momento está tendo, pero o que me di a experiencia é hai que ser cautelosos e agardar.

Está satisfeito polo de agora coa súa xestión local?

Si. Moi satisfeito, moi contento e moi síntome moi ledos. Cando cheguei atopei cousas que non me gustaban moito e outras que si, pero o que non se pode é estar botando a culpa constantemente á herdanza recibida. Iso non é de agrado para ninguén.

Como é a súa relación coa oposición, que estivo 16 anos no Goberno local?

Eu entendo que o loito foi profundo, pero que teñen que dar o paso de mudar o loito por traballo e dedicación a Ribadeo. E polo de agora non lles noto ese cambio, non están sabendo escoitar aos veciños. A veciñanza non lles dixo que se puxeran na oposición a criticar, senón que lles dixo poñédevos na oposición e reflexionar non que puidestes fallar. Eu o que lles pido é que se fan a metade da oposición que fixemos nos, xa chega. Porque se poden propoñer, xestionar e facer críticas positivas e negativas.

Falando da gran xestión municipal, conseguiron sacar os orzamentos “récord”.

Si. Estamos tendo unha gran capacidade de xestión, pois aprobálos en cinco meses e que se incrementen en 600.000 euros na inversión fronte os de 2023, e bastante notorio. Ribadeo contará cun orzamento de 12,3 millóns de euros en 2024. Nestes presupostos acredítase unha xestión e unha colaboración coas distintas administracións. Hai que destacar a da Xunta de Galicia e a da Deputación, e esperemos que invistan mais durante este ano. Tamén se acredita que somos rigorosos e estrictos nas contas.

Tamén con moitas ganas comezou a reforma do Hospital Asilo. Como se atopan as obras?

Atópase ben en tempo e forma. Estas tarefas levarán 18 meses, malia que coma todas as obras, sábese cando se empeza pero non cando se remata, polo que poda ser que se exceda un pouco no tempo. Esperemos que non. É unha obra importante que non se visualiza desde fora pois esta-



“Eu teño un sentimento de administración local moi forte pero tamén teño un respecto institucional con todos. O que supón dicir as cousas a todos por igual”

se a traballar totalmente no interior do edificio, pero estes son os primeiros pasos para unha obra fundamental e moi necesaria para Ribadeo. Son unhas obras que teñen un orzamento de 1.600.000 euros e que se solucionan gracias á herdanza de 700.000 euros do Doutor Moreda e outros 700.000 euros da Xunta de Galicia. E a maiores, despois de que entren en vigor os orzamentos autonómicos trataremos de xestionar máis axudas para o que é o equipamento.

E no relativo ao novo centro de saúde e a súa situación?

Pois están chegando os informes preceptivos que tivemos que enviar ás administracións á raíz da modificación do Plan Xeral. A data límite para que cheguen todos os informes é o 21 de xaneiro. Despois desa data, chegaran ou non chegaran os informes, o Concello xa pode comezar a facer a modificación puntual do Plan Xeral e enviala á Xunta e aprobala no Pleno municipal.

Ten constancia de que a algúns veciños non lles gusta a localización do novo centro de saúde?

Si, de feito xa nos reunimos pero o que non escoitamos son propostas. Hai que dicir, que xa cando eu estaba na oposición este terreo non era o que máis me gustaba de todos, pero no momento que os técnicos me explicaron todas as casuísticas, non hai outro mellor acondicionado e mellor situado. Urbanisticamente é unha zona verde co cal tan só hai que facer a modificación, pero o custe non é elevado, porque o que non podemos facer é mercar un terreo urbanizable xa que tan só polo

terreo habería que gastar millóns de euros. E falando da situación, non hai moitos terreos en Ribadeo mellor situados para esta obra, de feito a Residencia Municipal de Maiores está alí tamén. Ribadeo está a medrar cara aquel lado e vaise urbanizar e mellorar toda a estrada. Polo que todos estes puntos favorecen a súa elección.

E co edificio vello que se fará?

Acondicionarase e crearanse diferentes espazos como un coworking para empresas, salas multifuncionais e tamén para a administración.

Cales son os principais eixos cos que traballará este Goberno?

Se temos que dividir por onde vai camiñar Ribadeo durante estes 4 anos podemos dicir que será un Ribadeo máis social, co Hospital Asilo, o centro de saúde e seguir mellorando o SAF. O Ribadeo máis rural cun novo plan de infraestruturas estratéxicos e pactado con todos os veciños e no que se atopa o Plan Único da Deputación ou Plan de Camiños da Xunta. O Ribadeo máis sustentable e verde, no que falamos da mellora de parques e xardíns, a mellora integral do campo de San Francisco e do xardín de Indianos, a mellora de infraestruturas e seguir traballando na limpeza. E tamén un Ribadeo con máis servizos, como a creación dun novo aparcadoiro. E por último seguir liderando que Ribadeo sexa a capital turística e cultural astur-galaica, somos a entrada e saída das dúas comunidades.



O BNG critica a suspensión dos premios de poesía Díaz Jácome e Leiras Pulpeiro

O BNG de Mondoñedo vén de criticar a suspensión dos premios XXIV de poesía Díaz Jácome para novos creadores e o XII de poesía Manuel Leiras Pulpeiro.

O voceiro nacionalista no Concello, Eloi Cabanas, apunta que estes dous certames estaban máis que consolidados no panorama poético galego xa que ademais de promover a escrita poética en lingua galega e de honrar a memoria dos nosos escritores mindonieneses tamén eran un referente no descubrimento de novas e novos talentos do xénero poético por iso que reclama que se volvan a convocar para o vindeiro ano.

O BNG pediu explicacións pola decisión de non convocar este ano os dous certames de poesía, “sorpréndenos que o Concello suspenda estes dous premios que xuntos non chegan

aos 6.000 euros o mesmo ano no que promoven a primeira edición dun novo premio de novela Álvaro Cunqueiro dotado con 9.000 euros de fondos propios”.

CONCELLO. O concelleiro de cultura, Alberto García, aclarou que os certames volverán a principios do ano que vén, co obxectivo de darlle un carácter bienal, de maneira que as contas municipais poidan asumir os custos que supoñen os galardóns, “e poder así seguir engrandecendo a reputación literaria da nosa cidade”. “Agora temos tres certames literarios que nos fan únicos en Galicia, á altura dunha cidade, froito dun importante esforzo que Mondoñedo merece, e que se iniciou hai 24 anos baixo o goberno do Partido Popular de Luis Rego”, recalcou.

O Concello compra dous inmobles para as actuacións pendentes

O Concello de Mondoñedo vén de comprar dous inmobles por valor de 55.768 euros a través do programa Rexurbe que permitirán as actuacións pendentes en Rocha Vélez e praza de San Xoán.

A compra dunha parcela por valor de 15.420 euros na Rocha de Vélez permitirá a próxima ampliación deste camiño que une a N-634 ata o casco antigo. Unha actuación de 655 metros que servirá para ampliar unha vía e mellorará acceso ao centro histórico, desconxestionando así os accesos de Xulia Pardo. Este vial dará acceso ao terreo que xa se comprara fai máis dunha década, para servir de aparcadoiro detrás do edificio emblemático do Pazo de Santo Tomé. Esta intervención permitirán tamén mellorar as entradas ata a Residencia San Rafael, Hospital San Pablo e Centro médico.



A obra contempla tamén a substitución de canalizacións, luminarias e reparar os muros de contención das parcelas afectadas

O outro inmovible está situado na praza de San Xoán cun importe de 40.348.61 servira para a humanización da Praza, nun lugar tan emblemático e transitado

ao ser acceso dos xulgados, albergue de peregrinos, Capela da orde terceira. O solo poderá ser dedicado a múltiples usos, segundo recolle o PXOM, case todos eles vinculados ao ocio. Leva consigo un proxecto de demolición do inmovible en ruínas situado dentro da Praza por 32.849 euros.



O certame Vilas en Flor outorgou dúas flores á cidade de Mondoñedo

O certame Vilas en Flor outorgoulle outro ano máis 2 flores ao concello de Mondoñedo polo interese do municipio no paisaxismo e o medio ambiente. Tamén foi valorable o mantemento dos magníficos cipreses do cemiterio. Esta iniciativa está organizada pola Asociación de Viveristas del Noroeste (ASVINOR), a Asociación de Empresas de Xardinería de Galicia (AGAEXAR); e a Fundación Juana de Vega.

Desde Vilas en Flor destacan o interese “deste concello polo paisaxismo e o medioambiente. A contorna da fonte monumental

e a recuperación do recinto abovedado convertido en museo de pezas hidráulicas ou o proxecto para poñer en valor os restos das antigas instalacións de captación de auga nunha zona do antigo mosteiro”.

“Valoramos o mantemento dos magníficos cipreses do cemiterio e a iniciativa de implantar dez novas variedades de roseiras enxertadas por alumnos da escola taller nunha nova zona axardinada. Por outra banda, continúan coa política de xardineiras con flores nos balcóns”, engadiron.

Entregados os premios do VIII Concurso de Fotografía ‘O Mellor Recuncho’



Veñen de entregarse os premios do VIII Concurso de Fotografía ‘O Mellor Recuncho de Mondoñedo’, que recaeron en José Luís Basanta co primeiro premio, en Miguel Rubal Oubiña co segundo premio e en Beatriz Loureiro Neira como terceiro premio.

Este certame ten por finalidade a elaboración dun calendario para este ano 2024 coas mellores fotografías de recunchos da localidade.

A entrega de premios tivo lugar na Oficina de Turismo e estivo presidida polo alcalde, Manuel Ángel Otero Legide, acompañado polo concelleiro de Cultura, Alberto García

Fernández, e pola concelleira de Turismo, M^a Patricia Otero Doural.

Estes premios están compostos dun lote de produtos culturais de Mondoñedo.

No mesmo acto presentouse tamén o calendario do Concello para o ano 2024 que recolle as fotos gañadoras así como outras 10 máis procedentes do concurso de fotografía. Os calendarios poden recollese na Oficina de Turismo.

Dende o Concello quérese agradecer a participación cidadá nesta iniciativa para sacar adiante un ano máis o calendario que xa forma parte da tradición mindoniense.

O Pasatempo, de Mondoñedo, prepara unha cea baile con cocido



A asociación cultural O Pasatempo, de Mondoñedo, organiza a súa segunda cea baile do Pasatempo para o 3 de febreiro, sábado, na Finca San Antonio.

As actividades comezarán ás 21.15 horas cun aperitivo amenizado polo dúo Epo-K. Ás 22.00 horas empezará a cea e a partir das 00.30 horas haberá baile de disfraces cos dúos Epo-K e Belinda.

As entradas para asistir, que teñen un prezo de 32 euros, poden mercarse en cinco establecementos hostaleiros de Mondoñedo ata o 29 de xaneiro.

29 estudantes cervenses recibiron axudas ao transporte

A rexedora, Dolores García Caramés, e a concelleira de Educación, Pilar Armada, veñen de facer efectiva a entrega das axudas para transporte dirixidas ao alumnado que cursa estudos fóra do termo municipal; sempre que se trate de formación ou titulacións que non se impartan en ningún centro do Concello.

Nesta ocasión foron 29 os estudantes que recibiron un cheque de 150 ou 250 euros, en función da renda familiar.

Tal e como explicaron dende o Concello “é unha axuda financiada integramente con fondos propios procedentes das arcas municipais, co obxectivo de botarlle unha man á mocidade cervense e ás súas familias nes-



ta etapa educativa”.

Caramés apuntou, así mesmo, que “somos conscientes do gran esforzo económico que supón para moitas familias afrontar a educación dos seus fillos por iso temos activas desde hai moitos anos este tipo de axudas”. Entre

os requisitos, por exemplo, téñense en conta os ingresos económicos da unidade familiar, que debe estar empadroada no Concello de Cervo; e o alumnado debe ser menor de 30 anos. Ademais ten que cursar algunha titulacións fóra do municipio.

Máis de 80 nenos participaron no programa Concilia polo Nadal

Clausurouse o día de Reis unha nova edición do programa Cervo Concilia no Nadal, que deu comezo o 22 de decembro e que se prolongou durante todas as vacacións escolares “co fin de contribuír o máximo posible á conciliación das familias nestas datas”.

Máis de 80 nenos de entre 3 e 12 anos, e divididos en catro clases, desfrutaron dunha completa axen-

da de actividades educativas e lúdicas pensadas para a diversión e a aprendizaxe, dirixidas e coordinadas por un equipo humano conformado por oito monitores.

A temática do Nadal foi a base de moitas das iniciativas deseñadas tanto dentro das aulas situadas na Casa do Mar, como no exterior, naqueles días nos que o tempo acompañou. Así, as crianzas fixeron

manualidades, diferentes xogos, ensaiaron as badaladas ou puideron desfrutar, por exemplo, do tren de Nadal na Praza dos Campos, entre outros moitos pasatempos e actividades educativas.

A rexedora, Dolores García Caramés, comprometeu a continuidade deste programa “polo que levamos moitos anos apostando firmemente desde o Concello de Cervo”.

Cervo recibe o galardón á mellor xestión deportiva da AGAXEDE

O Goberno local vén de recibir o premio á mellor xestión deportiva na categoría de municipios de menos de 15.000 habitantes, que outorga AGAXEDE (Asociación Galega de Xestión Deportiva).

A rexedora recolleu o galardón, acompañada polo edil de Deportes, David Rodríguez, na gala dos XIV Premios Galicia á Xestión Deportiva, que se celebrou na Coruña no marco do I Encontro da Xestión Deportiva de Galicia, que reuniu a un cento de persoas vencelladas a este mundo.

Na súa intervención, a alcaldesa agradeceu o recoñecemento e puxo de manifesto que “somos un Concello privilexiado en instalacións. Coa única piscina olímpica



da provincia, e tamén por exemplo coas únicas pistas de atletismo homologadas da Mariña, pero tamén privilexiado, especialmente, pola implicación dos clubs, dos deportis-

tas locais e da veciñanza, que son os principais responsables de encher de vida eses espazos...que é ao final o máis importante...Que teñan vida propia”.

O Concello mellora distintas arterias de comunicación nas parroquias



O Concello de Cervo acomeu traballos de mellora de distintas arterias de comunicación da parroquia de Sargadelos. En concreto, actuouse nun tramo de 343 metros lineais cuxa superficie total ascende a 1.269,20 m2.

A alcaldesa, Dolores García Caramés, e o concelleiro, Alfredo Fernández, supervisaron a actuación en compañía do pedáneo de Sargadelos, José Luis Peña para ver in situ a obra que supón unha mellora da rede viaria da parroquia e que está cofinanciada pola Xunta de Galicia, con fondos AGADER dentro do Plan Marco de Melloras de Camiños Municipais de Acceso a Parcelas Agrícolas e que supuxo un investimento de 18.131,52 euros.

Caramés explicou que a obra -xa rematada- foi concibida co obxectivo de mellorar o firme destes camiños sen variar a súa natureza, conseguindo unha boa evacuación e drenaxe das augas pluviais.

GONDRÁS. Tamén está a executar traballos de mellora na rede viaria do lugar de Gondrás. En concreto estase a actuar sobre o camiño que une a zona de Verdellas con Saltos “facéndoo máis cómodo, seguro e accesible para a veciñanza”.

A actuación, tal e como explicou a alcaldesa, abrangue unha superficie de 1.250 m2, e contempla a reparación do firme co que conseguimos “mellorar a seguridade tanto do tráfico peonil como rodado”. Ademais, procederase a facer unha limpeza dos canos para facilitar o discorrer das augas pluviais.

A obra supón un orzamento de preto de 50.000 euros -47.892,05 euros concreta-

mente- procedentes das arcas municipais e responde á filosofía que perseguimos desde o goberno de ir potenciando o noso rural, equilibrándoo coas zonas urbanas “con infraestruturas de calidade para a veciñanza e tamén para impulsar o establecemento de novas familias”.

CERVO. No núcleo de Cervo tamén se están a levar a cabo traballos de mellora na avenida de Galicia e na rúa Xosé María Cao (no tramo avenida de Galicia-Centro de Saúde), cuxo ámbito de actuación supera os 7.000 m2 co obxectivo de mellorar a accesibilidade e a seguridade viaria nesta zona tan transitada.

Tal e como explicou a alcaldesa, “a obra supón un orzamento que supera os 200.000 euros -212.134,78 euros concretamente- procedentes de fondos propios do remanente de tesourería” e suporá unha mellora do firme, da accesibilidade e tamén da rede de saneamento, en varios tramos da zona.

Os traballos consistirán pois na renovación do firme, mellorando as condicións para a circulación rodada, na renovación da sinalización horizontal e do mobiliario urbano; e tamén se procederá a facer unha distinción do tráfico rodado e do peonil ante o edificio municipal do GES e da Policía Local mediante a execución de beirarrúas. Así mesmo, tamén se vai eliminar parcialmente a illa central existente na avenida de Galicia para posibilitar o cruce dos vehículos que circulen en sentido descendente pola avenida cara a rúa do Vilar, coa correspondente renovación da rede de saneamento nesa zona.

O 20 de xaneiro será a Xeoruta das Minas da Pontenova

O 20 de xaneiro seguirá na Pontenova o programa de Xeoturismo, no que a inscrición para participar está aberta.

A xerente do PSTD, Tania Hermida, explicou que “avanzamos no programa de Xeoturismo cunha nova Xeoruta prevista para este mes de xaneiro. O 20 de xaneiro realizaremos a Xeoruta das Minas, na Pontenova. Aquelas persoas interesadas en participar poden atopar toda a información e inscribirse na web amarinalucense.gal”.

Son 22 as actividades previstas dentro deste programa de Xeoturismo. Na que xa se fixo a primeira por Trabada, e haberá outras dúas en febreiro. Logo o grosa da programación desenvolverase durante os meses de marzo, abril, maio, xuño e setembro.

Catorce persoas participaron na Xeoruta de Cerrochán, por terras de Trabada, que foi guiada polo xeólogo Iván Lombardero. Os asistentes mostráronse moi interesados en todas as explicacións contextualizadoras. Lombardero foilles contando polo camiño a orixe e o por qué dos diferentes tipos de rochas atopadas, a formación dos pregamentos, dos granitos, lousas, etc.

O triplo campión do mundo de Pesca a Mosca estará na Festa da Troita 2024

Os organizadores da 44ª Festa da Troita do Concello da Pontenova, declarada de Interese Turístico Galego e de Interese Turístico Deportivo Nacional, seguen coa presentación de participantes para a edición deste ano.

Así, estes días informaron que o campión francés Pascal Cognard, confirmou a súa presenza nesta festa. Segundo a CIT “Pascal é o auténtico referente e figura case mítica no mundo da pesca de competición”. O seu palmarés é verdaderamente insuperable: tres veces consecutivas Campión do Mundo de Pesca a Mosca.

Tamén confirmaron asistirán que Sara Rodríguez de Anove Televisión, Francisco Fernández da revista Entre Cañas, Óscar Arratia e Sebas Cuestas de Río de la Vida, Eduardo Fernández de Terabitia Comunicación, Rafa González de Orbayu y Naturaleza e Kike Calleja de Río Salvaje.

Por outra banda o CIT da Pontenova acordou conceder a Troita de Ouro a título póstumo a Ramón Castro, Mundito. “A súa exemplaridade como veciño, como médico, como pescador e como activo colaborador do CIT, lévamos a homenaxealo na Festa da Troita de 2024”, sinalan. “O seu pasamento hai uns días deixou unha fonda tristura na veciñanza e no colectivo de pescadores. Mundito foi un gran embaixador da Pontenova e do río Eo”, din dende o colectivo.



O Concello, hai uns anos, nomeouno Fillo Adoptivo recoñecendo o seu labor de divulgación dos valores da Pontenova e de defensa da pesca e do río Eo. Ramón Castro era o actual director técnico do concurso do salmón.

O IES Enrique Muruais estrea club de ciencias

Preto de 7.200 alumnos de 205 centros aprenden este curso as posibilidades das ciencias e a tecnoloxía a través do programa Club de Ciencia, cuxa resolución figura no Portal Educativo e que supón a incorporación de 42 novos centros e máis de 1.200 estudantes.

Entre os centros seleccionados, atópase o IES Enrique Muruais da Pontenova, que tivo que presentar un proxecto coas tarefas que desenvolven no programa. Cada proxecto conta cun profesor coordinador e profesores colaboradores que poderán certificar 30 horas ou 20 horas, respectivamente, en innovación educativa. O orzamento total destinado para este curso ascende a 200.000 euros.

Ademais do centro pontenovés, na provincia de Lugo incorpóranse o CPI Virxe do Monte de Cospeito, o IES Río Cabe de Monforte de Lemos e o IES Basanta Silva de Vilalba.

O obxectivo do Club de Ciencia é impulsar as vocacións científico-tecnolóxicas entre a rapazada. Para iso, promóven-



se capacidades, coñecementos e técnicas para aumentar o interese dos participantes en diversos campos da ciencia e a súa aplicación na tecnoloxía. A creación destes contornos de aprendizaxe impulsa vocacións no ámbito da ciencia, as matemáticas, a enxeñaría e a tecnoloxía e encamiñan o alumnado a estas titulacións.

A actuación enmárcase na Estratexia Educación Dixital 2030 da Consellería de Educación co obxectivo de mellorar as competencias dixitais e científico-tecnolóxicas do alumnado.

Seguen as presentacións do libro recompilación de Edelmiro Méndez



Continúan as presentacións do libro ‘Edelmiro Méndez. Da terra que fomos’, unha recompilación de imaxes do fotógrafo pontenovés Edelmiro Méndez publicada pola editorial Canela coa colaboración da Vicepresidencia da Deputación de Lugo.

Así, durante o Nadal foi a quenda de Lugo, na que o autor do libro Xosé Manuel Méndez presentou a publicación, que inclúe 219 fotografías en branco e negro realizadas por Edelmiro Méndez entre os anos 1957 e 1964 no concello da Pontenova e na contorna máis próxima, confor-

mando un conxunto de gran valor histórico, etnográfico e documental que representa a sociedade local tradicional, recoñecible aínda por moitas persoas, cando iniciaba a transformación que se consolidaría anos despois.

O discurso visual do libro percorre o ciclo vital das persoas, que o fotógrafo rexistra desde o nacemento ata a morte, nas festas lúdicas e relixiosas, romarías, xogos, divertimentos, vodas, mallegas e outros aspectos do ciclo agrícola, festivo, etc.

Aprobada a nova planificación industrial para o polígono

O Consello da Xunta aprobou recentemente a planificación solo industrial en Galicia para os vindeiros anos e que afecta a 24 ámbitos e 18 concellos, o que permitirá desenvolver 662.321 metros cadrados.

Entre os 18 concellos afectado atópase o do Valadouro, e segundo a voceira socialista, María Xosé Barreira Goás, “este novo solo para o polígono industrial atópase na estrada LU-152 dirección de Ferreira-Foz, por detrás do punto limpo do Valadouro e preto do campo de fútbol”.

Agora toca atopar financiamento e para o que espera “ter o apoio da Deputación de Lugo e da Xunta de Galicia, seguiremos buscando financiamento para el. E algo polo que se loitou moito nestes anos”.

Así mesmo malia que malia que é unha boa noticia di que



“é pouco terreo e que con un polígono máis grande poderían asentarse máis empresas”.

A segunda modificación do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais inclúe ao Valadouro, Meirama e Mondariz,

e nos que indica que “co fin de trasladalas a un emprazamento máis axeitado, porque se prevé unha mellor acollida na nova localización ou porque o traslado poida axudar a salvar algún obstáculo técnico ou loxístico”.

A OPOSICIÓN FALA

A oposición pontenovesa é consciente de que a nivel político o importante é que o pobo vaia cara adiante

“Son máis os sacrificios que os beneficios, xa que estar na oposición conleva sacrificios na vida persoal e económicos, e moitas veces a soidade de estar na oposición”, di Novo

O papel da oposición nun Concello é o de controlar e vixiar ao Goberno local, así como velar polas necesidades da veciñanza.

Concepción Novo, voceira do Partido Popular, e Xorxe Gómez Rico, do Bloque Nacionalista Galego, son os que exercen este labor na Pontenova e apostan desde o seu cargo por levar iniciativas aos plenos e por traballar por e para a veciñanza. O PP está representado por Novo, que conseguiu 3 escanos, e o BNG, que mantivo o seu edil.

Novo, natural da Pontenova, é técnica de raios de profesión e está vinculada a formación popular desde hai moitos anos. E Xorxe Gómez Rico, que rexenta un negocio de perruquería na localidade pontenovesa, xa fora segundo na lista nos comicios do 2019.

Novo comezou na vida política do pobo “fai máis de 20 anos xa que me gustaba participar e dar ideas para



O PP non goberna na Pontenova desde o 2003 e Concepción Novo cre que “se volvera a liderar o Concello, dende o PP aportaríamos estabilidade, seriedade, rigurosidade e transparencia ao Concello”, e pola contra o BNG di estar preparado para gobernar “e para facer do Concello un lugar mellor para vivir e traballar. Achegamos tamén moita máis transparencia e podemos facelo porque neste momento temos un equipo de xente moi bo e xente nova con ganas de traballar”.

dirección, afirman, “creando un clima de colaboración e consenso entre os diferentes axentes económicos, sectores sociais e institucións, para ofrecer aos cidadáns un pobo máis moderno, dinámico e innovador, aproveitando tamén toda a nosa riqueza agroforestal e gandeira”. Neste tema o PP di que e o seu proxecto para o municipio, pasa por “desenvolver certos sectores como a industria e o comercio, nos que antes era referencia o noso concello”.

necesita casa”, di Gómez Rico, “hai que levar vida ás aldeas e programar actividades de todo tipo non só no centro urbano senón tamén no rural e hai que crear unha oficina que xestione e axude na creación de empresas”.

En canto aos sacrificios que supón formar parte da oposición dun concello, Gómez Rico sinala que “a nivel persoal o peor que levo é a falta de tempo polo meu traballo pero fago con gusto este labor e espero que ao final da lexislatura os veciños saiban que poden contar comigo”, aínda que engade que “espero non cometer moitos erros que seguro que algún haberá”. Ademais, di que por estar na oposición “non se cobra nada”, tan só 50 euros por asistir a cada pleno.

Para Novo son máis os sacrificios que os beneficios, xa que explica que estar na oposición dun Concello conleva “sacrificios na vida persoal, sacrificios económicos, e moitas veces a soidade de estar na oposición”, e se hai que falar de beneficios di que “beneficios ningún, todos nos presentamos cun proxecto para gobernar e facer realidade o noso programa, cousa que na oposición non podemos facer”.

No relativo aos pactos de goberno para ter gobernos estables, teñen opinións diferentes pois o BNG di estar de acordo “sempre que beneficien ao pobo. Pois iso é a política”, e para o PP, “depende con quen, depende das circunstancias e das coincidencias programáticas”.

Non teñen palabras críticas para o equipo de Goberno local do que din “que as relacións son boas de momento, temos un clima de cordialidade, educación e respecto”, di Novo. E “toda a xente que está no Concello tanto no Goberno como na oposición son, primeiro de nada veciños”, engade Gómez Rico.

Pero ambos destacan que o importante a nivel político é soamente que A Pontenova vaia cara adiante e mellorar a calidade de vida de todos os veciños na medida do posible.



“Hai que levar vida ás aldeas e programar actividades de todo tipo, non só no centro urbano senón tamén no rural e hai que crear unha oficina que axude na creación de empresas”, di Gómez

actividades, que o pobo fora a máis, ter unha mellor calidade de vida e sobre todo que mellorara o benestar dos veciños”. Esta pontenovesa vinculouse ao PP “porque era o que máis se axeitaba coas miñas ideas e os meus valores”.

Pola contra Gómez Rico, entrou a formar parte da ERGA “con quince anos comecei, e con dezaseis entrei na ANPG, despois máis adiante fíxenme militante do BNG e aquí sigo”. Nestas eleccións de 2023 concorreu arroupado por unha candidatura formada por xente moza, xente das parroquias e da vila.

A popular, Concepción Novo, di que se preocupa moito polos veciños e o seu benestar e axuda ao seu partido “estando sempre na rúa para escoitar as demandas da veciñanza”. E o BNG indica que o seu partido axuda na medida do posible pois “tan só temos un concelleiro, pero iso non impide que esteamos aí e intentemos achegar ideas”.

No relativo ao futuro, desde o BNG aseguran que é posible un futuro mellor, aproveitando e desenvolvendo as potencialidades do municipio, que son moitas. Para iso é necesario remar todos na mesma

Para o Partido Popular, as necesidades do municipio comezan en intentar afianzar e atraer poboación, facilitar a creación e asentamento de empresas, e en crear emprego para a mocidade. Outra das liñas do seu programa “é o benestar social, o coidado dos maiores, e nenos, así como o coidado medioambiental e a potenciación turístico e industrial”, sinala Novo. E para o BNG pontenovés as necesidades son similares pois “o Concello necesita agora mesmo máis vivenda de alugueiro xa que oferta neste momento moito traballo e está a chegar xente de fóra que

O Vilou Spring Fest 2024 contará coa Panorama e El Combo Dominicano



Vilanova de Lourenzá acollerá un ano máis o seu festival, Vilou Spring Fest, que se celebrará o 28 de marzo, coincidindo coa Semana Santa.

Esta cita musical contará como prato forte coa actuación da Panorama e El Combo Dominicano, pero tamén participarán outras orquestras aínda por confirmar.

As entradas, aínda non están á venda, pero dende a organización avanza que se porán á venda no mes de febreiro

e que aínda están fixando os prezos e os puntos de venda. Este evento está organizado pola asociación Conde Santo coa colaboración do Concello de Lourenzá.

Na edición anterior contaron con dous días de festas e coas actuacións da Panorama, o grupo Beatriz, Conxuro discomóvil e os DJ Billy e Dani Rego. Así mesmo, nestas datas de Semana Santa adoita celebrarse a concentración de vehículos clásicos VespaFaba & Clásicos.

O BNG critica que o Goberno local “non facilite as actas das xuntas”

O BNG de Lourenzá, viuse na necesidade de rogar en Pleno municipal que lles facilitasen o acceso as actas da Xunta de Goberno Local posto que “eses acordos son o medio fundamental do que dispoñemos dende a oposición para controlar, fiscalizar a xestión e garantir a transparencia das actuacións do grupo de goberno, sendo este un dos principios básicos do funcionamento democrático das administracións locais”, sinala a voceira do BNG, Belén Fanego.

As actas da Xunta de Goberno local chegan con máis dun mes de atraso. “Suponse que se celebra unha cada mes, pero dende o mes de xullo só temos dúas no noso poder. Ata a data de hoxe escusándose en diversos motivos (lei de protección de datos, ausencia de persoal, etc) non foron quen de facilitarnos un acceso áxil as resolucións da Alcaldía o que dificulta e fai imposible a nosa labor como oposición”, di a voceira nacionalista laurentina.

O grupo nacionalista dende a oposición, reitera o seu compro-



miso coa defensa dos intereses xenerais das veciñas e veciños así como a súa disposición a colaborar en todo o que sexa beneficioso para o municipio. “No noso traballo como grupo municipal, presentamos unha moción para recuperar a atención pediátrica en Lourenzá”.

Así mesmo, rexistraron un rogo en setembro para que se reduci-se durante unha hora o son das atraccións durante a Festa da Faba “rogo que non foi tido en conta e unha pregunta sobre o Plan de

seguridade da mesma posto que non houbo presenza de ambulancia durante eses 2 días e soamente estivo presente na carreira da Faba”, engade Fanego.

“Presentamos outra moción para a mellora do SAF e das condicións laborais das súas traballadoras, na que se pedía entre outras cuestións, velar pola saúde laboral das traballadoras, e revisar os protocolos de xeito que cando se realicen tarefas que impliquen un maior esforzo, sexan dúas as persoas encargadas de facelo evitando así caídas dos usuarios ou danos nas propias coidadoras”, di a nacionalista, “a moción foi rexeitada”.

Así mesmo, apuntaron a necesidade de novas localizacións para a recollida selectiva de lixo nas parroquias, acercando contedores de vidro, papel ou plástico a varias zonas do rural que o precisan.

E rogaron que solucionen “o abandono no que se atopa o entorno do Punto Limpo e unha maior axilidade na recollida de materiais voluminoso nos domicilios”, rematou dicindo.

O grupo Fauna 113 gañou o premio Conde Santo do V Certame de teatro



O grupo Fauna 113, de Vigo, gañou o premio Conde Santo á mellor de representación na quinta edición do Certame de Teatro Concello de Lourenzá. Estaba dotado con 750 euros e o trofeo correspondente.

O premio Lourenzo ao mellor actor recaeu en Carlos Rebolo, de Hipócrata Teatro, de Lugo. O premio Ana á mellor actriz foi para Iris Darriba, de Fauna 113. O premio ao mellor actor de reparto foi para Xabi Prieto, de Teatro

Carauta, de Santiago. Lucía Cougil, de Coles Teatro, recibiu o premio á mellor actriz de reparto. Para Teatro Carauta, coa obra Moito ruído e poucas noces, foi o premio á mellor posta en escena. E o premio especial do público recibíuno Pan con chocolate, do grupo Ollomao de Barreiros. O punto final á gala de entrega de premios, celebrada na noite do pasado sábado, púxoo Ítaca Teatro coa representación do monólogo Anacos.

As obras de rehabilitación integral do colexio xa foron licitadas

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades licita as obras de rehabilitación integral do Colexio de Educación Infantil e Primaria de Riotorto, ás que destina un orzamento de 530.000 euros.

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, visitou o centro para explicar o alcance das actuacións, moitas delas enfocadas a reducir o consumo enerxético e, con iso, as emisións contaminantes. “As instalacións serán máis confortables, modernas e sostibles”, apuntou.

As empresas interesadas en optar á licitación poderán presentar as súas ofertas ata o día 12 de xaneiro. O prazo máximo de execución dos traballos será de cinco meses.

As intervencións para incrementar a eficiencia enerxética comprenden o illamento da fachada con sistema tipo SATE, a substitución da caldeira de gasóleo por unha de biomasa, e a renovación das carpintarías da planta baixa -incluíndo persianas e



caixas de persianas- para reducir a permeabilidade do aire.

Así mesmo, no interior vanse instalar luminarias LED con regulación lumínica en aulas e detectores de presenza en zonas comúns e aseos, e colocaranse falsos teitos con illamento acústico en distintas dependencias, entre outras medidas.

Tamén se acometerán outras tarefas, como a substitución do lucernario de policarbonato ondulado que se atopa entre o colexio e o polideportivo por un de policarbonato compac-

to, a reparación de zonas puntuais da cuberta e do revestimento das paredes, ou o cambio dos canlóns e baixantes de augas pluviais, que se unirán ao saneamento existente.

Sobre o beirado que rodea as dúas plantas de todo o colexio existe un paramento vertical ao que se lle dará un tratamento similar ao do resto da fachada pero sen incluír o illamento.

O proxecto tamén prevé o pintado interior do centro e a eliminación dunha porta na sala de máquinas.

“O único apoio que temos é un local para ensaiar e dar clase”

José Manuel López é o presidente da AC Banda de Música de Lourenzá

Cando e como nace a Asociación Cultural Banda de Música de Lourenzá?

Pois a Asociación nace de unha idea que xurdiu no confinamento, cando non podíamos tocar nin traballar comezamos a pensar na casa (a miña muller é parte da directiva e músico da banda) que estaría moi ben ter algo deste tipo para que os músicos da vila nos puidésemos xuntar para tocar todos xuntos xa que o único que había era unha asociación de música tradicional na que instrumentos como os metais ou as madeiras non teñen lugar.

Con que motivación xorde?

Realmente un pouco o que dixen antes, que a xente que queira poida aprender a tocar un instrumento que non sexa Gaita ou Tamboril e que teñan un lugar onde poder desenrolar a súa música.

Que obxectivos ten?

Obxectivos moitos, pero creo que os principais son que a cultura do noso pobo non sexa reducida a un pequeno tipo de música e que se poida gozar de outras cousas que só unha banda de música pode ofrecer, tamén que quen queira acadar unha formación musical axeitada e de calidade dentro das nosas posibilidades, que os nenos poidan acceder a algo que se pensa que é unha actividade de “ricos” xa que o custo dos instrumentos e do material é elevado e por último, como non podería ser doutra maneira, que o nome do noso pobo se coñeza máis aló da nosa comarca xa que fomos tocar a lugares que nin coñecían a existencia da nosa vila e moito menos o que podía ofrecer, iso para nós pódese dicir que son os obxectivos máis importantes.

Cantos membros teñen?

A día de hoxe, entre directivos, colaboradores na escola, alumnos, pais e músicos das agrupacións somos arredor de 50 persoas, non sempre estamos todos e algunha vez convidamos a compañeiros e coñecidos a que nos veñan botar unha man en ocasións importantes, como fan todas as agrupacións evidentemente, pero esperamos que nun futuro próximo se anime moita máis xente e se unan a nos.

Como é o traballo como director dunha Banda?

Traballo? non, para min non é traballo, traballo significa ter unha remuneración económica e uns horarios que cumprir. No noso caso, co pouco tempo de andaina que ten a nosa banda e co presuposto que

se pode manexar nin por asomo se nos pasa pola cabeza pagar a un director, sería a ruína total e o tema dos horarios como somos todos coñecidos sempre intentamos poñernos de acordo, entón non, Traballo como tal non é. Pero ben, despois desta aclaración que moita xente non o sabe, teño que dicir que estou orgulloso tanto dos meus alumnos como dos músicos que forman parte da Banda de música, o traballo realmente fano eles, estudando as cancións e dedicando tempo ó seu instrumento para mellorar e poder chegar a tocar todo o repertorio que na maioría dos casos eles mesmos me piden, eu simplemente intento que respecten as partituras e a música o máximo posible e intento manter algo de orde nos ensaios xa que sendo moitos se todos fan o que queren sería un caos e ben, o que si que intento é axustalos tocando o máximo posible xa que si varios tocan o mesmo non pode parecer que toquen cousas distintas, pero o dito, o traballo máis grande é propio dos músicos.

De onde vén o seu amor pola música?

Sen lugar a dúbidas teño que dicir que de familia, meu bisavó paterno era artesán de gaitas nunha peque-

na aldea do Concello de Friol, meu bisavó materno facía frautas de prata, meu avó paterno foi un saxofonista moi coñecido das orquestras lucenses dos anos 60 e 70, miña nai era baixista e cantante de orquestra e meu pai foi músico militar durante 30 anos e aínda a día de hoxe é músico da orquestra Trébol. Adóitame contar miña nai que cando nacín meu pai aínda estaba acabando o conservatorio e xa traballaba entón as súas horas de estudo eran moi limitadas e chegou o punto no que para que eu me durmira polas noites tiña que estar meu pai tocando, se non era un problema de choro continuo.

Da man da banda, naceu a Pituband, con que motivación?

O nacemento da Pituband era necesario, xa que os nenos e pequenos artistas que se comezan a formar na escola tamén queren saír a tocar e moitas veces non son capaces de interpretar as obras e cancións que se tocan como din eles “na banda dos maiores”, entón cando conseguimos xuntar un número suficiente destes pequenos ou novatos artistas naceu a Pituband, que a día de hoxe está formada por máis de 10 nenos e nenas menores de 18 anos (máxi-



mo de idade para este tipo de formacións) e que traballan arreo para poder comezar na banda dos maiores canto antes, de feito xa hai algún que vai con eles.

Aos nenos gústalles formar parte?

Pois habería que preguntarlles un a un, pero está claro que se non lles gustara formar parte non existiría, entón eu case me decanto por dicir que si, e a realidade que se ve nos ensaios semana tras semana son caras de alegría, esforzo e comentarios dos pais dicindo encantados que os nenos están desexando que chegue o día para ir co seu instrumento a tocar todos xuntos.

Que proxectos de futuro teñen pensados durante o ano 2024?

O máis salientable que se pode dicir do 2024 é que se está a organizar unha viaxe en Marzo a terras do sur de España, en concreto xa hai cerrados contratos con Irman-

dades de Ceuta e Córdoba, para participar nas procesións de Semana Santa, estamos valorando a posibilidade de participar por 3º ano consecutivo no Certame Galego de Bandas, no cal este ano acadamos o segundo premio na nosa categoría, e tamén barallando opcións de participar noutros certames fora da nosa comunidade.

Participaron en varios festivais, algún que lembre especialmente?

Si, o festival que máis recordo e que o utilizo como exemplo miles de veces foi o Certame Galego de Bandas de música do 2022 en Cellanova, éramos a banda máis moderna da historia da Federación galega de bandas e sen lugar a dúbidas foi unha experiencia moi bonita para todos e serviu para aprender que o que algo quere algo lle costa.

Teñen apoio institucional ou dalgunha entidade?

O único apoio que temos é un local no que o Concello de Lourenzá nos deixa ensaiar e “dar clase”, intentouse ter algo de apoio económico pero conseguiuase os dous primeiros anos por medio dunha subvención á cal optan todas as asociacións do Concello e que ben, foi diminuindo de cantidade no momento que máis asociacións se foron presentando a ela ata chegar ó punto no que dita subvención daba máis traballo para solicitala e supoñía máis custo do que realmente axudaba entón este ano pasado xa non se optou a ela.

Que lle piden ao Goberno local?

Ó goberno local pedímoslle que se impliquen, sempre dentro das súas posibilidades e entendendo que non somos a única asociación do Concello e que todos temos o noso lugar, pero tamén facéndolles saber que cada ano que pasa somos máis, imos a máis sitios e que necesitamos urxentemente que se decidan a axudarnos en condicións, tanto economicamente como organizativamente para poder seguir desenrolando as nosas actividades e non ter que chegar a un punto de que os socios corran única e exclusivamente cos gastos derivados delas xa que iso suporía a desaparición.



vegadeo

O TSXA respalda ao Concello ao rexeitar o eólico de La Espina

O Concello de Vegadeo vén de recibir o respaldo do Tribunal Superior de Xustiza de Asturias á súa decisión de rexeitar o plan especial do parque eólico A Espina, o primeiro que se tramita para o concello.

Así, desestimouse por considerar que é "incompatible cos intereses públicos que debe defender o Concello". A sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Asturias desestimou o recurso contencioso-administrativo interposto pola empresa Espina Energy, S.L.U. contra o acordo ditado polo Pleno, aínda que contra o fallo cabe recurso.

O alcalde de Vegadeo, César Álvarez, valora positivamente a decisión do TSXA debido a que permite facer valer o interese xeral.

Para o Concello esta sentenza ampa-



ra o dereito da Administración local a decidir sobre o que se instala no seu territorio. Porque, o goberno local móstrase a favor das enerxías renovables, pero contrarios a que a comarca se converta nun "macro parque eólico". De feito, a localización dos aeroxeradores deste par-

que estaba pensada para un monte que vertebra o concello e daría continuidade a outros parques eólicos existentes. Con todo, non se opoñen a buscar outras localizacións que poidan "achegar beneficios para os veciños e non supoñan impacto paisaxístico".

O equipo de voluntariado de Mañás activas de Xove recibiu un agasallo

Na véspera de Reis, Cristina Iglesias Guerreiro, concelleira de Xuventude e Deportes de Xove fixo entrega dun diploma e un obsequio a Nerea Díaz Díaz e Alejandro Parapar Fernández como agradecemento pola súa participación no programa de voluntariado xuvenil Mañás Activas.

Este programa ofertou actividades de conciliación e lecer para un grupo de 40 nenas e nenos a partir dos 10 anos durante as mañás de xullo e agosto do pasado verán.

Estas actividades foron organizadas polas Concellerías de Xuventude, Deportes e a Oficina de Información Xuvenil dentro do programa de voluntariado xuvenil da Xunta de Galicia.

Por outra banda, xa teñen aberta a



listaxe para participar no proxecto de voluntariado xuvenil para o vindeiro verán 2024. Para máis información no centro xuvenil ou chamando ao 982 571 816.

alfoz

O Castelo de Alfoz prepara para o 12 de febreiro a festa de Entroido 2024

A Asociación Cultural e Xuvenil O Castelo en colaboración co Concello de Alfoz organizará a festa de Entroido 2024 na xornada do luns 12 de febreiro.

Nesta celebración de Entroido haberá un concurso de disfraces no que poderán participar nenos, adultos, charangas e haberá tamén dous premios especiais para comparsas.



Carballido honrará a San Sebastián o 20 e 21 de xaneiro

A parroquia de Carballido, no concello de Alfoz, celebrará a súa festa na honra de San Sebastián os días 20 e 21 de xaneiro, sábado e domingo. Haberá carpa climatizada.

As actividades empezarán o sábado ás 13.00 horas con misa solemne, procesión e sesión vermú co dúo Sensación. E pola noite haberá verbena co dúo Sensación, All Stars, o dj Marcos Peón e Conxuro Discómvil.

E o domingo a partir das 13.00 horas celebrárase misa, procesión e sesión vermú con Belinda.



O certame de Postais de Nadal tivo unha alta participanción

A finais de decembro fíxose público o nome dos gañadores do XXI Concurso de Postais de Nadal.

Este ano o premio para a categoría de Educación Infantil foi para Martiño Ramil Vizoso, o da categoría de 1º ciclo de Educación Primaria foi para Roi Pérez Díaz, o da categoría de 2º ciclo de Educación Primaria foi para Leyre Carballal Souto e, ademais, nesta mesma categoría outorgouse un Premio Especial do Xurado a Uxía Vivero Santín ante a gran dificultade coa que se atopou o xurado pola calidade de todos os traballos presentados. Todo o alumnado do Ceip Castro de Ouro de Alfoz participante ten



un diploma e un pequeno agasallo polo seu esforzo e creatividade. Os nenos e nenas que non o recolleron poden achegarse á Biblioteca Municipal.

Este concurso está incluído dentro das Actividades de Dinamización da Biblioteca, no Plan Único

da Deputación Provincial e subvencionado pola mesma.

Estas postais son a imaxe dos calendarios 2024 do Concello de Alfoz, que están dispoñibles para que as desexe na Casa do Concello, Casa da Cultura e enviaranse ao Ceip.



101 ANOS. A veciña, Carmen Marrube Otero, celebrou o seu 101 aniversario rodeada da familia na súa casa de Carballido. Con motivo desta celebración, achegáronse ao seu domicilio a alcaldesa, Efigenia Maseda, e o Concelleiro de Educación, Igualdade e Participación, Eliseo Lorenzo, como representantes do Concello, para agasalalla cunha cesta de diferentes produtos e flores. A alcaldesa afirma que "é un luxo poder pasar un tempo agradable cunha veciña como Carmen nun día tan especial".

Rematada a obra de mellora da contorna do centro cívico de Xove



O Goberno local informou de que case xa están rematadas as obras de mellora e seguridade na contorna do parque e o centro cívico. Estas tarefas consistiron na peonización da rúa que une ambos espazos para así “mellorar a seguridade na zona pois durante o verán é unha zona moi concorrida polos nenos”, dixo o alcalde de Xove, Demetrio Salgueiro.

Os traballos foron adxudicados a finais de verán por un importe de 152.000 euros e incluíron tamén a creación de novas prazas de aparcadoiro fronte o Camiño Real e detrás do pavillón, o que fixo que

se perderan entre 18 e 20 prazas xusto fronte ao centro cívico.

Nesta zona tamén se localiza a casa do Concello, a piscina, as oficinas municipais e o salón de actos polo que “gañamos en seguridade”, si Salgueiro, “xogan no parque ou na praza e pódese escapar algún balón e que ocorra algún accidente, por iso decidimos acometer esta mellora”.

No inicio da rúa colocáronse uns pivotes retráctiles para que se poidan subir e baixar cando sexa necesario o acceso como nos días de mercado, emerxencias ou o propio servizo so concello.

O Concello aproba un orzamento que ascende a 8.3 millóns de euros

O Pleno de Xove aprobou, con 7 votos a favor do PP, 3 abstencións do BNG e 1 voto en contra do PSOE, os orzamentos para o vindeiro ano 2024 e que ascenden a 8.300.000 euros.

Con relación ao orzamento de 2023, último orzamento aprobado, o de 2024 supón un incremento do 7,24% tanto no estado de gastos coma no de ingresos. O estado de ingresos supón un incremento idéntico de 560.000,00 euros e os créditos de gastos por operacións correntes importan un total de 7.500.120, euros. Nos ingresos, as previsións que se teñen en conta son as tarifas establecidas nas distintas ordenanzas e outros ingresos diversos e ascenden a un total de 8.033.200 euros e distribuídos en impostos directos, 3.940.000 euros; impostos indirectos, 1.620.000 euros; taxas e outros ingresos, 579.000 euros; transferencias correntes, 1.673.500 euros; e ingresos patrimoniais, 220.700 euros. No capítulo de gastos repártense en persoal, 3.621.000 supón o 43,63% do total; bens correntes e servizos, que se elevan a 3.356.820 euros e supón o 40,44% do total; gastos financeiros, 2.600 euros e é o 0,03% do total; e as transferencias correntes en concepto de premios, axudas, subvencións ás, asociacións, clubs deportivos, outras administracións, etc., que se cuantifican en 519.700 euros, o cal supón o 6,26% do total. O capítulo de inversións reais é de 799.880 euros, superior ao de 2023 en 100.410 euros. Nel destaca as aportacións externas como a da



Deputación e o Plan Único para a obra de acondicionamento e mellora de diversos viais e por importe de 198.000 euros; a aportación do Fondo de Compensación Ambiental para a obra de restauración da Fonte da Aldea en Villapol, por importe de 15.000 euros; a aportación da AGADER, por 20.000 euros de anualidade para 2024 para o financiamento parcial da obra de acondicionamento do vial de acceso ao Alto de Lago.

PSOE. Os socialistas de Xove, por medio da súa concelleira Rogelia Mariña, vén de sinalar que “os orzamentos municipais 2024 recentemente aprobados son un copia e pega do 2023, é dicir, que non hai nada novo, nada se fala ou nada se formula para desenvolver os proxectos que Xove necesita”.

Por esta razón, a portavoz do PSOE de Xove presentou un documento no cal se incluían tres emendas (no capítulo de inversións); emendas que se resumen en ter un Centro de Día para os maiores, contar cunha

escola infantil de 0-3 anos e que permita a conciliación laboral e familiar das novas parellas, e o saneamento en todas as parroquias do concello. “É moi necesario poñer en marcha un plan para dotar a todo o concello dunha rede de saneamento e tratamento dos residuos, e en especial, na zona costeira para preservar e poñer en valor a calidade das augas e das praias”, di Mariña.

Os socialistas din que o equipo de goberno “rexeitou as nosas propostas sen practicamente ter nada alternativo, todo son escusas e saídas pola tanxente”. “Co Centro de Día, din que están pensando en habilitar no edificio que hai a entrada de Palmeiro, sen concretar, queren apartar aos nosos maiores do centro de Xove”, di Mariña. En canto ao saneamento entenden que o mellor son “fosas sépticas individuais e baleiralas cando as teñen cheas. Este é o concepto que ten o PP de como coidar o medio ambiente e a contaminación”.

Xa hai gañadores do Concurso de Postais de Nadal 2023



O Concello de Xove, a través da Concellería de Cultura, puxo en marcha a finais de novembro do pasado ano unha nova edición do Concurso de Postais de Nadal 2023. Coma en anos anteriores, o Concurso destínouse a nenos e rapaces de Xove de Primaria e de ESO, en especial aos alumnos do Ceip Pedro Caselles e do IES Illa de Sarón.

Segundo idade, tivemos cinco categorías: Preescolar (nenos/as de 3,4 e 5 anos); 1º e 2º de Primaria; 3º e 4º de Primaria; 5º e 6º de primaria e 1º a 4º de ESO. En cada unha destas categorías concedéronse tres premios, un primeiro, un segundo e un terceiro premio.

Na categoría Preescolar (3, 4 e 5 anos) os galardoados foron Zoe Sierra Escobar, Xoel Sánchez Labayén e María García Val. Na categoría 1º e 2º de Primaria os premiados foron Alma Rodríguez Fra, Azucena Fernández Riveira e Valeria Vilasa Posada. Na seguinte categoría, a de 3º e 4º de Primaria, Jesús López Franco, David Burgos Peloché e Felipe Basanta Domínguez.

En 5º e 6º de Primaria, Carla Rey Vale, Óscar Bértolo Casabella e Daniela Casabella Álvarez. E xa por último na de 1º a 4º de Eso os agasallados foron Nabila Adourou Adourou, Marcos Mariño Ferrería e Paula Sánchez Pernas.

A XI edición do Concurso de Karaoke foi un éxito de participación e diversión

Dentro do Programa de Nadal deste ano, unha das súas actividades estrela foi como sempre o Concurso de Karaoke que este ano celebra a súa XI edición no pavillón municipal de deportes.

Na categoría Peques (ata 12 anos) o primeiro premio a Mellor Voz foi para Noa Villota, coa canción Madrid City de Ana Mena e o segundo foi para Eva Cancela, María Posada e Alex Louzao coa canción Vagabundo de Sebastián Yatra. O premio a Mellor caracterización levouno Carolina Goás, Paula Longarela e Martina Castro por Terra das Tanxugueiras. Na categoría Lunor (de 12 a 18 anos) o primeiro premio a Mellor Voz levouno Pedro Gil coa canción Tú Jardín con enanitos de Melendi, o



segundo Víctor Vázquez coa canción Soy un truhán de Julio Iglesias, e a Mellor caracterización Xenxo Salgueiro con Madrecita María del Carmen de Manolo Escobar.

Os veteranos tamén levaron premios, así, Mariola Carballido quedou

primeira con Angel de Sarah McLachlan, seguida de Laura Míguez coa canción Como pagarte de Carlos Riveras. Xa por último, Francisco Fraga e Mateo Fraga coa canción Que canten los niños de José Luis Perales acadaron a Mellor caracterización.

A Asociación San Rosendo organiza a III Festa do Caldo

A Asociación San Rosendo, do Concello de Barreiros, organiza para o vindeiro 27 de xaneiro a III Festa do Caldo.

Esta cita gastronómica e festiva será nos colexios vellos de San Miguel e as entradas xa están á venda nos locais de San Miguel ata o mesmo día da celebración ou a membros da comisión.

A festa será a partir das 21.00 horas e contará cun menú a base de caldo, cocido, pan, auga, sobremesa e viño por un prezo de 20 euros para adultos e 10 para nenos, ademais Dúo Estrellas porá a nota musical ás 23.00 horas.

CALLOS. O sábado 13 de xaneiro

ro a partir das 21.30 horas celebrárase na localidade barreirense de Vilamar a XII Festa dos Callos, que se desenvolverá nun local cerrado con calefacción no campo da festa.

O menú consistirá en callos de tenreira, costela asada de porco celta con pementos e patacas, sobremesa, viños, augas, refrescos, café e chupito. O prezo por persoa é de 28 euros, pero os nenos de 6 a 12 anos só terán que pagar 14 euros.

A festa estará amenizada coa música de dúo Xilos, Carlos Manteiga e DJ Conxuro. A Comisión de Festas de Vilamar, que é a organizadora do evento.

O PSOE provincial di que Besteiro cumprirá e dotará ao municipio dunha nova Edar

Os socialistas da provincia subliñan o compromiso do Goberno de Pedro Sánchez co concello de Barreiros, que se materializa en actuacións determinantes para o municipio mariño.

O PSdeG provincial avanza deste xeito que Besteiro cumprirá con Barreiros e dotará ao concello dunha nova Edar en San Miguel de Reinante, unha reivindicación

que os socialistas levan facendo de maneira constante dende hai unha década, pero que o Goberno do PP na Xunta nunca atendeu. De feito, o PSdeG leva presentando ano tras ano no Parlamento emendas aos Orzamentos autonómicos solicitando as partidas suficientes para construír esta infraestrutura vital para o concello, e sempre foron rexeitadas polo PP.

O Concello ten listo o seu agasallo veciñal deste 2024



O Concello de Barreiros está a agasallar á veciñanza co seu calendario anual que ten como temática as vivencias escolares polo que pediron axuda aos veciños para recompilar algunhas das fotografías.

“Nos vindeiros días teremos a disposición de toda a veciñanza o almanaque 2024”, din dende o Concello. Proximamente, empregados muni-

cipais comezarán a repartir polas casas os almanaques pero, se algunha persoa o quere antes, pode pasarse a recollelo polas oficinas municipais. No 2021 o calendario estivo dedicado ao 25 aniversario dos tradicionais Xigantes e Cabezudos, polo que estes foron os protagonistas xunto con moitas imaxes do Entroido barreirense.

O PP pide unha solución para as praias de San Bartolo e Altar

Os concelleiros populares lamentan que “o delegado do Goberno en Galicia e a alcaldesa esqueceran durante a visita a Barreiros dous dos problemas máis importantes de competencia estatal que ten o municipio. “Temos dúas praias pechadas, pero nada dixeron sobre os plans para darlles solución”, condenan”, din.

O portavoz, José Manuel Gómez Puente, explica que se tratan do acceso á praia de San Bartolo, así coma a mellora da praia de Altar onde as edificacións corren risco de verse afectadas polas subidas da marea”.

Ademais, en relación ás actuacións que defenderon os representantes do Goberno central e do Goberno municipal nas praias de Valea e Arealonga, o popular detecta tamén deficiencias.

Por unha banda, Gómez Puente explica que “o paseo da praia de Arealonga, de practicamente 1 km de distancia, contará tralas actuacións



con unicamente un aseo; mentres que antes tiña 3”. Polo tanto, advirte que “este recorte suporá un prexuízo para os usuarios e usuarias”, especialmente, para “a zona oriental” onde “lamentamos que non se acometan obras para dotar dun aseo a esa parte”.

E, por outra banda, subliña o popular a carencia de aparcamentos. “Cando rematen as obras, os usuarios verán como desapareceron a metade das prazas de estacionamento”, lamenta.

Así, o voceiro popular condena que “o Goberno local non resolva cuestións importantes para Barreiros como o acceso a outro areal ou mellorar a seguridade noutro” e que, ademais, nas actuacións en marcha non contemplaran suficientes servizos como son os aseos ou as prazas de aparcamento. “Trátase de deficiencias que afectan directamente aos veciños e tamén aos negocios que reciben moitos visitantes en temporada alta”.

O PP esixe ao Goberno local que arranxe as varandas de varias pontes



O PP de Barreiros reclama ao Goberno local maior preocupación pola seguridade e que arranxe as varandas de varias pontes, segundo explicou o voceiro, José Manuel Gómez Puente, quen lamenta que o goberno local “non dea exemplo asumindo as súas competencias, xa que semella que o único que saben facer é reclamar a outras administracións”.

“Están a xogar coa seguridade de todos os veciños de Barreiros”, dixo o voceiro, tras comprobar como as varandas de seguridade de dúas pontes están caídas sen que se repoñan. Gómez Puente non entende “este deixamento”

do Goberno local pese a que “non se trata da primeira vez” que facemos esta denuncia.

As infraestruturas que pide reparar o popular están en dúas pontes sobre o río de San Xusto, ao seu paso polo barrio de Ladrado, e sobre o río Masma, a ponte do Barral, “dous exemplos do abandono e falta de ganas de traballar por parte do goberno do BNG”. Para os populares son “zonas moi perigosas” que se deberían de corrixir. “É o momento de dar exemplo dende o Concello e que o Goberno local asuma as súas competencias en lugar de reclamar a outros”, afirmou.

Ofertan clases de baile a partir deste mes de xaneiro



O Concello oferta clases de baile dentro das súas actividades a partir de xaneiro 2024.

Estas serán os mércores de 17.00 a 18.00 horas nos colexios vellos de San Miguel e de 19.00 a 20.00 horas no centro sociocultural de San Cosme. As clases estarán orientadas á iniciación nos bailes de verbena con modalidades como tango, bachata, salsa, vals, etc.

As clases serán impartidas por María Dolores González Alves, profesional recoñecida con anos de experiencia no baile e a docencia. Terán un prezo por persoa de 25 euros o mes, comezando o 10 de xaneiro e rematando o 26 de xuño. Toda persoa interesada deberá facer a inscrición nas oficinas do Concello de Barreiros ata completar prazas.

A ficha de inscrición pódese descargar na web municipal ou ben recollese nas oficinas do Concello no momento da inscrición.

“Gústame ler un pouco de todo para ter unha visión máis ampla”

Lucia Ferro é enfermeira de profesión pero escritora de vocación

A escritora nada en Barreiros rematou neste 2023 ‘En Brandán’, a súa segunda novela, que define de xénero negro pero que se desenvolve nunha contorna que ben podería ser unha vila calquera da comarca. Libro a libro, Lucía Ferro comparte a súa visión inusual pero comprometida da sociedade. Cada nova novela trata de distanciarse das temáticas e formas das anteriores para sorprender aos lectores, pero mantendo unha solidariedade inusual coas persoas ás que non adoita adicar unha segunda ollada.

De onde vén o seu amor pola escritura?

Comecei escribindo para darlle escape ás miñas emocións. De pequena non me sentía escoitada nin me parecía seguro dicir o que pensaba así que atopei na escritura esa alternativa. Foi un método de supervivencia, para ser capaz de atravesar malos momentos, pois na miña infancia houbo moitos. Logo collínlle gusto a iso de xogar coas palabras e coa forma de contar as cousas e xa fun experimentando máis.

Cando comezou a escribir e que lle impulsou a escribir o seu primeiro libro?

Comecei moi pronto a escribir. Facía pequenos libretos xuntando varias follas de papel. Aínda atopei un fai pouco entre caixas velhas. Durante moito tempo pensei que era imposible que eu escribira un libro completo e que fose realmente entretido. Pero fai uns cinco anos, ao mudarme aos Países Baixos, tiver un pouco de tempo libre mentres aprendía neerlandés, e deíxeme unha oportunidade. Tiven que estudar un pouco o que é levar a cabo un proxecto así de

longo mais dalgún xeito atopei as respostas porque ao final conseguino. Axudoume moito ter as ganas de comunicar unha mensaxe, neste caso a de destapar a industria farmacéutica, posto que cando un ten unha motivación allea a un mesmo o traballo resulta moito máis satisfactorio.

Cantas novelas leva?

En Brandán, é a segunda novela. A maiores teño un blog no que “vomito” os meus pensamentos ou denuncio inxustizas sociais que me parecen relevantes.

Estivo pola Mariña presentando ‘En Brandán’. De que trata? Como a acollen os veciños?

“A min persoalmente gústame que a xente me diga a súa honesta opinión, sempre que o fagan con respecto, claro”

É unha libro curto no que coa escusa dunha novela policiaca trato temas moi interesantes como é a adicción e a súa relación cos traumas infantís. Nela hai personaxes moi reais, persoas que un adoita atopar nunha pequena vila e as cales non acostumamos a ver nas obras culturais máis comerciais. A xente está a desfrutala moito, por agora todo son boas críticas. Gústalles moito que aínda que trato temas moi serios, fágoo con humor e retransca. Dinme que en canto a collen non a poden soltar e máis de un queda coas ganas de lela unha segunda vez, pois ao final

hai unha reviravolta que sorprende moito.

Valora os clubs de lectura como ferramentas divulgadoras da cultura?

Encántanme os clubs de lectura. De feito En Brandán é unha novela feita para xerar conversa entre os lectores. O meu obxectivo non é facer que a xente fale desas cousas que acostumamos a calar, pois do que non se fala non existe. Os traumas, as adiccións, as persoas maiores, as persoas sen teito... Hai moita xente na nosa sociedade que precisa dun recuncho nas nosas conversas.

Aféctanlle as críticas?

Como a calquera. Aféctanme para ben e para mal. A min persoalmente gústame que a xente me diga a súa honesta opinión, sempre que o fagan con respecto, claro. Pois é que é esta a única maneira que teño de coñecer verdadeiramente o resultado final do libro. A autora é a última persoa capaz de vulgar a obra ao completo, e por iso preciso apoiarme na experiencia dos lectores. Deles poden aprender tanto ou máis que doutro escritor.

Está traballando nunha nova novela? Podería adiantarnos un pouco de que trata?

Estou a traballar nun libro de relatos de diferentes xéneros. Este está en inglés, é un proxecto ao que me animaron uns amigos dos Países Baixos. Tamén teño ganas de facer unha colección de poemas que fun acumulando cos anos.

Que é o que lle inspira para escribir?

O que máis me inspira é a dor que sufrín e da que fun testemuña.



Trato de empregar esas emocións dun xeito que sexa non só terapéutico para min, se non que tamén poida ser útil para outros. Tamén me inspira moito a natureza, que nos regala os momentos moi fermosos cos detalles máis insignificantes. E cal, por certo, estamos a perder por explotala como se fose un recurso infinito.

Como é combinar a escritura coa actividade que desempeña laboralmente?

Pois agora mesmo estoume a dedicar integramente á escritura e a actividades relacionadas con ela. Cando a combinaba cun traballo no sector sanitario era moi complicado, posto que unha mente afogada de tratar con persoas e un corpo canso dunha xornada laboral non che permiten escribir moi ben. Era por iso que ás veces pasaba moitos días sen coller a pluma.

Pódese vivir de escribir novelas?

Eu espero que sí. E sen non é de escribir novelas, polo menos da literatura. Se a nosa sociedade

non o fai posible temos un problema grave, pois a cultura é a única menciña que hai para as enfermidades sociais. Dicía Borges que unha persoa que se senta en silencio a ler un libro está a salvar o mundo, pois non está a facer o mal. Se ese 1 % superrico da sociedade empeñado en quedarse con todo se sentase a ler máis novelas igual non habería tanta xente sufrindo para chegar a fin de mes.

Cal é o seu xénero preferido? E escritor?

Non teño un xénero preferido. Gústame ler un pouco de todo porque iso me permite ter unha visión máis ampla do mundo. A especialización pode facer que sexamos uns cracks nun ámbito concreto pero ao mesmo tempo fainos ser moi ignorantes en todos os demais. A diversidade é o que fortalece un ecosistema e eu trato a miña mente coma se fose un. Un día leo a Charlotte Bronte e outro a Yuval Harari. Dito isto, sempre me gusta mencionar a Blanco Amor porque o lin de cativa e me deixou marca.



A Xunta detecta un novo foco de EHE no municipio



A Xunta vén de declarar 11 novos focos de Enfermidade Hemorráxica Epizoótica (EHE) en Galicia, noutras tantas comarcas veterinarias de Galicia. En concreto, son tres novos focos na provincia de Lugo, nos concellos de Oourol (comarca veterinaria da Mariña Occidental), en Baralla (comarca veterinaria dos Ancares) e Antas de Ulla.

A EHE é unha enfermidade infecciosa pero non contagiosa producida por un virus que se transmite aos animais exclusivamente a través da picadura de mosquitos do xénero *Culicoides*, spp.

Dada a vía de transmisión, esta enfermidade aparece mentres exista o mosquito vector circulando no ambiente. Polo tanto, existe un período de posible afectación dos animais (aproximadamente de abril a decembro) e outro, nos meses de inverno, nos que ao non existir circulación do vector, non existe posibilidade de infección nos animais.

A única vía de contaxio nos animais é a través da picadura dos mosquitos

transmisores, polo que non é posible a transmisión directa ou indirecta entre eles.

AFECTACIÓN AO GANDO. Así mesmo, cabe salientar que a EHE afecta especialmente a ruminantes silvestres, fundamentalmente cervos, tamén corzos ou gamos. No gando doméstico só o gando bovino resulta afectado coa aparición de síntomas nalgúns animais. O gando ovino pode tamén infectarse pero non aparece sintomatoloxía, mentres que o gando cabrún non é sensible a esta enfermidade.

No gando vacún pode presentarse clínica moderada, con febre, perda de apetito, edema facial, secreción ocular e/ou nasal, salivación, dificultade respiratoria, eritema ou descamación en boca e nariz, coxeira ou eritema do ubre, síntomas que normalmente desaparecen en aproximadamente dúas semanas. En canto ao gando ovino e cabrún, non hai constancia de enfermidade clínica nos animais.

A Biblioteca pechou o 2023 con 210 socios, 33 deles novos



A Biblioteca Municipal de Oourol pechou o ano 2023 con 210 socios, dándose de alta 33 novos socios e realizouse un total de 1.524 préstamos e renovacións. A adquisición de novidades editoriais tanto para adultos como para infantil é unha prioridade da biblioteca e neste ano incorporou en total 328 novos libros. Por outro lado, a biblioteca ofrece ao longo do ano unha serie de actividades tanto para público adulto como para infantil; no ano que rematou realizáronse varios contacontos para nenos e nenas, presentacións de libros, charlas e conferencias como por exemplo o encontro coa actriz Berta Ojea que falou da figura de María Casares ou a charla impartida pola profesora Isabel Fernández García sobre o seu libro 'Pioneiras de ciencias de Lugo' e que permitiu coñecer

a figura de tres ourolesas destacadas en ciencias;. Tamén houbo exposicións como a cedida polo Consello da Cultura Galega 'O soño cubano da emigración galega', ou a exposición de cadros de José Manuel Hermida Blanco, e a ruta indiana na que a biblioteca participa impulsando a recuperación do noso patrimonio cultural.

Ademais a biblioteca ofrece a todas as persoas usuarias unha serie de servizos totalmente gratuítos como son a formalización do carné de socio válido para calquera das bibliotecas municipais da Rede de Bibliotecas de Galicia; o acceso á plataforma do libro electrónico, tanto en galego como en castelán; o acceso a máis de 900.000 títulos e 3.000.000 de exemplares a través do catálogo da Rede; servizo de wifi gratuítos e salas

independentes para vídeo-conferencias ou para teletraballo. Ademais dispoñen do préstamo de libros para infantil e adultos, unha caixa de devolución de libros 24 horas, e a renovación dos préstamos desde a casa a través da conta que se facilita no momento de facerse socio.

ATURUXO. A Asociación Cultural Aturuxeiros de Bravos vén de confirmar as datas de celebración dunha nova edición do Festival Aturuxo 2024 e que será os días 19 e 20 de xullo.

O obxectivo deste tradicional Festival Aturuxo de Oourol é poñer en valor a cultura galega pois cada edición desta cita reúne a grupos e artistas de referencia no panorama musical tradicional.

Este festival conta con entrada e acampada de balde.

Segue en marcha a obra do paseo marítimo de Moledos

Segue en marcha e a bo ritmo o proxecto previsto máis inmediato para O Vicedo, que é o da construción do paseo marítimo de Moledos. O investimento total deste proxecto é de aproximadamente 386.000 euros.

Xa en marzo do 2022 incluíronse nos orzamentos unha partida de 34.324 euros para a expropiación de terreos para a construción do devandito paseo que vai dende o antigo embarcadiro.

Segundo o rexedor, Jesús Novo, "no mes de decembro fixemos a cesión dos terreos a Costas e

agora estamos esperando a que inicien o proxecto".

"Este paseo que ten unha lonxitude aproximada de 370 metros vai dende o antigo peirao a Moledos e poñerase en valor a antiga fábrica de salazón de Catá", sinala Novo, "o proxecto contempla o uso de materiais como madeira de pino, lousa, granito, e aceiro para crear un miradoiro na zona da cheminea que é circular e de ladrillo."

O sendeiro ademais contará con alumeado, mobiliario urbano e estará sinalizada.

O PSOE estreará novo local

A agrupación socialista do concello do Vicedo vai estrear en breve novo local no que poder atender aos veciños e veciñas que queiran mostrar calquera inquedanza relacionada coa vida don Concello.

Así, este local estará situado na Travesía da Mariña, onde estaba antigamente a farmacia, malia que aínda "estamos en obras", indica a voceira municipal socialista, María Pérez Santaballa, "pero cando estea listo faremos unha inauguración para que o coñezan todas as persoas".

Pola súa parte, o grupo muni-



cipal tamén informou que seguirá neste novo ano 2024 "a presentar mocións para que o noso municipio funcione da

mellor maneira posible e a veciñanza se sinta atendida así como os seus problemas", remata dicindo Pérez Santaballa.

A alcaldesa pide que se repoña o médico de familia xubilado

A alcaldesa de Trabada, Mayra García Bermúdez, envioulle unha carta ao conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, na que lle traslada "a súa preocupación relativa á falta da cobertura do médico de familia de atención primaria xubilado recentemente".

Na carta, García Bermúdez lembra que Trabada conta cunha poboación moi envellecida e cunha gran dispersión, "xa que temos 1.111 habitantes, dos cales 436 teñen máis de 65 anos distribuídos en 122 entidades de poboación".

"O esforzo que facemos dende o concello para manter servizos públicos de calidade no rural que son grandes xeradores de emprego e que contribúen a fixar poboación ten que vir acompañado pola aposta da Xunta de Galicia polos servizos públicos no seu ámbito competencial", apunta García Bermúdez. "Non podemos estar días completos sen médico como ten pasado en varias ocasións, e tampouco é suficiente cubrir a media xornada o posto do médico cando non está o titular. Os veciños e veciñas de Trabada non podemos permitir máis recortes nos servizos públicos, polo que lle solicito a cobertura a xornada completa do posto



de médico de Trabada", remata a alcaldesa.

PP. O concelleiros do PP de Trabada piden á alcaldesa que "deixe de usar mentiras para facer políticas en temas tan delicados como a sanidade".

Segundo explica o seu voceiro, José María Fernández, a rexedora "esqueceu explicar que PSOE e BNG votaron en contra dos procedementos habilitados pola Xunta de Galicia para reforzar os cadros de persoal dos centros sanitarios".

"Votaron en contra da Lei de medidas extraordinarias para postos sanitarios de difícil cobertura no pleno do 24 de outubro de 2022 do Parlamento galego", explicou

José María Fernández. Segundo esta normativa, "o procedemento permite a contratación por concurso de méritos, sen oposición, para o persoal médico dos centros de saúde e hospitais comarcais que teñen dificultades para cubrir prazas vacantes pola ausencia ou insuficiencia de aspirantes na listas de contratación".

Fernández explicou que "somos sabedores da escaseza de médicos" que sofren todas as comunidades, non sendo Galicia unha excepción, "pero tamén queremos explicar aos veciños que a Consellería de Sanidade está a facer un esforzo moi grande para que haxa persoal en todo o horario de atención dos centros de sanitarios".

Mayra García acompañará a Besteiro na candidatura á Xunta de número 3

A alcaldesa de Trabada, Mayra García Bermúdez, foi confirmada como número 3 nas listas socialistas por Lugo para acompañar a José Ramón Gómez Besteiro na candidatura á Presidencia da Xunta de Galicia.

Así, García Bermúdez deixará a Alcaldía nos próximos días, antes do 15 de xaneiro. Á espera dos prazos administrativos, o Concello de Trabada quedará gobernado a partir do venres 12 por Rubén García Freije.

Mayra García Bermúdez é a alcaldesa de Trabada desde o ano 2015, e foi a alcaldesa máis nova da provincia lucense con 26 anos.

Gómez Besteiro sinala que é "un equipo sólido, con traxectoria de xestión en distintos niveis da administración, con perfís profesionais de diversos ámbitos, que aportan experiencia e xuventude, e que representan á totalidade do territorio da pro-



vincia de Lugo".

"Un equipo preparado para axudar ao candidato a dar o salto á Xunta, activando o cambio urxente que necesita Galicia, e no que a provincia de Lugo vai ser determinante. Por fin, os lucenses deixarán de estar discriminados polo Partido Popular, porque os socialistas, con Besteiro como presidente da Xunta, seremos capaces de poñer en

marcha un novo proxecto de esperanza, de ilusión, de impulso e de novas oportunidades, que acaben coa inercia e a parálise na que o PP ten sometida a Galicia. Traballaremos polo futuro que necesita e que merece a nosa provincia", subliñou o Secretario Xeral dos socialistas na provincia.


Así mesmo, coñeceuse que a alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, será a número 2.

O Entroido, organizado polo Picato, busca cartel anunciador

A asociación O Picato de Trabada publicou as bases para o concurso do cartel anunciador do Entroido 2024. O prazo de presentación dos deseños estará aberto ata o 26 de xaneiro ás 20.00 horas e o fallo do xurado será público ao día seguinte.

Este concurso ten un premio de 50 euros e deberán entregarse no Spar Express de Trabada. Cada participante tan só poderá entregar un máximo de dúas obras.

Dende a asociación O Picato xa anunciaron que a festa do



Entroido, como é costume, será o derradeiro da Mariña, o sábado 24 de febreiro.

RESIDENCIA DE MAIORES



A alcaldesa de Trabada visitou o centro de maiores para pasar un rato coas persoas usuarias, desexarlles felices festas e obsequiarlles cun agasalho de Nadal. En concreto, os agasallos foron un xel e unha crema de mans.

O Concello recibe unha achega para a pavimentación de accesos en varios camiños



A Xunta de Goberno acordou destinar 83.000 euros ao Concello de Trabada para a pavimentación de accesos en varios camiños municipais de tres parroquias: Santa María; Santiago da Ría de Abres; e Santa María Magdalena da Valboa.

Así mesmo, a institución pro-

vincial aportará 200.000 euros ao Concello de Taboada para a adquisición dun camión recolector compactador de residuos sólidos urbanos, "co obxectivo de reforzar os medios técnicos deste servizo público no municipio e ofrecer á veciñanza unha mellor atención", expuxo Pilar García Porto.

DEPUTACIÓN

A institución aproba os orzamentos do 2024

O Goberno provincial aprobou definitivamente tamén os orzamentos da Deputación para o ano 2024, que entraron en vigor o 1 de xaneiro. A institución contará con 116 millóns de euros, un 5,32 % máis ca neste 2023, para ofrecer máis servizos públicos e favorecer o dinamismo económico da provincia, sobre todo no rural.

O presuposto saíu adiante, xa que, seguindo o informe do servizo de intervención, desestimáronse as dúas únicas reclamacións presentadas ao mesmo durante o período de exposición pública -unha polo alcalde de Becerreá e outra pola Plataforma Pro Residencia da localidade-, dado que “xa existe crédito orzamentario para dotar de equipamento e seguir avanzando cara a apertura do centro coa incorporación de remanentes”.

Así o explicou a deputada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez, quen, aludindo ao informe de Intervención, lembrou que o convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Becerreá para a construción da residencia contempla a aplicación das baixas das licitacións ao propio centro, e que “os remanentes á data actual ascenden a 1.318.781,98 euros”. Así mesmo, “existe unha dotación de 300.000 euros no orzamento dispoñible de ser preciso”. O vicepresidente da Deputación de Lugo Efrén Castro valorou o Plan Deputación como unha ferramenta fundamental para a financiación de investimentos nos concellos.

Durante o pleno, o vicepresidente destacou que “os concellos recibirán 21,75 millóns de euros, distribuídos seguindo criterios obxectivos, establecidos nas bases da convocatoria que aprobamos hoxe, garantindo que todos os concellos saiban os recursos dos que van dispoñer para o ano que vén”.

SERVIZOS SOCIAIS. As bases do Plan Deputación está publicadas e os concellos poderán concretar as accións a desenvolver cos fondos asignados, distribuídos en función da superficie, a poboación, o índice de envellecemento e a dispersión territorial. Ademais de investimentos en infraestruturas, o Plan Deputación ofrece aos concellos financiamento para outros servizos como a axuda no fogar; actividades e investimentos culturais, deportivos, administración electrónica e protección de datos, protección civil, celebración de eventos turísticos, feiras, mercados, así como programas de emprego para atacar o despoboamento e o paro.

RESIDENCIAS. García Bermúdez lanzou unha “mensaxe de tranquilidade” aos veciños e veciñas de Becerreá porque “este Goberno cumpre”. Así o demostra, incidiu, coa apertura no pasado mandato de seis centros de atención a maiores, co que conta con 9 en funcionamento. Ademais, ten dúas residencias en construción, e avanza no procedemento para abrir a de Becerreá e outras 6, co que completará a rede de 18 previstas.



Os concellos recibirán do Plan Deputación 21,75 millóns

O Goberno provincial aprobou no Pleno ordinario de fin de ano as bases do Plan Deputación de Lugo de Cooperación cos Concellos (antes Plan Único), que decidiu subir ata os 21,75 millóns de euros, o que supón transferirle aos 67 municipios da provincia o 20 % do orzamento provincial, seguindo criterios públicos e obxectivos -como son a superficie, a poboación, o índice de envellecemento e a dispersión territorial-, e cun respecto total á autonomía municipal.

O programa de investimentos saíu adiante grazas aos votos a favor de PSdeG e BNG, e a abstención do PP. O presidente, José Tomé, valorou positivamente este acordo que lle permitirá aos 67 concellos da provincia desenvolver actuacións en materia de infraestruturas, creación de emprego, Servizo de Axuda no Fogar, actividades, eventos, administración electrónica ou protección civil.

O Plan Deputación forma parte do “ noso compromiso de máxima coo-

peración cos concellos. Cada ano incorporamos melloras, sempre pensadas para facilitarlles a planificación e a xestión dos investimentos, e para que estes fondos sirvan da mellor maneira posible para atender as necesidades dos seus veciños e veciñas”, subliñou o mandatario.

PLAN DEPUTACIÓN. “Cumprimos co acordo que temos no Goberno de incrementar ao longo do mandato o Plan Deputación nun millón de euros, cun cuarto de millón cada ano. Polo tanto, no 2024 subímolo en 250.000 euros. Tamén se modifica o tope máximo que había, sendo coñecedores de que os concellos que teñen máis poboación tamén teñen máis necesidades”. Exemplificou o mandatario provincial que as obras que se fan grazas a este programa son “moitas, son máis de mil obras que se financian co Plan Deputación, por iso tamén lle cambiamos o nome para que se identifique mellor quen fai os investimentos”.

“Afianzamos o peso deste plan nos presupostos provinciais, cun nivel de compromiso cos concellos que non ten parangón na Xunta de Galicia -pois non conta cun plan semellante, e mantén o Fondo de Cooperación Local nun raquíto 1,1 % do total do seu presuposto-; nin tampouco nas deputacións de Ourense -que se apunta a esta medida, pero queda moi por debaixo desta institución-, e de Pontevedra -que recorta os fondos en máis dun 21%”, afirmou.

A Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, defendeu que esta maneira de traballar “responde a un xeito de gobernar, de entender a acción política dende as institucións, cunha forma de entender a xestión do público, do de todos, para que chegue a todos os municipios e veciños e veciñas da provincia”. Porto concretou que será cada concello o que priorice e decida, en función das súas necesidades como e onde quere investir os fondos que lle achega a Deputación.

Licitados os equipamentos para participar no plan Impulsa TIC

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a licitación, por un importe de preto de 2,2 millóns de euros, do subministro do primeiro lote de equipamentos e servizos tecnolóxicos que, unha vez adquiridos, a institución provincial proporcionará de maneira gratuíta aos 52 concellos da provincia que decidiron adherirse ao programa Impulsa TIC. Un proxecto que, como explicou a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, a Deputación puxo en marcha “grazas aos fondos que conseguimos da Unión Europea, e que ten como obxectivo colaborar cos

concellos para avanzar na súa transformación dixital e ofrecer un mellor servizo á veciñanza”.

En concreto, o material que a Xunta de Goberno aprobou licitar servirá para mellorar a eficiencia dos servizos básicos da Administración dixital e favorecer as sinerxías e a colaboración entre entidades; a creación de oficinas municipais de prestación de servizos electrónicos aos cidadáns; a integración dos sistemas de tramitación municipais cos sistemas de padrón e contable; e a implantación dun sistema de automatización e dixitalización dos plenos municipais.

“Nas vindeiras semanas aprobaremos a licitación de material por outros 2,3 millóns de euros, co que completaremos o investimento de 4,5 millóns de euros co que está dotado en total o programa Impulsa TIC”, explicou García Porto, quen engadiu que, unha vez licitados e adxudicados todos os equipos e servizos, a Deputación procederá á súa distribución entre os 52 concellos que decidiron sumarse a este proxecto. A deputada lembrou que “todo o material atende á realidade e ás necesidades” que os propios concellos lle trasladaron á institución.

Esixen á Xunta que complete os pagos pendentes da PAC

A Deputación esíxelle á Xunta que complete canto antes os pagos da PAC pendentes de cobro polos gandeiros e gandeiras da provincia para que reciban xa a totalidade dos 180 millóns de euros que lles corresponden. A voceira socialista do Goberno e Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, defendeu esta iniciativa e puxo o foco en que grazas ás xestións do Goberno de España, que tivo en conta as necesidades dos gandeiros e a situación que vive o sector dende o inicio da guerra

de Ucraína, os gandeiros e gandeiras poderían ter cobrado xa en outubro arredor de 130 millóns de euros como adianto do total a percibir.

“Pero eses pagos atrasáronse porque a Xunta non foi capaz de facer en tempo e forma os controis administrativos precisos para poder tramitar eses fondos”. A moción aprobada recolle tamén que a Xunta adopte as medidas necesarias para mellorar a xestión administrativa e garantir que os gandeiros e gandeiras poidan cobrar os anticipos completos.

MAR

A OPP Burela ofrece visitas virtuais a embarcacións das súas frotas

A Organización de Produtores Pesqueiros do Porto de Burela presenta a través da súa páxina web www.oppburela.com a posibilidade de realizar unha serie de visitas virtuais a barcos de pesca das súas frotas, para que o público poida coñecerlos a través da pantalla do seu ordenador ou os seus dispositivos móbiles, podendo gozar aínda máis a experiencia con lentes de realidade virtual. Esta medida inclúese no seu plan de produción e comercialización 2023, con financiamento da Xunta de Galicia e a Unión Europea a través do FEMPA.

Estas visitas virtuais créanse co obxectivo de poñer en valor o oficio pesqueiro, xunto con outras accións audiovisuais para promover e divulgar o “oficio do mar” e a actividade pesqueira das diferentes frotas da OPP Burela. Pódese acceder a estas visitas virtuais a través da web www.oppburela.com/visitasvirtuales, para subir a bordo dun dos barcos de palangre de superficie ou de arrastre de fondo de litoral do Porto de Burela.

Dentro de cada visita aparecen marcados diferentes puntos de información con vídeos e textos que axudan a comprender mellor como é a actividade a bordo destas embarcacións.



O acceso á páxina distribuírse tamén a través das diferentes escolas náuticas e institutos de ensino secundario para que os alumnos obteñan de primeira man unha visión de como son os buques de pesca.

CALENDARIO 2024. A Organización de Produtores Pesqueiros do Porto de Burela presentou a súa última acción promocional e divulgativa do ano 2023: unha nova edición do seu tradicional calendario, que nos próximos 12 meses estará adicado aos ‘12 Pescados Capitais’.

A tintorera, a bertorella, a cabala, o bocarte, a cabra de altura (gallineta), a sardiña, o bonito do norte, a pescada do pincho, a castañeta vermella, o peixe espada, o peixe sapo e o mero son as 12

especies elixidas pola OPP-7 Porto de Burela como os seus Pescados Capitais para o ano 2024.

Ao mesmo tempo o calendario dá protagonismo a varias das especies pesqueiras das que ABSA é primeira lonxa de Galicia, como a pescada do pincho, o bonito do norte, a cabala, a cabra de altura ou gallineta, a bertorella, a castañeta vermella ou o mero; ademais doutras especies como o salmonete de pedra, o sable negro, a maruca, etc.

Desde que no ano 2020 a OPP-7 Porto de Burela dedícase o seu calendario anual a unha serie de mensaxes saudables, cada ano agárdase con interese a nova temática desta revista que logo se vai desenvolvendo durante todo o ano nas redes sociais do porto de Burela.

A UE eleva un 10,5 % as capturas de pescada, o que beneficia á frota

Os ministros de Pesca da Unión Europea alcanzaron un acordo para a repartición da pesca no Atlántico e o Mar do Norte para 2024, engadindo o 2025 e 2026 en algúns casos, e para as posibilidades de pesca no Mediterráneo e o Mar Negro para 2024, un pacto que inclúe un aumento do 10,5% das capturas de pescada para España, ata 11.000 toneladas.

O delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, celebrou o acordo xa que supón a cifra máis importante do século e un pulo para a frota pesqueira galega, unha das máis importantes da Unión.

En palabras do delegado, “trátase dun acordo histórico froito dunha longa, complexa e difícil negociación da que saímos moi satisfeitos, pois estamos a cumprir un sector



do que viven centos de familias na nosa comunidade e que é vital para a economía de moitas vilas mariñeiras”.

Pedro Blanco fixo estas declaracións e destacou o apoio á modernización e innovación de sectores tradicionais como a pesca para o crece-

mento e a internacionalización das empresas galegas.

Pedro Blanco salientou o compromiso do Goberno co sector pesqueiro, “fundamental para a economía de Galicia e de territorios como A Mariña, unha actividade que supón o 7% do PIB”.

Viveiro entrega a Medalla de Ouro da Cidade á Confraría de Celeiro no seu centenario



O Concello de Viveiro fixo entrega da medalla de Ouro da Moi Noble e Moi Leal Cidade de Viveiro á Confraría de Pescadores Santiago Apóstolo de Celeiro, con motivo do centenario da súa fundación. Ao acto, celebrado no Teatro Pastor Díaz, asistiron o conselleiro do Mar da Xunta de Galicia, Alfonso Villares Bermúdez, e a subdelegada do goberno en Galicia, Isabel Rodríguez, que compartiron a mesa do escenario coa alcaldesa de Viveiro, María Loureiro; o patrón maior da confraría, Domingo Rey Seijas, e o seu secretario, Manuel Máximo Díaz Méndez.

“Viveiro e Celeiro son sinónimos de pesca, de xente do mar, por iso no acto de hoxe non só conmemoramos unha data simbólica, senón que esta cerimonia é tamén unha homenaxe a tantas familias e a tantas persoas do noso concello que adicaron a súa vida ao mar e á pesca, contribuíndo a facer deste sector o noso sinal de identidade”, asegurou María Loureiro.

“Falamos dunha entidade que leva 100 anos destacando pola súa contribución constante e en diferentes ámbitos á comunidade na que opera, ao pobo no que ten a súa sede e a súa actividade”, engadiu a alcaldesa.

Expomar elabora iniciativas para promover a súa actividade



A Fundación Expomar fixo balance dos últimos meses e traballou xa coa mirada posta nas súas actividades para 2024 e 2025. “Aprobouse o Plan de Acción do 2024 e analizaronse as actividades realizadas en 2023, como as xornadas técnicas, o encontro empresarial, e a Feira Náutico Pesqueira, ademais doutras accións realizadas, como a presenza en feiras como Sinaival ou Expomar Cabo Verde”, explica o concelleiro de Turismo e Mar, Ramiro Fernández.

“Resaltouse o éxito da celebración do día do Orgullo Mariñeiro celebrado este mes de decembro, e que

o Padroado aposta por seguir impulsando, e destacou a participación no Foro de Turismo de Huelva e na assemblea fundacional da Rede Nacional de Turismo mariñeiro celebrada en Isla Cristina (Huelva)”, sostén pola súa parte a alcaldesa de Burela, Carmela López.

Con vistas a 2024, marcáronse as datas para as xornadas técnicas e o encontro empresarial, que serán os días 8 e 9 de maio. A celebración da Feira Produart será os días 2,3 e 4 de agosto. A Fundación xa traballa por outra parte na Feira Expomar 2025 (do 7 ao 10 de maio do 2025).

DEPORTES

A ADC Alboi organiza a Andaina e Trailiño, en Viveiro, o 4 de febreiro

A Asociación Deportiva Cultural Alboi en colaboración co Concello de Viveiro organiza a Andaina e Trailiño Alboi o vindeiro día 4 de febreiro do 2024.

Será un percorrido de 12.5 quilómetros polos montes de Viveiro, cun desnivel positivo 600 metros, e estará sinalizado con cinta de cor verde, sinais e pintadas no asfalto. A saída da andaina e o trail será dende a praza Maior, ás 10.00 e ás 11.00 horas, respectivamente. E chegada tamén á praza Maiora arredor das 14.00 horas. Haberá zonas de avituallamento en Cunqueiro, Km 6, líquido e sólido, e na meta.

A recollida de dorsais serán no salón multiusos do Concello o sábado 3 de 18.30 a 20.30 horas e o domingo 4 de 9.00 a 10.45 horas. Para participar será necesaria previa inscrición e e os menores de 18 anos deberán ir acompañados en todo momento dunha persoa responsable maior de idade e esta firmará un documento autorización paternal aceptando a súa respon-



sabilidade. As inscricións poderanse facer ata o día 29 de xaneiro ás 00.00 horas na web.

Finalizadas as probas, na praza Maior poderanse degustar uns pinchos no salón multiusos do Concello. Para calquera dúbida ou consulta, haberá que escribir a alboiadc@gmail.com ou chamar ao 603 348 937.

Nova edición do circuío de carreiras +KmsBarreiros

Volve o +KmsBarreiros 2024 e nesta edición, o circuío achega novidades que buscan fomentar a práctica do exercicio físico e deporte. "Imos a pola terceira edición do circuío xa que está a ter moi boa acollida. Vimos nel unha maneira de unir sinerxías entre o Concello e as asociacións que viñan organizando probas deportivas en Barreiros. Tratamos de colaborar con estas asociacións para englobar todas as probas nunha liña similar pero que cada carreira mantivera o seu propio selo", indica Dani García, concelleiro de dinamización.

Tratando de ampliar o abano de posibilidades, o edil sinala que "estamos organizando andainas a par que as probas deportivas para acoller máis perfís de xente que traten de evitar a inactividade e o sedentarismo".

Outra das novidades do circuío é a creación da categoría por equipos. "Nesta modalidade poden xuntarse grupos de amigos/as e

puntuaren no circuío de maneira conxunta", apunta o edil de deportes. "O premio para o equipo gañador será unha comida ou cea que, a bo seguro, agradará para comentar as anécdotas das probas".

Nas categorías individuais aumentouse a contía dos premios ata os 1000 euros en metálico así como trofeos e agasallos para as persoas que finalicen 4 ou máis probas.

O resto de probas que engloban o +KmsBarreiros son: a Carreira das Praias en marzo, a ½ km vertical Monte Comado en xullo, a Benquerencia Terra-Mar en agosto, os Trails Monte Comado en outubro e pecha, a carreira popular Ao Son do Masma en novembro.

Toda a información das probas, inscricións e clasificacións están dispoñibles na web do circuío www.maikmsbarreiros.gal así como na APP do mesmo nome que está dispoñible para Android e iOS.

Troitas Bravas faise co primeiro posto na xeral de billarda

Por Daniel Rodríguez Saavedra

O campo de fútbol de Outeiro, na Devesa, atopábase en bastante mal estado, mais a billarda non se achica e coa asistencia de 67 palanadores (45 homes, 14 donas e 7 cativos) disputouse o XVI torneo do Galo, aberto Vila de Ribadeo correspondente á quinta xornada da LNB da conferencia NorLeste da tempada 2023/2024.

A xeadada de mañá foi trocando paseniño e desde o alto, Lorenzo foi espectador privilexiado da xornada, ollando como catro grandes da billarda loitaban polo podio final: Basilio, Charli, Navallo e Sachas, empatados a 23 puntos optaban a podio.

Charli (Carabullo) conquista unha nova praza no seu amplo currículo, segundo foi Sachas (Troitas Bravas) e terceiro Basilio (Billardeiros Musicais). Desta volta o bravo David Navallo non puido acompañar o seu compañeiro Sachas no podio.



Disque as Troitas son de auga doce, mais estas Bravas souberon nadar seguras nas augas da Mariña e o seu triunfo na xornada deulle tamén o primeiro posto na xeral. O segundo equipo foron Billardeiros Musicais e terceiros Billarda Río Miño.

En donas, as Musicais Billardeiras Aroa e Geni e mais Sandra (Troitas Bravas) foron as mellores.

En infantís, mais unha volta Diego e Mateu (Madia Leva) fixeron podio como primeiro e terceiro,

deixando o segundo posto para Alba (Troitas Bravas).

Agradecemos a presenza do Concelleiro de Deportes de Ribadeo, D. Francisco Silvent, na entrega de medalla de Ouro pra os campións de cada categoría; uns lotes de produtos de Nadal para os tres primeiros da xornada e para o mellor equipo e medallas para todos os cativos participantes.

A liga regular retómase o sábado día 13 de xaneiro co V Aberto das Freces en Bretoña.

O ladovi de Cerro consegue éxitos no Campionato Galego de Tiro con Arco en Sala



Celebrouse no Barco de Valdeorras o Campionato Galego de Tiro con Arco en Sala ao que asistiron representantes do Club Ladovi de Cerro especialista en arco composto (poleas) Jorge Álvarez Amor e Gilberto Flores Rodrigo, na categoría de veteranos.

Ao final da serie clasificatoria, Jorge Álvarez acadou o segundo posto cunha puntuación de 556 (máximo 600 puntos). Gilberto Flores quedou na quinta posición con 545 puntos. Só Jorge Álvarez pasaría a disputar as eliminatorias, comezando en semifinais, e gañou o bronce.

No arco recurvo, na categoría

de veteranos, Jorge Galante, que tras a serie clasificatoria quedou na terceira posición con 518 puntos, pero caeu no seu primeiro encontro en eliminatorias, conseguindo un quinto posto.

No arco espido Santiago González Villares non defraudou, acadou o primeiro posto da serie clasificatoria con 527 puntos.

Unha vez máis Santiago González demostrou que ten o nivel para ser campión galego, agora só queda enfrontarse un ano máis ó campionato nacional que se celebrará en Valdepeñas, Cidade Real, o vindeiro mes de xaneiro.

Xa hai data para a proba deportiva Xove Costa Trail 2024



A organización do Xove Costa Trail comunicou a nova data para a celebración do vindeiro trail 2024 e que será os días 16 e 17 de marzo. Contará con carreira para nenos, proba de 17 e de 26 quilómetros e unha andaina de 12 quilómetros.

O Xove Costa Trail é unha carreira de montaña, que transcorre na súa maioría do percorrido, pola Senda Costeira de Xove e polo Camiño Natural do Cantábrico, o seu paso pola costa do Concello, dende a Praia de Portonovo, nos límites co Concello de Viveiro, ata a Praia de Morás, para logo adentrarse cara a parte interior do Concello de Xove por sendeiros e pistas forestais de uso público.

Regreso ao verde tralas vacacións

Os equipos da provincia proseguen coa Liga despois do descanso de dúas semanas do Nadal coa mirada posta no ascenso

O Nadal trouxo para todas as categorías do fútbol un merecido descanso de practicamente dúas semanas para acometer a segunda quenda da Liga, que se retomou para a maior parte deles na primeira semana de xaneiro.

Moitos dos equipos da provincia fixeron os seus deberes antes da pausa de decembro e acometen esta segunda fase con moitas esperanzas de lograr un ascenso de categoría ou mesmo a permanencia noutros casos.

Pero o tempo de descanso de Nadal trouxo moitas sorpresas tamén. O primeiro equipo da provincia, o CD Lugo, anunciou tralo último partido, a destitución do seu adestrador, Pedro Munitis, que foi substituído polo portugués Paulo Alves, técnico cunha notable traxectoria no mundo do fútbol do máis alto nivel.

O CD Lugo foi o primeiro en volver pisar o verde, o día 2 de xaneiro, coa visita do Celta Fortune, o líder do grupo, no Anxo Carro. Situado entre os dez primeiros, o albivermello contempla como unha posibilidade clara a permanencia na categoría, á que descendeu no pasado curso, facendo valer os resultados ata o de agora, entre os que figuran un gran número de empates.

Os resultados foron os que levaron á saída do anterior adestrador, malia que o equipo só perdeu unha vez fóra de casa, en Cornellà. A piques

de chegar ao ecuador da tempada, o CD Lugo ten unha difícil tarefa para manterse en postos de play off para o ascenso.

Unha situación moi similar está a vivir o Vilalbés de Simón Lamas, situado tamén no top ten da Segunda Federación, categoría na que está a facer o seu labor e na que os empates xogaron un importante papel de cara a manterse na parte alta. Os vilalbeses recibiron ao Pontevedra no reinicio da competición e no partido que marcou a fin da primeira volta. Os resultados, moi parecidos aos do Lugo en número de vitorias e derrotas, ofrecen unha visión de respecto ao adestrador, Simón Lamas, un home de club.

Tamén volveron ao verde os equipos de Terceira Federación da provincia de Lugo, os tres na zona morna dunha táboa na que case non hai distancias. O mellor situado é a Sarriana, que ten a promoción a menos de dez puntos aínda que con moitos equipos por diante a escasas distancias. En peor situación están o Viveiro e o Polvorín. Os dous teñen un pé xa na categoría inferior. De feito, o filial do Lugo, que tamén cambiou de adestrador, non logra saír dunha dolorosa quenda de derrotas.

Na categoría inferior, o CD Castro e o Ribadeo FC sobreviven no medio da táboa nunha categoría na que as distancias son tamén poucas agás co líder, o Noia, que saca xa unha



cómoda vantaxe. Os mariñaos e os chairegos, que tiveron un percorrido moi diferente, teñen poucas opcións de poñerse nalgún dos dous únicos postos de promoción, pero si de manterse para o ano que vén. Estao pasando peor o Club Lemos, que sobrevive preto da zona de descenso facendo valer os empates, xa que é o equipo que máis ten dentro da categoría. Xusto por debaixo está o CD As Pontes, club coruñés moi

vinculado á Terra Chá, que xa o ano pasado logrou manterse en Preferente por pouco e que este non logra mellorar posición. Tempada para esquecer é a do Residencia, que non logra saír do pozo do descenso, lonxe polo tanto da sétima posición na que rematou a pasada campaña.

FÚTBOL PROVINCIAL. Nas categorías inferiores, o Pol vai camiño do

ascenso a Preferente, logo de varios intentos nas tempadas anteriores. Aínda non fixo máis que gañar e mantén unha ampla vantaxe cos seus perseguidores, que en primeira liña están Escairón e Chantada Atlético. As malas noticias son para o Portomarín, Milagrosa e Guitiriz, situados na zona vermella.

Na Segunda Galicia, o Pastoricense lidera o grupo Norte, seguido de preto por Vilalbés B, Iberia, San Ciprián e Folgueiro, que ocupan polo momento os postos de promoción. Non volverán á competición ata a segunda fin de semana de xaneiro debido á disputa da Copa Deputación na súa fase previa.

Na parte baixa están Muimenta e Roupar.

No sur, o Oural é o que ten máis vantaxe para chegar ao ascenso directo logo dunha gran primeira parte de Liga. Ao asexo están Friol, Becerreá, Brollón e Antas. O descenso está agora definido para SD Chantada B e Spórting Lucense.

Na Terceira Galicia norte, o Barreiros está destacado na carreira polo ascenso, co Casás, debutante este ano, ocupando o segundo banzo da táboa. As opcións de play off son para Goiriz, Rioaveso, Castroverde e Piringalla.

No sur, os ascensos directos están no Páramo e en Rubián mentres que os postos de play off ocúpanos Sober, Río Sil, Santa Comba e O Corgo.

LIGAS FEMININAS

Esta fin de semana de Reis retomouse a competición feminina, na que PM Friol e Lugo compiten na Terceira Federación, como principais representantes da provincia. As primeiras ocupan unha cómoda sexta praza mentres o Lugo intenta sobrevivir. Custoulle moito ao equipo albivermello recuperarse dunha estrea desastrosa na categoría. Pola súa banda as friolesas están a demostrar un gran estado de forma malia a polémica coa súa adestradora, que segue a sacar resultados positivos deste pioneiro equipo, que estivo de aniversario. Non foi unha boa tempada pola contra para os equipos da provincia nas competicións galegas. O PM Friol B intenta saír do fondo da táboa de Primeira, onde caeu logo dunha mala xeira que foi superada puntuando nos últimos catro partidos antes do descanso. En Segunda, sorte desigual. O San Roque está en postos de ascenso e o Antas nunha zona cómoda da táboa mentres Milagrosa e Chantada pechan as súas respectivas listaxes cun pé na Terceira. A última competición conta cun Lugo B liderando cun pé xa no ascenso mentres Monte Forte e San Lázaro están situados ás portas da promoción. Na zona media loita o Carballedo e na parte baixa a Comercial.

Comeza a Copa Deputación

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo patrocina unha ano máis a Copa Deputación de Fútbol, na que participan 88 equipos de 1ª e 2ª División Feminina, Preferente Autonómica Masculina, Primeira, Segunda e Terceira Autonómica Masculina.

A competición deu comezo este 7 de xaneiro coa Fase Previa para os 56 equipos de Segunda e Terceira Galicia. Os deza-seisavos de final serán o 11 de febreiro, octavos de final o 28 de marzo, cuartos de final o 1 de maio, semifinais o 2 de xuño e a final o día 9.

OUTRAS CATEGORÍAS. Por outra banda, os 22 equipos da Preferente Autonómica e Primeira Autonómica Masculina teñen a fase previa o 11 de febreiro, octavos de final o 28 de marzo, cuartos o 1 de maio, as semifinais o 26 de maio e a final o 2 de xuño. Os 10 equipos da Liga Galega 1 División Feminina

e Liga Galega 2 División Feminina teñen fase previa o 11 de febreiro, os cuartos de final son o 28 de marzo, as semifinais o 2 de xuño e a final o día 9.

Esta competición ofrece aos equipos a posibilidade de participaren nunha competición

de ámbito provincial, con alicientes competitivos diferentes aos das ligas, ao tempo que supón unha inxección económica para os clubs, xa que a Vicepresidencia da Deputación de Lugo premia os equipos por cada eliminatoria xogada (entre 385 e 600 euros) e concede unha contía adicional para os equipos campións e subcampións (entre 3.000 e 5.000 euros).

O vicepresidente da Deputación valorou tamén "a contribución destes torneos á dinamización das localidades que acollen os encontros, xa que o fútbol é un deporte que conta con moitas persoas afectadas".

FASE PREVIA

FRIOL B	2-4	IBERIA
CABREIROS	3-2	MONDOÑEDO
CELEIRO	2-2	ROUPAR
GOIRIZ	0-2	CASTROVERDE
SAN CIPRIÁN	1-1	COMERCIAL
CATRO ROLDAS	2-0	RIOAVESO
FOLGUEIRO	1-2	VILALBÉS B
BARREIROS	1-1	COSPEITO
PIRINGALLA	4-0	ALFOZ
COMERCIAL B	0-5	CANDELARIA
MATELA	2-3	XERMADE
ABADÍN	1-2	PASTORICENSE
RÍO SIL	2-2	CARABALLEDO
RELÁMPAGO	0-4	BECERREÁ
BROLLÓN	3-2	CHANTADA B
TABOADA B	1-4	ANTAS
PALAS	0-0	QUIROGA
FRIOL	1-1	SAN LÁZARO
MONTERROSO B	2-4	OURAL
O PÁRAMO	3-2	O INCIO
CORGO	2-2	FERREIRA
RUBIÁN	0-0	SANTA COMBA
CHANTADA ATL B	4-2	SP LUCENSE
SOBER	0-3	PARADELA

FÚTBOL BASE

Para os xuvenís de competición nacional, a situación é complicada. Tanto o Lugo de División de Honra como o de Liga Nacional están na zona vermella e necesitan remontar para salvar a categoría. Esta mesma situación atravesada o Lugo infantil de División de Honra, mentres que o cadete está na zona alta logo dunha gran primeira fase. Na xuvenil galega o Vilalbés mantense en zona de promoción, mentres que o Viveiro afianzase discretamente no medio. O Residencia está provisionalmente fóra de perigo pero na zona conflictiva e a debutante Sarriana non logra saír do pozo. Nos cadetes, o Lugo B e o Residencia quedan na zona media. Dispar tamén a situación na infantil, na que o Viveiro toca a zona de promoción mentres o Vilalbés e o Polvorín intentan saír do descenso. Nos femininos, o PM Friol cadete está na zona baixa, superado polo Milagrosa. Pola contra, as milagrosistas do infantil están enganchadas á parte alta. Nas provinciais, os da zona norte teñen ao Milagrosa xuvenil moi destacado na loita polo ascenso á Galega. Na cadete, Lourenzá, EF Polvorín e San Roque están á cabeza dos seus grupos para entrar na loita pola categoría superior, e na infantil os privilexiados son Lugo B, Residencia e Milagrosa.

COLABORACIÓN

Pais helicópteros

O PUPITRE



Julio Díaz

Estos pais tratan de asumir unha responsabilidade excesiva nas experiencias, nos éxitos e nos fracasos dos seus fillos. Son pais “comprometidos” coa crianza dos seus fillos e moi a miúdo excédense no que eles entenden como un cariño inmenso e desinteresado. Ocorre moitas veces que este cariño ten efectos negativos no desenvolvemento da personalidade dos seus fillos. Estes pais coñecidos como “pais helicóptero” preocupáanse en exceso pola súa seguridade e polo seu benestar creando unha “burbulla” protectora sobre eles. Se ben a intención é boa, esta

forma de educar adoita levar a unha grande dependencia e inseguridades nos seus fillos. Os pais helicópteros acostuman ser figuras sobreprotectoras que “sobrevooan” constantemente sobre os seus fillos/as para ter un control absoluto sobre as súas vidas.

A sobreprotección enténdese como o exceso do coidado por parte dos pais sobre os seus fillos/as, é unha implicación emocional intensa e constante que leva a unha necesidade imperiosa de control do seu fillo ou filla. Ponse como pretexto as boas intencións de velar pola súa seguridade. Mais, non se pode ter os rapaces illados nunha burbulla, de maneira que pase a ser o centro de todas as atencións, ocultándolle todos os perigos, isto so fai que non se deixe evolucionar, entorpecendo o seu desenvolvemento. En moi-



tas ocasións, os pais fomentan conductas inaceptables e non deixan que realicen determi-


nadas tarefas porque prefiren facelas eles, intentando evitar riscos innecesarios. Pensan que o mellor e facerlles a vida máis fácil e por iso procuran anticiparse a calquera necesidade ou perigo que os rapaces poidan ter.

O que conleva esta sobreprotección é que a maioría das veces xéralles dificultades para cumprir as normas e límites impostos, potencia a desadaptación familiar, prexudica a súa adaptación social e o seu desenvolvemento psicolóxico; estas conductas sobreprotectoras evitan que o neno experimente situacións incómodas, sendo os seus pais os que resoven os problemas sin darlle oportunidade aos/ás nenos/as de defensa por si mesmos, impedindo que exploren e experimenten, evitando así unha magnífica oportunidade de aprender, permitindo que

fagan o que queiran a pesar da existencia de normas e regras. Levar á práctica este supercontrol non deixa que os rapaces evolucionen emocionalmente, afectándolles na súa madurez e impedíndolles converterse en persoas críticas, independentes e autónomas, producindo neles sentimentos de inseguridade. É imprescindible recordar que educar fillos independentes e seguros non significa abandonalos ou deixalos desprotexidos. O que se trata é de atopar un equilibrio entre axudalo e permitirlle desenvolver habilidades para afrontar os desafíos da vida por si mesmos. Os pais debemos estar presentes como guías e proporcionar as ferramentas necesarias para que os nosos fillos adquiran seguridade, confianza e autonomía. Esa é a nosa función.

Un perreo transcendental

CULTURA



Rebeca Maseda

O título do artigo soa a chiste verdade? Pois non o é. Como xestora cultural formo parte de varios proxectos, entre os cales se atopa Ensemble Sonido Extremo. Un conxunto de intérpretes de primeiro nivel -tanto no artístico como no humano especializados/as no ámbito da música contemporánea, da nova creación. Como responsable de coordinación e produción desta maravillosa formación, tiven a honra e o pracer de participar na estrea da ópera “La Paz Perpetua”. Pero antes de contarvos de que vai o asunto, quixera expresar con toda a sinceridade do mundo, o máxico e especial que é presenciar o nacemento dunha nova obra, unha ópera neste caso concreto, onde a sinerxía entre música e literatura se volve perfecta. Un parto artístico sempre é complexo, moitas horas de traballo e preparación -o que a veces tamén se traduce inevitablemente nalgúns mo-

mentos de tensión-, tomar decisións que non gustan a todos/as... En fin, que como xa sabedes, non hai parto sen dor. Iso si, cando xa podemos albiscar o final do camiño e as engrenaxes están a funcionar ben, a lelicia e satisfacción é tal, que as emocións positivas inundan o ambiente, dándolle un sentido a todas as experiencias vividas.

Pois ben, o feliz nacemento tivo lugar o pasado 25 de novembro no Teatro López de Ayala de Badajoz dentro do programa “Ópera Joven”. Dito isto, de que vai “La Paz Perpetua”? Atentos/as á sinopse porque non deixa a ninguén indiferente: Tres cans, Emmanuel (pastor alemán), Odín (rottweiler impuro) e John-John (palleiro) son elixidos polas súas calidades para optar a formar parte dun equipo de loita antiterrorista de elite. Nun lugar secreto sométense a unha serie de probas que decidirán quen dos tres formará parte do K9. A primeira proba mide a súa capacidade olfactiva. A segunda é un exame psicotécnico e a terceira unha entrevista persoal. O condutor das probas é outro can, Casius (labrador), un vello heroe na



loita antiterrorista, cheo de cicatrices e feridas de combate. Con eles atópase unha muller, á que chaman sinxelamente “Humano”. Os tres cans superan con moi boa puntuación as tres probas e deben someterse a un cuarto desafío como desempate. O Humano exponlles un dilema ético e cada can reacciona dun xeito diverso concluíndo nun tráxico final. Non me digades que non é absolutamente xenial...!!! Os creadores desta fantasía de ópera son o compositor José Río-Pare-

ja (Barcelona, 1973) -autor da música- e o dramaturgo Juan Mayorga (Madrid, 1965) -autor do libreto baseado na súa obra de teatro homónima-. Quixera deixarvos por aquí algunhas reflexións interesantes dos nosos protagonistas:

«Desde a primeira lectura de “La Paz Perpetua” sentínome atrapado polas posibilidades musicais dun texto que, a través de tres cans e un conxunto de probas inverosímiles a superar, cuestiónannos sobre o terrorismo, o fráxil equilibrio entre a idealiza-

ción dos obxectivos e os valores éticos, a violencia física ou o uso da palabra, e mesmo a existencia ou non existencia de Deus. A cada parágrafo, novas preguntas

musicais “mordíanme” como compositor á vez que me confirmaban a potencialidade dramática do texto».

«Descubrín as personaxes de “La Paz Perpetua” nun aeroporto, con buceira e correa, atentos a calquera sinal sospeitoso. Ao ver aqueles cans policía, obedientes e ameazantes, pregunteime que pensarían -si: que pensarían- sobre a guerra na que estaban a participar, e decidín compoñer esa peza que aboca á vella pregunta sobre o mal necesario: “Pódese -ou débese- facer un mal para obter un ben?”. Non escribín a obra para responder a esa pregunta, senón para expor-la aos espectadores/as».

Só podo rematar esta humilde homenaxe a “La Paz Perpetua” con estas sabias -e á vez desoladoras- palabras do gran Mayorga:

«Distinguir o xusto do inxusto; iso só pode facelo hoxe o corazón dun can».

A Mariña, un destino consolidado

IDAS E VOLTAS



Carlos Gegúndez

Desprazarse, visitar, coñecer e gozar dunha experiencia única é o ideal, a aspiración de calquera turista. Por esta razón, hai que ter en conta, imaxinar ou intuír o que lle pode gustar ao potencial visitante dun lugar cando se está a deseñar un produto turístico ou se traballa na mellora e promoción dun determinado destino. É algo que a miúdo non resulta doado, nin sequera para o márketing, aquilo que escoitamos algunha vez de tratar de buscar a satisfacción de quen consumé un determinado produto ou servizo. O problema débese a que ese grao de satisfacción depende da percepción de cada individuo, é polo tanto subxectivo. Por iso, cómpre sempre planificar ben e ampliar a oferta pensando en chegar ao maior número posible de segmentos que ofrece o mercado, con independencia da mercadotecnia que obviamente tamén terá que facer o seu traballo. Chegar a un segmento amplo ou a varios segmentos ao mesmo tempo é sempre unha opción recomenda-

ble. Ora ben, sen esquecer que se require tamén unha especialización. Sexa polas iniciativas públicas e privadas, pola inercia do propio mercado ou por calquera outra razón que se nos escapa, o certo é que a Mariña de Lugo está a dar pasos moi importantes nos últimos tempos no eido turístico, nomeadamente naqueles concellos da comarca que limitan co litoral.

Se falamos de recursos turísticos, hai un por excelencia que sobresae entre todos os demais, un destacado monumento natural coñecido xa por case todo o mundo, a praia das Catedrais. Segundo o prestixioso portal *Hosteltur.com* destinado a empresas e profesionais do turismo, o areal ribadense é o recurso turístico de maior impacto entre os que hai no xeo-destino mariñán. De feito, entre os meses de xullo e agosto deste mesmo ano, o devandito portal elaboraba un ránking sobre as dez mellores praias europeas ideais para o baño a partir de diferentes opinións e valoracións de usuarios na rede, a praia das Catedrais, da que tamén se indicaba que era a máis buscada polos usuarios de internet agromou entre as rexistradas neste decálogo. Por certo, entre a ducia de areas selecciona-



dos estaban incluídos outros dous españois, *Ses Illetes* en Formentera e a praia da Concha en Donosti. No tocante ao número de prazas de aloxamento ofertadas en Galicia e segundo a mesma fonte de información, Viveiro aparece á cabeza con 3349, un número practicamente igual ao da capital, xa que Lugo conta con 3356. Os tamén mariñáns de Ribadeo, Foz e Barreiros con 2849, 2811 e 2716, respectivamente, tamén figuran entre os vinte primeiros concellos de Galicia. Todos os xa citados están moi lonxe do primeiro posto que ocupa Sanxenxo con 24758 prazas, sendo Compostela o se-

gundo con algo máis de 13000 e Vigo o terceiro no podio dos oferentes con 10434. Por outro lado, a cidade do Landro foi tamén un dos destinos preferidos polos viaxeiros residentes no Estado español durante o pasado verán, sendo Sanxenxo, Vigo e Viveiro as tres cidades galegas que foron tendencia entre os denominados destinos domésticos escollidos polos viaxeiros, datos tamén fornecidos pola mencionada páxina de internet.

Todos estas estatísticas ofrecen unha idea clara do posicionamento da Mariña como destino de sol e praia, a pesar de que a climatología non sempre é a máis favorable. A nebulosidade e mesmo a chuva adoitan aparecer durante a etapa estival en repetidas ocasións, mais as temperaturas xerais son moderadas e iso hoxe en día, como xa sinalai hai varias semanas, é un activo impagable que inflúe en moitos viaxeiros, que foxen das zonas cálidas cara a latitudes máis setentrionais e frescas, con menor presión demográfica, ou sexa, menos saturadas, recoñecendo que o fluxo turístico ten medrado de xeito considerable estes últimos anos.

Ora ben, o éxito turístico da Mariña non obedece unicamente a

tipoloxía sinalada con anterioridade, ten que ver e moito coa súa beleza paisaxística e cun excelente patrimonio natural, tamén cos seus recursos patrimoniais, algúns dos mellores están cara o interior, exemplos claros son o convento de San Salvador e a Catedral de Mondoñedo.

A Mariña lucense como produto turístico é case inigualable se valoramos o xeo-destino no seu conxunto, observamos múltiples tipoloxías: sol e praia, natureza, cultural, etnográfico, gastronómico e mesmo arqueolóxico. Hai outras que aínda están por explorar como a industrial, a fábrica de Sargadelos, no concello de Cervo iniciou timidamente este camiño no que aínda queda moito por traballar.

Esas terras do norte de Lugo que confinan co cantábrico teñen capacidade para darlle ao turista alternativas de lecer con independencia da estación do ano na que nos atopemos e de que a climatología sexa máis ou menos favorable, a Mariña é diversa como a propia provincia da que fai parte, un destino consolidado que aínda garda debaixo da manga potenciais recursos turísticos e experiencias inesquecibles para quen as queira descubrir.

TELÉFONOS DE INTERESE

ALFOZ
 Concello: 982 55 80 01
 Garda Civil: 982 57 40 30
 Centro de Saúde: 982 55 86 97

BARREIROS
 Concello: 982 12 40 02
 Garda Civil: 982 12 41 94
 Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

BURELA
 Concello: 982 58 60 00
 Policía Local: 982 58 62 11
 Garda Civil: 982 58 57 05
 Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29
 Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00
 Capitanía Marítima: 982 57 51 53

CERVO
 Concello: 982 55 77 77
 Policía Local: 615 52 10 52
 Garda Civil: 982 58 57 05
 Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

FOZ
 Concello: 982 14 00 27
 Policía Local: 982 13 36 40
 Garda Civil: 982 14 04 44
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85
 Agencia Tributaria: 982 13 35 12

LOURENZÁ
 Concello: 982 12 10 06
 Garda Civil: 982 52 19 05
 Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

MONDOÑEDO
 Concello: 982 52 40 03
 Policía Local: 982 50 70 40
 Garda Civil: 982 52 19 05
 Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

OUROL
 Concello: 982 55 91 09
 Garda Civil: 982 56 10 39
 Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

PONTENOVA, A
 Concello: 982 34 22 77
 Garda Civil: 982 34 22 22
 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

RIBADEO
 Concello: 982 12 86 50
 Policía Local: 982 12 86 50
 Garda Civil: 982 12 80 48
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

RIORTORTO
 Concello: 982 34 62 22
 Garda Civil: 982 34 22 22
 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

TRABADA
 Concello: 982 13 50 11
 Garda Civil: 982 34 22 22
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

VALADOURO, O
 Concello: 982 57 40 00
 Garda Civil: 982 57 40 30
 Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

VICEDO, O
 Concello: 982 59 00 02
 Garda Civil: 982 59 01 81
 Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

VIVEIRO
 Concello: 982 56 01 28
 Policía Local: 982 56 29 22
 Policía Nacional: 982 56 17 11
 Policía Nacional cita DNI: 060/982 57 06 62
 Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

XOVE
 Concello: 982 59 20 01
 Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24

TELÉFONOS DE INTERESE

	Emerxencias: 112 Urxencias Sanitarias: 061	Incendios Forestais: 085 Garda Civil: 062	
--	---	--	--

www.amariñaxa.com



Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

redaccion@amariñaxa.com

Edición: PRENSA DA MARIÑA S.L.
 Dirección: Diego E. García Puente
 Teléfono: 661 464 323
 E-mail: redaccion@amariñaxa.com
 Impresión: Tameiga Publicacións SL
 Dep. Legal: LU 5-2019
 ISSN 2660-4493

Teléfono 661 464 323

DE RUTA EN RUTA

O Vicedo: ruta da costa

Esta ruta está homologada pola Federación Galega de Montañismo como Pequeno Percorrido Galego, PR-G 156

Esta ruta lineal, descóbrenos a través de camiños e estradas, a espectacular costa litoral do Concello do Vicedo, con marabillosas praias, cantís, dunas, furnas e miradoiros naturais. Saíndo do porto de O Vicedo teremos a oportunidade de contemplar a fantástica paisaxe costeira, observando moitas aves e coñecendo a illa Coelleira, as praias de Area Grande, Xilloi, Caolín, Vidreiro, a Igrexa de San Estevo e antiga Fábrica de Salazón.

VALORES NATURAIS. Comeza preto do porto pesqueiro, continuando a liña de costa e pasando por varias praias como a de Vidreiro para, posteriormente, pasar preto do faro de Castro e chegar a Caolín, pequena cala cunha area branca moi bonita. Esta costa é parte de dous Espazos Naturais, o ZEC (Zona de Especial Conservación) e ZEPA (Zona de Especial Protección para as Aves) Costa da Mariña Occidental que alberga importantes valores naturais.

A ZEC protexe a estreita franxa de costa, praias, cantís e dunas que



están expostas ao mar aberto. Acolíen unha interesante vexetación de cantís mariños coa presenza de varias especies únicas como as herbas de namorar e outra vexetación valiosa das dunas. Mentres a ZEPA protexe principalmente a franxa mariña acollendo interesantes aves mariñas como o pilro tridáctilo, o pilro escuro, o corvo mariño cristado, o carrán común e o mazarico real, sendo ademais especialmente importante pola poboación reprodutora de gabita que actualmente só nidifica nesta costa en Galicia.

HISTORIA E PATRIMONIO. A praia de Caolín, debe o seu nome a un antigo lavadoiro de caolín asentado moi preto dela. Preto da praia poderemos ver unha antiga fábrica de salgadura, que tivo o seu auge no século XIX e primeiro terzo do XX. Este sistema de tratamento do peixe, sardiña maioritariamente, foi moi importante para permitir a súa conservación no tempo e

por tanto a súa comercialización. Destacable foi a organización do traballo xa que as mulleres incorporáronse masivamente a esta actividade.

En todo o percorrido pasaremos por diversas aldeas que conservan interesantes mostras de arquitectura popular.

Despois o carreiro segue un camiño tendido pola costa ata chegar a un desvío, previo á praia de Xilloi que nos leva ata a Igrexa do Vicedo que foi reformada no ano 1794. O seu retablo maior, neoclásico, presenta a lapidación de Santo Estevo. Segundo a tradición, a posta baixo o padroado deste santo nace dunha lenda que conta que unha noite de gran temporal apareceu un cadro coa imaxe do santo na praia de Xilloi, no lugar coñecido como "altariño". Os veciños puxeron o cadro sobre un carro de bois, deténdose, xusto, no lugar onde se construíu a igrexa.

Continúase pola costa para chegar ao miradoiro e punto máis próximo



desde a costa á Illa Coelleira, de gran interese ornitolóxico xa que moitas aves como o corvo mariño cristado aniñan con total tranquilidade.

A continuación, o carreiro vai alternando costa e montaña até chegar á escondida praia de Toxido. Desde ese punto o camiño segue a liña li-

toral para chegar ao miradoiro de San Román, desde onde hai unha impresionante vista sobre a Ría de Viveiro.

A continuación, empréndese a baixada á praia de Area Grande, desde onde se ve unha cruz de 5 m. que lembra un antigo naufraxio, chegando ao final da ruta.

DATOS



5 horas



13 quilómetros



Dificultade media

HOMOLOGACIONES MARÍTIMA

- FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- BUQUES DE PASAJE
- FORMACIÓN BÁSICA EN PROTECCIÓN MARÍTIMA
- FORMACIÓN DE BOTES
- AVANZADO CONTRA INCENDIOS
- ACTUALIZACIÓN: FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- ACTUALIZACIÓN: AVANZADO EN LUCHA CONTRA INCENDIOS

CENTRO HOMOLOGADO PARA IMPARTICIÓN CURSOS MARINA MERCANTE
MINISTERIO DE TRANSPORTES MOVILIDAD Y AGENCIA URBANA



GRUPO FORMAT
formación integral de empresas
para información sobre más formaciones:
www.grupoforma-t.com
TEL.: 982 513 605